

REAL ACADEMIA GALLEGA

UN PAIS E UNHA CULTURA
A IDEA DE GALICIA NOS NOSOS ESCRITORES

DISCURSO LÍDO O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 1960
NA SUA RECEPCIÓN PÚBLICA POR

D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

E RESPOTA DE

D. RICARDO CARBALLO CALERO



ARTES GRÁFICAS GALICIA, S. A.

1973

ACADEMIA
GALLEGA
BRUÑA

60

teca

REAL ACADEMIA
GALEGA

A CORUÑA

36460

Biblioteca

R 7066



Biblioteca



Bibliothèque

REAL ACADEMIA GALISTA

UN PAIS E UNHA CULTURA
A IDEA DE GALICIA NOS NÓSOS ESCRITORES

REALIZADA POR O CONSEJO DE INVESTIGACIÓN DE LINGÜAS
DA REAL ACADEMIA GALISTA

D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

E EDITADA EN

D. RICARDO CARBALLÓ CALERO



GRÁFICAS GALICIA, S. A.

1973

A IDEA DE GALICIA NOS NÓSOS ESCRITORES
UN PAIS E UNHA CULTURA

REAL ACADEMIA GALLEGA

DISCURSO

UN PAIS E UNHA CULTURA

A IDEA DE GALICIA NOS NOSOS ESCRITORES

DISCURSO LÍDO O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 1960
NA SUA RECEPCIÓN PÚBLICA, POR

D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

E RESPONSTA DE

D. RICARDO CARBALLO CALERO



ARTES GRÁFICAS GALICIA, S. A.

1973

REAL ACADEMIA GALICIA

UN PAIS E UNHA CULTURA
A LUTA DE GALICIA NOS DIAS DOS ESCRITORES

D. FRANCISCO X. BARRAL, DIRECTOR

D. RICARDO A. BARRAL, EDITOR



Depósito Legal VG - 26 - 1973

I.S.B.N. - 84 - 600 - 5601 - 5

Artes Gráficas Galicia, S. A. Burgos, 96. VIGO

DISCURSO

DE

D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Tras de esto, como es lógico, se debe considerar el papel que ha jugado el libro en la vida cultural de España, y en particular en la vida intelectual de la juventud.

El libro, como ya he dicho, es un libro de carácter popular, y su lenguaje es sencillo y claro. Pero, a pesar de esto, es un libro que ha ejercido una gran influencia en la vida intelectual de España, y en particular en la vida intelectual de la juventud.

Esta influencia se ha ejercido de una manera muy directa, y ha sido el resultado de una serie de circunstancias que han favorecido su difusión.

Una de las causas principales de esta influencia ha sido el hecho de que el libro ha sido traducido a los principales idiomas europeos, y en particular al francés, lo que ha permitido su difusión en un gran número de países.

Otra de las causas principales de esta influencia ha sido el hecho de que el libro ha sido adoptado como texto de estudio en un gran número de universidades y escuelas de España y del extranjero.

DISCURSO
DE
D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Señores Académicos:

Convocado pola vosa xenerosidade que, dende logo, é moito meirande que o meu dereito e inda que a miña ousadía, eiquí me tedes diante de vós, ás costas os meus andidos méritos, o meu ruín bagaxe.

Traíme a ista Casa —decraro o que todos sabedes— máis a vosa liberal dádiva que o meu escorregado merecemento. Entendo así que si o meu valor é mínimo, é a min a quen corresponde amedralo, sabendo agradecer o favor que me dispensades.

Eiquí estóu, pois, —obrigado— na vosa presenza, e disposto, con farta preocupación, a me faguer acreedor á confianza que en min poñedes, chamándome a suceder a Florentino López Cuevillas, home ilustre por tantos conceptos que eu enxamáis acadaréi.

Dúas figuras próceres me antecederon como titulares diste sillón 8 que veño ocupar. Ambas e dúas me aterrecen e preocupan coas súas groriosas sombras, que son xa carne da historia, pastoradoiro da mesma historia, dende o encosto da cadeira que a vosa magnanimidade me ten desinado.

O meu máis vello predecesor, o meu abó nista Casa, é Uxío Carré Aldao. Historiador da nosa literatura, da imprensa, do xornalismo e do teatro galegos, ten sido exempro vivo i edificante do que ven ser unha total entrega ao servico do país natal. Non foron só os seus valiosos traballos de pescuda, os seus estudos eruditos, os seus poemas e prosas literarias. Foi tamén aquel alento aglutinante e dinamizador co que enchéu a atmósfera galeguísima da súa “Librería Regional”; a daquela “Cova Céltiga” á que compre referirse sempre cando se tencione historiar o desenrolo da nosa cultura contemporánea.

Carré Aldao ten sido un dos membros fundadores dista Corporación, e quen, no ano 1905, estrenou o sillón que agora me acolle. Durante dazasete anos consecutivos, ate a súa morte acaescida no mes de nadal do 1932, o autor de “Brétemas” deu abondosas i espresivas probas de eficacia traballadora, como numerario da Academia que contribuíu a fundar.

O seu sucesor, Florentino López-Cuevillas Alonso, é o segundo ocupante deste sillón 8. I é mesmamente curioso que tamén o ocupase durante un período de tempo idéntico: Os dazasete anos que van dende a toma de posesión, verificada no 1941, hastra o ano 1958 no que se finóu.

A lembranza e outo exempro dos dous homes ilustres que me precederon, inda aboian —e que siga sendo, pra leición de todos— no sereo ámbito desta Casa.

Da persoalidade cuio valeiro veño —mirrado— a cobrir, fá-lase repetidamente no corpo do discurso académico que ofrezco á vosa atención. Pero inda sendo así, compre que deseñe arestora algúns trazos conformadores da súa rexa contextura intelectual.

Nacéu Cuevillas en Ourense, no ano 1887. Licenciouse en Farmacia na Facultade de Santiago, e ingresóu despois na burocracia. Emprinciou Filosofía e Letras en Madrid e, por cabo, na súa cidade natal consagrouse como investigador.

Ao longo dunha vida adicada con extraordinario entusiasmo ao traballo, fixo obras que son fundamentais pra comprender a alma de Galicia, e pra seguir os itinerarios moimentais, etnográficos e artísticos do noso país. Acometéu a empresa de catalogar os castros galegos; escribiu notabres monografías sobre xoias e armas daquelas épocas; rastreou creencias e costumes populares, e andivo tras dos ronseles das relixións e ritos primitivos. E velahí están os seus estudos sobre a Mansión de Aquis Querquerenis, a Cidade de San Cibrán de Lás, os torques do Noroeste hispánico, a área xeográfica da cultura norte dos castros, as relacións prehistóricas dos fisterres atlánticos, os caracteres da nosa cultura megalítica, o paleolítico en Galicia, e ducias deles máis.

Débeselle, sobre todo, ao grande investigador, a sistematización da prehistoria galega, cuias liñas fundamentais deixou trazadas, sin que deica agora teñan sido suxeitas a revisión. “A Edade do Ferro na Galiza” e a “Civilización Céltica en Galicia”, constituíen inequívoca proba de atal afirmación.

Andivo, asemade, os camiños da pescuda etnográfica e folclórica, faguendo papeletas e recollendo notas, na bisbarra verinense, na Barbanza, na Vila de Calvos de Randín; ou estudando o culto das fontes no noroeste hispánico, e o significado enolóxico das fíbulas castrexas.

Compre sinalar aínda o importante traballo, realizado con método e amor, que leva o título de “Parroquia de Velle”, no que Cuevillas puxo a proba a súa grande capacidade de estudoso.

E queda a abondosa laboría de ensaio e de prosa literarios, que o escritor foi esparexendo por revistas e xornais. Case todo iste labor literario de Cuevillas amosa unha dobre vertente: dunha banda, a do pesimismo suscitado polo avance da desgalguización no país; doutra, a dunha fé inabalábele en que as esencias galegas se non perderan enxamais.

O escritor aproveita o ensino das vellas culturas que precederon á historia, e a leición meieval; mergúllase na visión da paisaxe e da vida galegas, no campo e na cidade; e pinta logo o cadro dunha Galicia ideal, ategada de valores i enerxías. Ise cadro modélico preséntao como aguillón pra as xentes cansas que anxeian pra o seu pobo un porvir de vida próspera. Porque pra Cuevillas, Galicia é unha perpetua esperanza de renacencia: Algo como Brumilda durmida no seu leito de pedra e arrodeada de chamas, en espera dun Sigfrido que a esperte e a faga andar polo seu verdadeiro camiño.

Dun xeito reiterativo, o prehistoriador ourensán ten afirmado que Galicia conta con fartura de caracteres de seu, que a individualizan e que son visíbeles dende moi antergo; probabelmente dende que os primeiros seres humáns chegaron aos seus vales.

Pódese decir que Cuevillas pasou a súa vida enteira lembrando a Galicia i esperando de Galicia. A esculca nos textos literarios que saíron da súa pluma, amóstranos que o atraguían, así como a paisaxe e o mundo nela mergullado, as almas homildes e iñoradas dos labregos. No pobo labrego estudaba os costumes, e as léndas e a fala. Pero tamén foi percurar nos poetas e nos artistas, o cerne da galegitude.

Florentino Cuevillas amou como poucos o idioma natal, e nos seus escritos fixo gala dunha grande riqueza léxica e dun espresivo rigor sintáctico. Amou a fala propia, e ao seu intelixente cultivo adicoulle meritorios esforzos. Andivo a percurar sempre as esencias galegas, namentras outros se desvivían por imitar as modas estranas. A reorgaización material i espritoal do seu país ten sido pra il, dende os anos mozos, o cabo dos seus soños.

No orde persoal soupo conciliar as obrigas de funcionario perfecto, cunha prodixiosa aitividade inteleitual. Axil, incansábele, sorridente, traballaba arreo, e viviu sometido a un horario imperturbábele. Ten de sabérese, ademáis, que, sobre toda esa aitividade, desenrolaba unha vida social intensa; porque foi decote un home que ten gostado da conversa e do contaito humán. Era exempramente sinceiro e cheo de bondade. Como amigo se non podía desexar un home máis amábele, máis tolerante, máis distinguido, dun trato máis cómodo i elegante coma o que ofrecía o seu contaito. É seguro que todos os amigos de Cuevillas coidan que a súa amizade ten ilustrado a súa esistencia, e ten contribuído a faguela plausíbele e facedeira.

Eis, en grosos trazos, o releve da figura a quen veño suceder. Figura que, por outra beira, acadou outo prestixio nos centros científicos españoles i estranxeiros. Pertescía á Academia da Historia, á Asociación de Arqueólogos Portugueses de Lisboa, á Sociedade Martíns Sarmiento de Guimarães, ao Instituto Arqueolóxico de Berlín, e a varios orgaísmos máis. Era, doutra banda,

Presidente da Comisión de Monumentos de Orense, e Delegado do Servicio Nacional de Excavacións.

E dito isto, tócame agora, seguindo o orde do discurso, que bó habería de resultar noutro, que non en min, entrar no estudo do tema proposto: "*Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores*".

PROLOQUIO

A partir do século dazanove emprincipia a deseñárese en Galicia —na súa literatura culta— unha preocupación polo país e as súas xentes. O mundo galego era daquela un mundo tolleito, inerte. Frente ao esmorecemento da vida espritoal propia, comenzan a xurdir homes adonados da vontade de que Galicia viva unha vida de seu. Homes dispostos a vencellárese en feixe pra dar o topeñazo a un punto de porvir, abrir nil un portelo, e salvar asina a continuidade da caste. Queríase que o país abalase a parálise que o mantiña estantío e resiñado, e pra eso tencionaron o ensaio de o ceibar da petrificación.

Os homes que inician a tarefa do rexurdimento, amosan unha aitude de respecto e comprensión da nosa propia e persoal realidade. Porque os seres que desprecian a realidade que lles pertesce, non poden estimar esencialmente nada, nin teren nils nada de verdade. As súas ideas, os seus aitos, as súas palabras, acadarán soio unha calidade ilusoria: non serán enxamáis o que aparentan seren.

Velahí como as minorías que encetan primeiro, e desenrolan despóis, a obra restauradora do noso espírito peculiar, afincan o seu esforzo na realidade que os arrodea. A súa preocupación ven determinada por un encarárese coas angueiras da vida popular, e por un anxeo de esculcar nos problemas latexantes que a terra sofre. Trátase ás veces dunha literatura política, que loita por uns principios e impulsa cara unha meta proposta. Noutras, dun tema literario que decanta unha anguria vital e íntima. Nace coa cobiza de que o país esperte dun sono de séculos, e percuire un camiño de seu.

Os poetas, os historiadores, os creadores literarios, os ensaistas, os ideólogos, mergullándose nas esencias do pobo —na súa historia, nos seus costumes, na súa fala, no seu sentir— teiman soerguer a ialma do país. Algúns teñen enlevado somentes a punta do véo; pero outros, os que logo viñeron chegndo, fórono descorrendo de todo. Desalentados ou cheos de espranza, pesimistas ou animosos, melancónicos ou entusastas, dannon estes escrito-

res, nas súas páxinas, a pregunta e a confesión que Galicia se ten feito a traveso diles.

Todos eses homes, que parten de diversas encrucilladas e toman diferentes aitudes, amósanse xunguidos por unha derradeira e cerne paixón galega, que fai do seu desacougo un motivo literario de fidelidade á terra natal. O tema desta paixón céntrase nun problematismo arredor do ser de Galicia. Ao decorrer iste tema da preocupación de Galicia na obra dos escritores que integran os sucesivos agrupamentos promocionáis, vaixe desenrolando evolutivamente. Pero non soio eso, sinón que, como as augas dun regueiro, axéitanse aos desnivéis do terreo e arrastran canda sí a terra dos eidos que cruzan; van plegándose ao perfil de cada época, que lle impón a súa aitude vital e o condicioa coa súa mentalidade, namentras cada home lle calca o seu ronsel persoal.

Tencionamos, nas páxinas do presente estudo, remontar a corrente dese pensamento, das ideas que, encol do seu propio país, foron artigoando no andar do tempo os escritores da renascencia galega. Dende logo, renunciámos a faguer unha obra eshaustiva, pra tomar os intres esenciais cunhas cantas amosas dos autores máis representativos. Non imos realizar un traballo erudito. Só un estudo panorámico no que esteñan inxeridas as opinións dos autores participantes no noso rexurdimento cultural, dun xeito que lles faga amostrar o seu perfil coherente e a súa traieitoria.

Os primeiros precursores, os que se corresponden coa etapa do chamado movemento "provincialista", dediante do atristurado espeitáculo do vivir galego sinten pulos reformadores. E o seu rexeneracionismo trócase nunha visión amorosa de Galicia, nunha arela de restauración do espírito do pasado amecida á cobiza ideolóxica dun novo futuro. Pero en todo isto hai algo de neboento, de indeciso, de falla de craridade programática. Os poetas, tarados de pintoresquismo, cantan as virtús da vida popular e láianse ou protestan dos aldraxes que a Galicia se lle infiren. O seu amor ao peculiar, incítaos a recoller do pobo a fala viva. Si a língoa como instrumento de cultura tiña sido arrombada nun abandono secular, conservábase viva na boca do pobo, coa mesma enxebre e inxel continuidade con que a fontela mana das crebas da peneda. E aló foron os poetas a percurar a fala virxe, templada no medoñento tremer das augas frías. No xérmolo poético da renascencia había, mesmamente, máis desafogo costumista que calidade lírica. Pero o camiño pra devolver os nosos pensamentos ao berce onde naceron, estaba encedado.

A xeira que ven despóis, é a presidida pola teoría do "rexionalismo". Agora, a idea restauradora dos valores autóctonos deséñase en máis seguro esquema. Fálase xa de concencia dunha

persoalidade cultural propia de rasgos definidos; dos vargos xeográficos, lingüísticos i étnicos, que configuran o ente natural que é a rexión. O labor se non reduce a presentar a aparencia fuxidía do país, sinón que se resucita a súa xenealoxía: a súa fisonomía e a súa xénese. Percúrase adentro, na fonte orixinaria; diríxese a ollada aos puntos que foron berce da nosa persoalidade. Os homes do rexionalismo mergúllanse no pasado galego, sin se afogar nil. Reproducen a sensibilidade do pretérito, pero empregan os órgaos sentimentáis do seu tempo pra faguela percibir. É o intre no que as grandes figuras líricas, superada a literatura costumista, dan ao galego, na creación poética, unha valencia universal. Percurando a Galicia no seu corpo, chegan á arte da paisaxe e a afondar na ialma verdadeira da terra e das súas xentes. Por outra banda, resoven o probrema do anovamento literario na sinceridade, en decir con naturalidade o que pensan e sinten.

Parelo a iste feito rehabilitador do galego como idioma poético, empréndese a tarefa de reconstruír o prestixio do pasado histórico, coa cobiza de espertar a conciencia adurmentada do país.

Por cabo, nunha derradeira etapa, aberta polas "Irmandades da Fala" e completada polo grupo "Nós" e o "Seminario de Estudos Galegos", desenrólase un ciclo espritoal, cuio verdadeiro eixo céntrase na ambición de acadar pra o idioma galego un significado cultural e social pleo e totalizador. Pra os escritores diste derradeiro movemento da nosa renacencia, Galicia ten unha mentalidade de seu nidamente diferenciada. Mentalidade é un xeito de tomar a vida, que se refrexa nun artellamento espritoal conscente, nuns costumes específicos, o prevalecemento duns intreses e dunhas paixóns, a criación dunha idiosincrasia popular. Pero a espresión desa mentalidade ten o seu cerne na língoa. A fala foi faitor decisivo na formación do pensamento e da sicoloxía galegas. Emporiso lle atribúen ao idioma un papel sustantivo na obra recostructora da espritoalidade do país.

Os membros aituantes diste novo ciclo da nosa cultura, do corpo de Galicia —que teñen procurado onde era máis alma— van ao seu esprito: á súa literatura. Comezan a revisión e revitalizamento dos autores meieváis, o seu achegamento á sensibilidade moderna, a súa resurreición. E por mor deso, poden enrequecer o seu léxico pra se espresar axeitadamente en todos os eidos da cultura. Consideran, doutra banda, que Galicia soio foi orixinal, intensa e persoal, namentras tivo sensibilidade pra o europeo. Eis por qué, dende o primeiro, se propuñeron dar ás súas criacións unha estreitura verdadeiramente europea e moderna.

Todos iles esculcan na raigaña da nosa historia, e interprétana conforme a un mesmo esquema. Todos esaltan a valencia universal e a leda mocidade da Galicia primitiva; todos enxui-

cian con noxo evidente, a política desgaleguizadora; todos dexergan na desfeita da espritoalidade autóctona a conseqüencia dun apego teimudo e suicida ás formas estranas; todos soñan nunha nova idade da cultura galega, na que ista sería, conxuntamente, fidel a sí mesma e á altura do noso tempo.

— I —

ALBADA ROMANTICA

Do fenómeno romántico tense dito xa canto compre decir. Non é cousa, pois, de voltar eiquí sobre tema tan trillado nun orde xeneral de consideracións. Pero convén, en troques, a referencia alusiva a algúns dos seus rasgos, en canto istes rasgos acretan un ecoar na obra restauradora da vida espritoal galega.

O Romantismo —como alguén afirmou— é o berro dos que, sendo disparellos, esaltan o dereito a ser diferentes, a fuxir do módulo uniforme. Prefírese o típico ao arquetípico, o folklore ao gay saber, o pintoresco ao liñal. Adórase o pasado e, de súpeto, as ruínas adquiren un engado imprevisto. Comeza a afición aos vellos moimentos, aos costumes tradicionais, ao saber popular, e á paisaxe como espektáculo.

Doutra banda, o romantismo herda do mundo neoclásico a admiración polo progreso humano. Na derradeira, o romantismo non é máis —en frase de Victor Hugo— que o liberalismo en literatura. Inda que a área do romantismo, según Allison Peers, atópase dividida en dous campos: o tradicionalista, que preside Walter Scott, e o revolucionario dirixido por Byron.

Fora do dito, hai que anotar que a poesía romántica emprega a palabra pra espresar sentimentos; non conceptos, non cousas, sinón efectos. O polo conceitual da palabra fica reducido á condición de estimulante pra un sentimento.

Todos eses ingredientes da nova sensibilidade espaxada por Europa adiante, afinan tamén entre nós, i eiquíalcontran intérpretes que lles dan acobillo, refrexándoos logo con voz do país nun intre dado.

Galicia —ben sabido é— constitúe unha unidade social con persoalidade cultural de seu, e craramente definida. A partir do século quince, Galicia foi desposeída desa persoalidade. Pero conservóu as súas esenciaas a traveso da cultura popular, que se mantivo coherente e vivaz nas lembranzas do seu pasado histórico, enxamais esquecidas. As correntes románticas do dazanove viñeron a enfortecelas. O fondo cultural popular e os vellos mitos, singularizadores da vida espritoal galega, cobran daquela novos pulos, i emprincipíase así un intenso rexurdimento da cultura autóctona.

Mais o romantismo tiña, ademáis, neste noso antigo fisterre, un eido abonado onde se manifestar, si consideramos o temperamento e a tradición da caste que o habita. Dixoo con agudas palabras Vicente Risco:

O noso parentesco étnico é, principalmente, cos pobos británicos; mais a civilización galega, cando a houbo —dende Xelmírez aos Reis Católicos— foi unha civilización francesa. Temos dos británicos o “humorismo”; temos dos franceses o “senso crítico”; temos nosos o “lirismo” e a “saudade”. Tres coalidades istas, que caracterizan a ialma romántica. Craro que entendido o romantismo no seu senso verdadeiro, de xeito alemán, de xeito británico; non no da “esaltación paixoal” á que en España se lle diu aquil nome.

Dentro da conceición risquista, o romantismo veu ser a primeira insurreición do espírito nordatlántico contra do espírito mediterráneo. Foi co romantismo co que rexurdíu a cultura galega. I é que a nosa raza é unha raza de temperamento romántico. “Os galegos somos románticos por herdo racial —o sangue celta— e por imposición da terra: terra atlántica, de chuvia e de brétema, de frora paleártica... Ao temperamento vense xuntar unha tradición romántica que se apalpa no folklore, de tipo predominantemente centro e nordeuropeo. E inda máis: Galicia é latina, pero latina da Edade Meia, latina da *ínfima latinidade*, que espresaba en latín ideas moi diferentes, ás veces opostas, ás ideas clásicas ...O idioma galego, como moitos libros meievais, é *o romantismo posto en latín*”.

Veleiqué, pois, unha predisposición temperamental e tradicional que ven casar axeitadamente coas correntes anovadoras que de fora chegan. A traveso dos seus canles, a vella cultura do país emprincipia a súa refeita. E como meio de expresión pra se manifestar, recolle do trollo e da corredoira onde caíra, a antiga fala da cultura. Porque tamén no orde idiomático, o romantismo revelóu un criterio. A causa da diversificación dos pobos se non debe a causas esternas. Tivo que ser espritoal. I é Schelling quen dí resultar verdadeiramente estrano que unha cousa tan doada se non teña advertido decontado. Porque non cabe pensar en pobos difrentes sin lingoas difrentes, e a lingoa é, por certo, algo espritoal. “Si antre as diferencias esternas —e a ilas pertesce o idioma por unha das súas caras— é a lingoaxe o que máis íntimamente diferencia aos pobos, deica o punto de que soio aquiles pobos que falan distintos idiomas son en realidade distintos, se non pode afastar a xénese das lingoas da xénese dos pobos”.

“Cada pobo —prosigue o filósofo romántico— existe como tal, só dende o intre que ten decidido e fixado a súa mitoloxía”, á que se axustan dócilmente as formas do idioma. A incapacidade de se entender é o síntoma auténtico no que os homes perciben a súa diferencia étnica. Se non entenden porque falan lingoas

diversas; pero falan linguas diversas porque pensan de diferente xeito.

Semella cousa certa que o que distingue aos pobos é unha diversa orientación radical do espírito. Cada pobo é unha mitoloxía diferente, un repertorio escrusivo de xeitos inteleituáis e afectivos, i é na fala propia na que istes xeitos singularizadores se expresan. Así puido decir Ortega, xa con visión do noso tempo: O tránsito a outro idioma se non pode executar sin previo abandono da nosa persoalidade, e, polo tanto, da nosa vida auténtica. "Pra falar unha lingua estrana, o primeiro que fai falla é voltárese durante un tempo máis ou menos imbécil; acadado isto pode ún verbalizar en todas as falas do mundo sin dificultade maior."

Pra resumir: A sensibilidade nova traguida polo romantismo, favorece en Galicia o culto aos valores tradicionais, o amor á cultura popular, a devoción polo pasado histórico, e a revalorización da lingua cando menos como instrumento de expresión poética.

O feito é que, antremedias da labarada liberal e romántica, da ventoleira das ideas novas, a conciencia galega espertaba un pouco asombrada de sí mesma...

O ESPRITO PROVINCIAL

Aínda non chegara a se promeiar o século, e xa temos figurando no esceario galego aos primeiros románticos. Veñen informados, en conxunto, pola dobre corrente —tradicionalista e revolucionaria— da que fala Allison Peers. Eis por qué na súa obra se misturan o afervorado amor ao pasado e a ideoloxía progresista. As voces sementadoras que alentan a laboura de recobración da nosa cultura, espárense un vocábulo deica entón inédito no país: o vocábulo "provincialismo". Santiago ven ser a capital do novo movemento, na que os máis destacados dos seus membros coinciden nalgún intre: nas aulas universitarias, no Liceu de San Agostiño, ou nas páxinas dos xornáis como "El Idólatra de Galicia" i "El Recreo Compostelano".

Neira de Mosquera testemuña que foron Faraldo, Díaz de Robles e máis il, quenes emprinciaron a tarefa de restaurar o "espírito provincial"; os que "empuxaron á súa xeneración en procura dun ideal misterioso, cúa natureza nin aínda hoxe nos estrevemos a definir cantos peleriñamos polos mesmos vieiros". Nefeito, é mesmamente neboenta a meta que os primeiros precursores persiguen, como tamén é pouco nidia a visión da Galicia que ensoñan. Pero hai no seu esforzo un baril espertar, un amor innegable polas cousas que nos individualizan, un anxeo de alcontrar solución aos probemas que afrixen ao pobo.

Na ringla que compoñen eses precursores, os de máis acusada persoalidade son os propios Antolín Faraldo e Antonio Neira

de Mosquera, o poeta Alberto Camino e o historiador Benito Vicetto.

Faraldo é o ideólogo do grupo, o home que primeiro chega a espresar —inda que con moi relativa precisión— a tese dunha Galicia con personalidade histórica. O seu provincialismo, misturado de progresismo, de revolucionarismo e soño, adianta algunhas intuicións, algúns pensamentos axeitados arredor da rehabilitación do seu país. Pero sin que a súa angueira da *grande obra* —“as ideas e os sentimentos dos nosos compatriotas forman a base da grande obra”— acade contornos definidos, coherencia, sustantividade programática. En “El Idólatra de Galicia”, nado co ouxeto de “espertar a emulación dos mozos contemporáneos do noso país”, e no que se inxiren os máis diversos artigos encol da riqueza económica de Galicia, é onde aparece por vez primeira a firma de Faraldo. Mais foi nas páxinas de “El Recreo Compostelano” nas que o romántico betanceiro deseña as esvaídas liñas da teoría provincialista. No número inaugural da publicación, decrara que escribe impulsado polo seu século, e pide unha unidade nacional galega. O ár enxebre do Oitocentos encírrao a condenar todo fanatismo, inda que tamén toda uniformidade política ao neoclásico.

Da riola de comentarios escritos baixo o rubro “Estudios de Galicia”, o que figura na edición do “Recreo” correspondente ao 26 de setembro de 1842, é un dos máis espresivos da tese faraldíá. Dí o escritor que a Galicia cómprelle un pulo xeneral, i en todas direccións, que desenrole canto ten prodigado nila a natureza a mancheas, “máis avara con outros pobos que a deixan recuada no camiño da civilización”. Faraldo vai enumerando os elementos cos que o país conta pra poder exercer un brillante papel nos destinos do mundo: as súas ricaces i estesas costas, os seus portos abondosos, os seus meios pra a mariña, os seus imensos productos naturais, a variedade prodixiosa dos seus terreos, os seus moitos ríos; os costumes dóceis, sociabres e criadores dos galegos, os seus hábitos, os seus sentimentos, as súas lembranzas, e outros mil elementos de ventura e puxanza que atesoura. Todos iles constitúen, pra Faraldo, o rexo alicerce riba do que a mocidade galega ergue o porvir de Galicia. “Nós, que pertescemos a aquela, tencionamos contribuir cos nosos esforzos á *grande obra* distes novos e xenerosos artífices, estudando os elementos que Galicia tén, e faguendo sempre aplicacions á *idea primordial* coa que armonizaremos todos os elementos *sociáis, políticos, literarios, comerciáis, industriáis e istintivos* das catro provincias xunidas que forman o *antigo Reino de Galicia*”.

A tarefa ideolóxica faraldíá se non limita só ao campo teórico. Proiétase, asemade, no terreo da acción. Concretamente, na ambientación e norteamiento do sonado pronunciamento militar que Solís encabeza no ano 1846. Trátase, é verdade, dun de tantos pronunciamentos dos que na época se estilaban. Mais, sin-

cronizado co il xurde un pulo galego, acobillado na chamada Xunta Suprema do Goberno de Galicia. Niste intento xoga un destacado papel o romántico soñador das rúas compostelás. E mesmo lle foi atribuída a paternidade do manifesto que a Xunta espalla polo país. Todo, nefeito, induz a creer que a súa autoría se lle debe a Faraldo. O contido da proclama casa moi ben coa liña de pensamento do ideólogo betanceiro: Galicia ten arrastado deica agora unha existencia aldraxante. Espertanto ao podente sentimento do provincialismo, i encamiñando a un só ouxeto todos os talentos e todos os esforzos, chegará a conquistar Galicia o infruxo do que é merecente, colocándose no outo lugar a que está chamado o antigo reino dos suevos.

A idea provincialista aventada por Faraldo e os seus compañeiros de promoción, non esmorece cando aquíl abandoa os eidos patrios. Moitos anos despóis, o espírito provincial, de liñas bretemosas e impreciso norde, mantén a súa pervivencia en sucesivas campañas. Así, no ano 1873 lése en "El Diario de Santiago": "Na nosa patria hai un espírito particular, un arraizado amor á rexión de España na que se ten nado, e que se desina co espresivo nome de provincialismo".

O provincialismo chega a resumir a súa divisa nista aspiración: "Todo por Galicia, todo pra Galicia". No país emprincipian a se descubrir novos roteiros, de horizonte máis nidio, de arquitectura ideolóxica máis lograda; pero a carón diles, o pensamento provincialista, serodiamente evolucionado, mantén aínda a súa tradición. O derradeiro órgao no que se acobilla é, quizaves, "El Heraldo Gallego", fundado en Ourense, no 1874, por Valentín Lamas Carvajal.

Lamas é un poeta que ama fundamente á súa terra, que ten dila unha conceición máis sentimental que conscente. A paisaxe, os costumes, son os estímulos de maior forteza que operan sobre da súa poesía, emotivamente descritiva. O autor de "Españas, follas e frores" sinte —no decir de Cuevillas— unha devoción entranabre polas serras, os vales, os ríos do seu país; deixa pousar o seu lecer ao pé dos carballos dunha devesa, ou dos castiros dun souto; comprende o significado dunha cantiga, e o fondo dun punto de muiñeira. Decátase de que na paisaxe, no cantar, no baile, existe algo vivo que durme; algo que era e que non quería ser por enteiro, que está acochado i encollido, sin se querer abrir en plenitude. E da súa pluma, misturadas con fel, van saíndo as queixas dos labregos que piden pan e xusticia. Pero, tras dilas "quedaban as queixas de Galicia, que xemía nun leito de Procusto, sin saber síquera, na súa inocencia ou na súa parvice, que nil esta deitada".

O poeta ourensán ven a ser como un troveiro das angurias do seu pobo. Pero tanto coma no verso, manifesta o seu pulo redentorista no xornalismo. O programa da súa aitividade niste meseter, sintetízao na seguinte cobiza: "Galicia diante de todo, Gali-

cia sobre todo". Nas páxinas do xornal ergue a voz na defensa da terra nativa, pra precurar a súa prosperidade i engrandecimento. A vaga nota provincialista infundida de progresismo, témplase na fidelidade aos costumes e á tradición popular enxebres. "O Tío Marcos da Portela", xurdido no 1879, refrexa a posición ideolóxica de Lamas. Nese semanario, fundado e dirixido por il, pódese pescudar nidiamente a liña das creencias lamistas. Cos textos inxeridos na publicación péchase o proceso da xeira provincialista. Pero con todo, apúntase nils unha interesante superación do labor dos precursores na militancia do movemento: A que supón o tér trasferido o emprego da fala galega dende o canle do verso ao campo da prosa; unha prosa de feitío rudimentario e popular, certamente, mais nunciadora xa das posibilidades que tempos despóis iría conquerindo.

A TEORIA REXIONALISTA

A promoción galega do primeiro romantismo e máis os seus epígonos, deixaron deitada nos sucos do país a semente fecundadora. O provincialismo —como fica dito— non pasou de ser un esquema inconcreto i esvaído, en orde ao revitalizamento cultural de Galicia. Pero abríu un vieiro, soñou e presentiu porvires, que un desenrolo posterior tiña de configurar con máis nidios caracteres.

A enneboeirada tese provincial, o impresionismo romántico desprovisto de sustantivo cerne, vai esmorecendo coa evolución dos tempos. Prodúcese un relevo, demandado polas circunstancias da hora. I é daquela cando xurde a verba rexionalismo, con cárraga de novo contido, afondadora de roteiros novos. Fora Valentín Almirall, dende Cataluña, quen chantara no esceario peninsular a bandeira terminolóxica. A vibradoira antena de Manuel Murguía recolle en Galicia a corrente que, moi axina, vai adequirir forte vitalidade no país. Pero é un xurista, un catedrático universitario —Alfredo Brañas—, o que teoriza antre nós, ao comezar a derradeira década do século, sobre o movemento que outros dinamizarán.

Brañas define: O rexionalismo supón "unha rexión pechada dentro de certos límites, sinón xeográficos e políticos, cando menos etnográficos, que ten dereito a non ser confundida cos demais pobos da nación, nin tampouco a ser afastada radicalmente deles".

Pra o profesor de Carballo, o rexionalismo non é un partido político, nin siquera reconece previamente unha forma determinada de política. O problema do rexionalismo ven prantexado por unha razón económica. A fonda crise que no orde económico atura o mundo, só poderá atallárese cun rexo topeñazo á concentración de soberanía; é decir, meiante o desenrolo dunha tarefa descentralizadora. "A centralización —dí— é unha idea abs-

traita; ondequeira que haxa concentración de forzas, dirección única, agrupamento nun punto determinado, nunha cras social ou nun circo pequeno do que é común aos demais puntos, crases ou circos, onde se enxergue unidade ausorbente, monopolio ausoluto ou relativo, e suxeción ou escravitude do que por natureza é vario e múltiple ao uniforme, igoalitario e cosmopolita, alí existe, alí alenta, alí sealcontra a centralización”.

Frente á centralización compre pois, o axeitamento desconcentrador. A rexión, ente natural, acotado por límites xeográficos, lingüísticos, étnicos, e con concencia da súa personalidade, é o órgao que ten de se descentralizar. A idea de rexión baséase na existencia de circos sociáis naturais dentro dun territorio. Ata-les circos son, dende o home á humanidade, a Familia, o Municipio, a Rexión e o Estado. No discurso inaugural do curso na Universidade compostelá, lido no ano 1892, o seu catedrático de Economía e Facenda resume a súa tese neste ordeamento que, pra maor craridade, diseña en conferencias concéntricas: “Queremos ao individuo libre no concello libre, o concello libre na rexión ou provincia libre, a rexión libre no estado libre, e o estado libre na libre e universal sociedade das xentes”.

A doutrina do teorizador do rexionalismo galego, non tarda en se proieitar en función aitiva. No ano seguinte de se editar “El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario”, constitúense en Galicia os primeiros “Comités regionalistas provinciales”. Manuel Murguía, a gran figura do novo movemento, vai a Cataluña, invitado a pronunciar o discurso dos Xogos Froráis de Barcelona; e nesa oportunidade fala tamén sobre “Orígenes y desarrollo del Regionalismo en Galicia”.

Cando poucos meses despóis se funda oficialmente en Santiago, por caraterizadas figuras inteleituáis e universitarias, a “Asociación Regionalista Gallega”, Murguía é nomeado presidente do Comité Central. Dirixe, ademáis, a revista “La Patria Gallega”, cuías páxinas —como logo as de “El Regionalista”— recollen as aspiracións e as angueiras dos seus persoeiros.

O pensamento murguían dá meirande i estesa dimensión á teoría formulada por Brañas. O esquema económico-xurídico esparexido por íste, cobra novo desenrolo no ideario que, no decorrer do tempo, vai edificando Manuel Murguía. Acobíllao en razóns históricas, e tenciona enfortecelo con vigorosos pulos de orde cultural. Na súa “Historia de Galicia” sostén que a provincia galega, reconocida como tal polos románs, constituíe unha verdadeira entidade nacional. Os suevos, que a poseen durante perto de douscentos anos, fána diversa e independente pola raza, a dominación e o arredamento, do resto da penínsua. Os godos non a privan da súa autonomía. Após da caída do imperio visigótico, Galicia acentúa a súa individualidade, enxamáis perdida, e forma un estado representante da legalidade anterior. Durante os

primeiros cinco séculos da Reconquista, a voz de Galicia, máis que espresión xeográfica, dá e responde á idea dun pobo libre.

En formulación máis ampla, Murguía ten concretado o seu índice programático nistes dous feitos, destacados no discurso que dixo con ocasión dos Xogos Froráis de Galicia en Tui: Que “pola orixe, polo territorio e a lingoaxe, do mesmo xeito que pola súa comunidade de sentimentos e desexos, estes pobos do noroeste forman unha nación con caracteres propios, distinta en grande parte das que constitúen o Estado español”. Que Galicia vive, “non a disgosto, mais tampouco de tan boa vontade como se lle supón, baixo o imperio de xentes e de cousas que lle son contrarias”.

A ideoloxía murguía acada aínda máis definida e completa corporeidade, na riola de artigos escritos no ano 1887 pra responder a Sánchez Moguel. Pero non é cousa de se aventurar neste traballo, por vieiros alleos á verdadeira finalidade que nil se pretende.

Da liña ideolóxica sinalada polas dúas figuras máis calificadas do rexionalismo galego —Brañas e Murguía— tíranse estes resultados: Galicia viviu, historicamente, unha vida de seu; as súas características xeográficas, lingüísticas e étnicas, confírenlle unha personalidade da que ten plea conciencia; a individualización cultural, configurada e desenrolada no pasado, debe actualizárese pra que Galicia recobre a continuidade do seu espírito.

RESTAURACION CULTURAL

No tempo en que o provincialismo deseña os seus perfís i emprincipian a aitar os seus membros, comenza tamén a percura dunha conciencia galega de diferenciación cultural. Os poetas, escritores i eruditos do romantismo —os que vimos chamando primeiros precursores— andan a traballar no empeño. Acúsanse así as amosas iniciáis dun renacemento literario. Pero o siño que as singulariza no eido concreto da cultura propia, é un siño poético. Considerado no seu conxunto, ese renacer é, inicialmente, de moi relativa valencia. Os escritores que o posibilitan non poideron entroncárese coa tradición da nosa literatura culta. A lírica galega meieval éralles desconocida. Desconocéndoa, tiveron que se valer dos meios espresivos e das formas métricas que o romantismo puxera en boga. E o idioma tiveron que o ir percurar directamente dos beizos do pobo.

A voz inaugural, inda que un tanto encollida, foi a que Nico-medes pastor Díaz fixo sonar nas estrofas da súa “Alborada”. Deseguida, emprincipian a se escoitar outras: as de Xoan Manuel Pintos, Francisco Añón, Alberto Camino, Benito Losada... O cantar dos poetas escoa polos canles dunha dobre vertente. Dunha banda, esaltando a vida popular, os costumes, os sentimentos, as angueiras da xente do pobo. Doutra, erguendo unha

alporizada protesta polos aldraxes que se lle infiren ao corpo e ao espírito de Galicia.

O libro co que se abre a Xeira renacentista da literatura galega é "A Gaita Gallega" de Xoan Manuel Pintos, publicado no ano 1853. Ven ser un a xeito de manual de iniciación na fala do país. O vocabulario que no libro se emprega é, certamente, ricaz. Pintos debéu andar por moitos carreiros da herdade natal, como cazador de vocábulos vivos, e aínda esquivos. Coa paixón do lapidario, inxire nos versos a abondosa e sonante pedraría da toponimia galega; e coa paixón do entomólogo, encadea nas estrofas as vivas e latexantes palabras aladas, anceiosas dunha doce vontade de voo. Non teñen a fortuna esas palabras, é verdade, de que o poeta lles insuffle o vento lírico de que son merecentes. Pero de todos xeitos, a súa carga espresiva e definidora, vitaliza a tese reivindicativa que Pintos mantén sobre o galego como meio de expresión literaria.

Mais a idea de Galicia que o autor de "A Gaita Gallega" sustenta, se non cingue só á empresa de rehabilitación da fala. Dela trascende, asemade, un propósito apoloxético das virtus do seu país, e unha visión de Galicia como terra maltratada. O libro é, en sustancia, un alegato patriótico, unha chamada baril á terra nutriz, pra que recobre o pulo vital que en xusticia lle corresponde: "¿Por qué te vexo así desmacelada, Galicia? ¿O folgo teu, por qué te acora?", pregúntase o poeta. E na súa enquisa non alcontra xustificación pra ese esmorecer no que o vello país se mergulla. Emporiso, unha vez e outra, clama polo rexurdimento da patria que il sinte e ama con debezo afervoado.

Os poemas de Alberto Camino, de amante delicadeza, sombrizos e nostáxicos uns, descritivos da vida popular galega outros, amosan cecáis a nota máis "poética" de cantas se teñen pulsado neste tempo do primeiro romantismo. Con todo, a Galicia que neles se descobre péchase en horizontes limitados, de curta proiección. Tamén, inda que doutro xeito, é moi estreita a ollada con que Benito Losada enxerga a vida do seu país. Son, os seus, versos costumistas, festivos, apicarados, narrativos ou epigramáticos, nos que afrora sempre a cór local, sin se saíren do marco dun localismo rudimentario, de escaso voo.

A visión galega de Francisco Añón é diferente, en troques. Non tencionamos pescudar na calidade artística da obra poética que da súa pluma ten surtido. Importa samente ao noso propósito, o sentimento patrianista que dela abrolla. E neste aspecto, é ben craro que Añón enxamáis deixa de matinar e soñar, con amor enfebrecido, na terra natal. A radical rebeldía do seu espírito, a peleriñante bohemia do eterno desterrado, lévano decote por vieiros alonxados do país de orixe. Pero, lonxe ou perto, a súa emoción galega arde sempre en rexos alapeos saudosos. A Galicia verde, inxel, amada do poeta, está afastada dil por longa andadura de leguas, e moitos cruces de camiños. Nembargante,

a distancia física enfortala máis a angueira soñadora, e o desterrado redescobre na lonxidade a paisaxe tan sentida; redescobre i evócaa antre brétemas de apaixonadas lembranzas, queridas, entranabres. Mais esa anguriosa cobiza de evocación na que o poeta se mergulla, se non reduz a un simple sentimento estático. Añón, progresista afervoadado, augúralle a Galicia un dourado porvir no século do vapor, e incíttaa a que abale o sono da postración; "Ai esperta, adourada Galicia...!". Porque anceia un farto e venturoiro mañán pra antiga terra, orixe do seu sangue, que o vate revolucionario e bohemio descobre outravolta, con un tremar telúrico, dende a lonxanía.

Cando os ditos poetas e máis outros da súa mesma promoción andan a cantar os seus sentires galegos, prodúcese en Cataluña un fenómeno que ha ter, tamén antre nós, positivo significado. Falamos da restauración, no ano 1859, dos chamados Xogos Froráis. Victor Balaguer, o seu paladín, espárese por aquelas horas a historia dos precedentes e do nacemento da institución. "A poesía provenzal —escribe—, esa liberdade da prensa dos tempos feudáis, asegún felís e afortunada frase de Villemain, botaba os seus derradeiros resprandores a tempo que se esvaía o século XIII, tan abondoso en sucedidos como fatal en desastres pra a bisbarra que tiña por nome Provenza, e que hoxe é Medio día de Francia". Balaguer vai contando coma os baróns abandonan os seus castelos, corte un día de poetas e centro de ilustración. Os bóitores do norte caen riba daquelas moradias senlleiras. Pérdese a independencia patria, e remata súpetamente o dobre papel político e social representado polos troveiros. Mais a tradición poética mantense viva naqueles países. I é sona que os derradeiros troveiros de Tolosa, cando emprincipia o século XIV, xuntábanse segredamente nun afastado xardín pra se recitar uns a outros os cantos e serventesios dos grandes mestres. É de atal xeito como se conserva o lume sagro, e con il o culto daquela lingoa e daquela poesía, proscritas polos novos domeadores. Seguindo o costume dos poetas do xardín de Tolosa, e cos mesmos propósitos que iles perseguían, xurde a idea de promover naquela cidade un concurso público de poesía, o primeiro día de maio de cada ano. Pero agora trátase de non espertar receios no goberno estranxeiro, e dáselle á institución dos Xogos Froráis un carácter relixioso parello ao poético.

O espírito que alenta por baixo do certame tolosán, que Balaguer evoca, é o que reencarnan, trasplantedo a Cataluña, os primeiros Xogos Froráis celebrados en Barcelona o un de maio de 1859. Con iles emprincipia historicamente a chamada "Renaixença". O escenario escóllese sabiamente: É o salón, ateigado de historia, do Consello do Cento no pazo municipal barcelonés.

A tradición provenzal, restaurada con siño propio en terras catalás, vai ecoar tamén, inda que un pouco serodiamente, no noso noroeste. Xa no 1861 inaugurábase en Galicia os Xogos Fro-

ráis; mais sin o significado totalizador que, no orde idiomático, teñen de acadar só trinta anos despois. Celébranse na cidade da Cruña, pra conceder a fror natural á millor composición poética "A Galicia", escrita en lingoa galega. Pero aquel galardón fica deserto, e sustitúese por un accesit que se lle atribúe ao poema presentado por Francisco Añón.

O certame serve de base pra compoñer a primeira escolma de poesía galega da época renacente. Antonio de la Iglesia, completando a aportación dos traballos daquela premiados, fai un "Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos", cuos textos, bilingües, aparecen no chamado "Album de la Caridad".

A seguido dos cruñeses, celébranse outros en Santiago. Anos andados —no 1886— "O Galiciano" convoca e orgaiza en Pontevedra un novo concurso, iste con caraiter literario-musical. Murguía, en tal ocasión, esalta a lingoa e recomenda públicamente o emprego do galego como meio espresivo do certame. O acento que singulariza á festa literaria pontevedresa, ven destacado nestas palabras, escritas por un dos asistentes: "Os veteráns da literatura fraternizaron cos novatos, e uns e outros comprenderon que hai en Galicia un vencello superior a todo, xeneroso e incontestábele que os xungue: o santo amor á terra na que temos nado".

Con todo, ningún dos devanditos concursos acada un feitío integralmente galego. Son os Xogos Froráís de Tui, do 24 de xuño de 1891, os que por primeira vegada adquiren ese siño escrusivamente autóctono. Xa o propio "Consistorio" que os convoca, sinala en nota dada á pubricidade, que neles "soilo se poderá falar en galego". Murguía, o seu presidente, lé un discurso —despois do de Lago González— no que esalta de novo a lingoa galega, como tantas veces o tiña feito, pero agora facendo uso da mesma.

Non cabe dúbida que o labor desenrolado arredor distes certames, foi criando un clima, un ambiente favorábele ao vitalizamento do galego como idioma poético. O número de autores que compoñen os seus versos en galego e pra Galicia vai medrando de xeito sensíbele. A persoalidade da lingoa recobrada gana rexa valencia nos eidos da lírica. A carón dos nomes maiores —Rosalia, Pondal, Curros— figuran outros de acento máis flebe: Lamas, Pérez Ballesteros, de la Iglesia, Saco e Arce... Velahí a promoción continuadora da liña aberta polos precursores románticos; promoción que vai pouco a pouco engrosando o número dos seus membros, e ganando en popularidade.

A idea que todos istes poetas teñen do seu país, refrexa unha consagración amorosa aos valores da tradición enxebre, dos costumes, da fala, de canto nos tipifica e particulariza. Xa destacamos, con anterioridade, a visión que da súa terra amosa Lamas Carvajal. Pola súa parte, Francisco María de la Iglesia tenciona,

en ocasións, estimular o amor polas cousas de Galicia, como no poema "O despertar dos cantadores gallegos"; noutras escribe pezas de senso patriótico, atal "A bélica gallega", ou "A Galicia, himno" e relativas á emigración, como "Soedades" e "Miña terra". Na obra de Pérez Ballesteros o acento é decote popularista; os seus versos, compostos ao xeito dos cantares do pobo, ou en forma epigramática, traducen unha entranabre identificación co vivir e sentir populares. Saco e Arce, nas poucas composicións que publicou no idioma natal, canta, con sinxeleza e sentimento, motivos de tipo relixioso; pero arraizado sempre no torrón nativo. Nembargante, o que máis nil destaca é a defensa afervoada dos valores da lingua materna. O autor da "Gramática Gallega" —a primeira que é merecente de tal nome— trócase en paladín do feito idiomático, e rexeita "o innobre menosprecio que os mesmos fillos do país botan riba da fala dos seus maiores".

IDIOMA E POESIA

Cantos esforzos se viñeron faguendo dende a hora do despertar romántico pra revitalizar a fala galega como instrumento de creación lírica, bateron coa falla dunha personalidade xenial capaz de lle insuflar alento universo ao idioma recobrado. O básico acontecemento prodúcese no ano 1863. Daquela é cando Rosalía de Castro rompe a cantar. A súa poesía, como logo a de Pondal e Curros, vai ter unha importancia decisiva no proceso réstaurador da nosa cultura. Con esa poesía, o movemento cultural de Galicia enfortálase con poderoso argumento: "A lingua galega, sin necesidade de artificios gramaticáis nin sumulacións, era ricaz, espresiva, fiesíbele, porque permitía escribir unha obra de calidade e de alento universal".

Na lírica rosaliá cobran dinidade e prestixio os atributos distintivos da nosa personalidade. Rosalía, de igoal xeito que os seus predecesores, sinte e ama, afervoadamente, a fala, a paisaxe, o vivir do pobo, as súas angueiras, e os seus costumes e aficións. Mais ese sentimento i ese amor, difiren dos que calificaron á obra daqueles. A simple cór local trócase, nos poemas rosaliáns, en esencia universalizada; o pintoresquismo e o costumismo superan o seu significado anecdótico i enlévanse a categoría.

Pra Rosalía, a lingua galega non é a que presentan en caricatura ridícula os alleos ñorantes: "aquela que bastardean e champurran nas máis ilustradísimas provincias...". Ela cultivaa nos seus libros, i ese mesmo cultivo constitúe a máis espresiva revelación do que o idioma natal pode representar no mundo do arte. Cando a autora de "Cantares Gallegos" escribe a súa obra, faino pra cantar en verso "todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmmoverme". E o que conmove ao poeta é a vida do seu pobo; son os aspectos todos que configuran a particularidade da ialma galega. Em-

poriso, o móvil principal que a impulsa a publicar os "Cantares" é o de "decir unha vez siquera i aunque sea torpemente, aos que sin razón nin coñecemento algún nos desprezan, que a nosa Terra é dina de alabanzas...".

Rosalía vive en dereito e cotián contaito coas xentes do pobo. A comunicación cos habitantes da campia permítelle calestrar fondamente en todos os eidos do seu universo; ate o punto de chegar a unha estreita comunión co espírito e coas formas da vida labrega. Os poemas inspirados neste comunhão, son proba inconcusa de autenticidade: no apaixonado amor ao pobo galego, no aceso doérese das súas disgracias, na simpatía entusasta polo seu espírito, no gusto polas súas festas, na emoción sentida diante da súa paisaxe.

Sempre a paisaxe está presente nos versos rosaliáns. A paisaxe aniña no espírito do poeta, escoando en malenconías, en gozos, en anceios, en angurias... O ambiente paisaxístico de Galicia, tan fondamente sentido, é moitas veces escaerio da biografía campesina; pero noutras cobra vida propia, vida de seu. Da identificación amorosa coa paisaxe natal que o grande lírico evidencia, dá fé iste emotivo anaco de prosa, fidelmente esaltatoria:

"Lagos, cascadas, veigas froridas, valles, montañas, ceos azúes e serenos como os de Italia, horizontes nubrados e malenónicos, aunque sempre hermosos como os tan alabados de Suiza; ribeiras apacibres e serenifias, cabos tempestuosos que aterran e admiran pola súa xigantesca e xorda cólera..., mares inmensos..., ¿qué diréi máis? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en todas as estacións de herbiñas e de frores; os montes cheos de pinos, de robres e salgueiros; os lixeiros ventos que pasan; as fontes i os torrentes derramándose fervedores e cristaiños, vran e inverno, xa polos risoiños campos, xa en profundas e sombrisas ondanadas... Galicia é sempre un xardín donde se respiran aromas puros, frescura e poesía...".

Ista visión paisaxística, faille escramar a Azorín: "¿Qué decisión e qué intensidade! Nesas poucas palabras do gran poeta está toda Galicia".

Cando menos, está a Galicia na que Rosalía soña, ama e louba; o meio ambiental no que decorren as vidas das xentes coas que Rosalía se identifica, e cuías angueiras canta tan xurdidamente. Ela síntese naturalmente galega. O seu sustrato de nidia raigaña popular, lévaa a faguer unha poesía que poderíamos chamar social, e cuios hérois son os homes e as mulleres do seu pobo. E cando iste pobo de hérois anónimos sofre, Rosalía láiaise, ou clama e increpa no nome da xusticia.

Tense dito xa, reiteradamente, que na poesía rosaliá hai que suliñar o seu poder corroborante da conciencia galega. "O pobo galego viuse nese espello, e a traveso dil aprendeu a ter o sen-

so da súa propia dinidade". Velahí en definitiva, a idea básica que da poética de Rosalía de Castro trascende.

Tamén en Eduardo Pondal —inda que por outros camiños— se revela o espírito da nosa terra dun xeito fundamente vital. Pese á esterna apariencia, a súa poesía non é enxamáis unha simple recriación arqueolóxica. Insiste arreo nunha pasada existencia céltiga de Galicia. Pero atal insistencia obedece a un craro propósito: o de espaxear o coñecemento do pasado pra que sirva de apoio a unha restauración do antigo esplendor. Na tese pondaliá, a ialma adiviña o porvir, partindo do pretérito. Non outra é a conclusión e como mensaxe do libro "Queixumes dos pinos".

O poeta bergantiñán evoca unha protohistoria galega, poboadade hérois e bardos e cun trasmundo mítico. Ofrécea como exemplo e como contraste coa realidade presente, na que se escoita a plática serva dos fillos do país. Pondal sinte unha fonda dor pola "patria perdida", que é a mesma que il vai tripando con vagoroso andar. Afúndese nas orixes, porque entende que sentir as orixes e capacitárese pra o futuro. I é mesmamente no futuro, cando rexurdirán as vellas glorias: A raza de Breogán despertará do seu sono, e farase libre de seu da indina servidume.

Na poesía pondaliá, o amor a Galicia maniféstase no anxeo de dar continuidade no mañá a unha baril persoalidade que o servilismo desgaleguizador fixo enflebecer; acrétese no devoto cultivo i esaltación dun idioma que, ao decir do propio poeta, tense trocado polo seu esforzo de lingoa de ferro en lingoa de ouro; e, ao cabo, no sentimento da paisaxe, como natureza de senso cósmico i estático.

Pondal fai revivir nas súas estrofas a xeografía paisaxística da súa terra nutriz, do chan no que "sempre e pra sempre ficou": Os vales, os castros, as carballeiras mestas, o pinal de Tella, os penedos de Traba, as gándaras esquivas, os baixos, as rompentas... O poeta interroga aos montes, escoita os rumores e os silencios da paisaxe, solprende os seus misterios e as súas visións fuxidías, canta a frora e a fauna, e ao seu home inominado. O seu canto é un canto á Galicia rústica, cuia esencia concentra en Bergantiños, a bisbarra natal.

En definitiva, a ideoloxía galega do poeta de Ponteceso, aséntase nun fondo senso heroico e profetizador. A súa poesía ten, ademáis, unha mocidade de expresión insospeitada; sinxelamente, porque nela cóllese o espírito sin contentárese nunca coa códia.

En Manuel Curros Enríquez, a visión de Galicia adquire, sobre todo, un senso combativo. Curros é un escritor abondoso e proteico, pero só labra a súa verdadeira persoalidade literaria cando se sinte cidadán do seu país. Cando emprincipia a empregar como poeta a lingoa propia, é cando se revela a autenticidade dun amor que avencella unha terra e unha ialma. Curros

pulsa, ás veces, a nota lírica pero as súas preferencias enróitanse cara os horizontes da poesía cívica.

O vate celanovés enxerga as disgracias que se amorean riba da súa terra; sinte a anguria dos probremas que agrilloan o vivir labrego, sofre diante da miseria que afrixe ao país natal, e coa queimante chaga da emigración. E o poeta, alporizado por tanto mal, xulga que compre loitar sin lecer pra conquistar que a patria se erga do seu postramento. Formula entón o seu alegato cívico, compón unha poesía social, unha poesía de loita. Baseado nunha ética de ríxido dogmatismo, e cunha visión progresista, o autor de "Aires da miña terra" incorpora aos seus poemas a dramática realidade do agro galego, tal e como il a dexergaba. Mais a retórica do tempo non cega o pulo fundamentalmente vivido que na obra de Curros se dá. Conoce iste os probremas da vida galega, e sínteos cernemente. Non só na súa sustancia social, sinón nos seus accidentes e imprecacións sociolóxicos e folklóricos. Domina o poeta a mentalidade popular, e ao mesmo tempo áchase dominado por unha fonda emoción galega.

A Galicia currosiá é unha Galicia rebelde, anceiosa de rachar as lixadas brétemas que a envolven, pra se abrir camiño coas novas ideas do progreso. Con todo, a carón dos sonoros versos nos que se espellan moitas das visións frebís de Curros, agroma tamén outra Galicia: a tradicional e popular, na que, como un salouco de cristal, escóitase a lírica voz do seu pobo e da súa raza.

O amor que o poeta lle profesa ao país natal, evidénciase en cantas composicións saíron da súa pluma. Pero é quizaves no poema adicado á Cruña, cando o acto da súa segunda coroación pública, nun dos que se amosa de xeito máis explícito:

¡Tí fuches quén me falaches
de estrana maneira mística
deste santo amor da Patria
que se sinte e non se esprica!

A ialma galega de Curros vive pra sempre nistes catro versos. A Terra falándolle do amor á patria, de estrana maneira mística; desa estrana maneira mística que é o xeito enxebre, milagreiro, da saudade. Porque il, sin ceder na nota rebelde e loitadora, sinte de cote a saudade do país natal, e acerta a refrexala en limpos versos acesos.

E logo está esa súa afervoadada devoción pola língua. Unha língua na que traballa amorosamente, hastra faguela numerosa, vizosa e flesíbele. Unha língua que Curros emprega pra esteriorizar as súas propias mágoas e as mágoas da súa terra, e na que se misturan a opulencia espresiva coa calidade do canto. O idioma galego, ao cabo, que é pra o poeta a fala da súa nai, a língua enxebre, o idioma de seu.

Veleiquí, en brevedade, o acento que distingue ás tres figuras maiores da nosa renacencia. Son todas tres, hérois verdadei-

ros do rexurdimento cultural galego. O idioma propio, ausente unha chea de tempo dos usos literarios cultos, trócase por mor diles en prestixioso instrumento da persoalidade do país; a fala popular convírtese en língoa de poesía universal. Por obra de Rosalía, de Pondal e máis de Curros, o galego recobra o seu vello i esquecido prestixio de língoa poética.

A MUSA DA HISTORIA

O esforzo de restauración cultural patentizado na obra idiomática, ten aínda outra cara: a que supón o empeño de dotar novamente a Galicia de conciencia histórica. Son os nosos historiadores románticos os que, con alento verdadeiramente épico, levan a cabo esa empresa de reconstruír o prestixio do noso pasado. "Propóñense —dí Ramón Piñeiro— espertar por ese camiño, a conciencia da persoalidade colectiva do pobo galego. Facendo resoar o eco vibradoiro das glorias que foron, queren árxilar a conciencia adurmentada da Galicia do seu tempo". E, certamente, chegan a poñer en marcha unha especie de emoción histórica popular, arredor dalgunhas lembranzas do pasado galego; ou seña, chegan a crear verdadeiros mitos históricos, e promoven a devoción cultural polos estudos da historia.

Os homes que de xeito máis nidio representan iste empeño, son, sin dúbida, Vicetto e Murguía. Ambos e dous tencionan amosar na Historia do seu país, un amplo i esteso proceso de formación dunha persoalidade étnica, cultural e políticamente diferenciada. O primeiro, dun xeito intuitivo e literario; máis responsablemente o segundo.

A figura de Benito Vicetto, é unha figura de innegable interés na historia das ideas en Galicia. A súa aitividade ven xa da época faraldía do provincialismo, pero inxírese na posterior etapa do rexionalismo; e mesmo, o escritor ferrolán dirixe no ano 1855 "El Clamor de Galicia", en cuas páxinas fai o rexionalismo a súa aparición oficial.

O temperamento de Vicetto, dunha esaltada natureza romántica, empúrrao a soñar pra o seu país os soños máis disparatados, e os máis audaces. Porque Galicia é o fecundo tema dos seus afáns; endexamáis deixou de amala, de traballar por ela. Escribe novelas, poesía, teatro, artigos... O interés polos temas meieváis que, no tempo romántico, debía a Walter Scot grande parte da súa importancia, prende tamén en Vicetto. Novelador da historia, enche páxinas e páxinas con alapeos de aceso romantismo. E velahí está o seu temario, abranguendo ducia e meia de tíduos: "Los hidalgos de Monforte", "Rojín Rojal", "El último Roade", "Víctor Basbén", "Los reyes suevos de Galicia", "El lago de la Limia", "El cazador de fantasmas"... A novela histórica ten no escritor ferrolán un apaixonado cultivador. O seu amor á patria e á libertade atopa niste xénero literario, canle axeitado pra se

manifestar. E non outra cousa ven ser —en definitiva— máis que unha historia novelada a que baixo do epígrafe “Historia de Galicia” publica dende 1865 a 1874.

Trátase da primeira que aparece antre nós cun senso verdadeiramente cronolóxico. Ao longo dos seus sete volumes, o autor vai desenrolando un ameno acontecer, que corre dende os tempos primitivos deica o reinado de Isabel II. Con ista obra inaugúrase —inda que seña con pouca sorte —un xeito de faguer a historia. Denantes, a ciencia histórica en Galicia non conocía máis que dúas maneiras: A historia a base de falsos cronicóns, como nos casos do P. Sotelo e Huerta; e a historia erudita, sin crítica, que recolle as noticias a oito en calisquer caste de fontes, sin as depurar, como no P. Sarmiento i en Vereá e Aguiar. Son dous xeitos de faguer a historia sin alma. Vicetto, en troques, inaugura a historia vivinte e vivida do romantismo. Il mesmo ven decir que se non propón faguer historia arqueolóxica nin erudita. Fai simplemente historia *narrativa*: “Narración correlativa e cronolóxica dos acontecementos prósperos ou adversos que constituíron a *vida* dun pobo”. Non hai dúbida de que o abuso do mito histórico, a interpretación moitas veces imaxinativa dos feitos, a percura das raigañas do pasado lonxe de toda pescuda seria, réstanlle solvencia á obra. Pero, en troques, alenta nela unha fonda paixón galega; unha romántica arela de amosar ao seu pobo a leición dunha pretérita e forte personalidade, si pantástica nas súas apoiaturas, verdadeira no senso tencional que representa.

Ben outro, nembargante, é o camiño que pra o seu labor percorre Manuel Murguía. O pensamento murguían, cando se manifesta na “Historia de Galicia”, navega co instinto criador da concencia galega dotado de ideal coletivo de seu, a traveso dos milenios: “A grroriosa tarefa de escribir os anales de Galicia pode enxergárese como un sacerdocio; que si hai moito de sagro en toda iniciación non o hai menos na rehabilitación das nacionalidades desconocidas ou negadas. Ista rehabilitación equival a un segundo bautismo”.

E velahí a Murguía, rillador de arquivos, pescudador de vellos documentos, estudoso das novidades do seu tempo, amoreando materiais pra soerguer riba de reloxos alicerces o edificio do pasado galego. E onde o material non chega, alí está a potente intuición do mestre pra encher a lagoa suscitada.

Mírese por onde se mire, a tarefa histórica murguía móvese decote arredor dunha idea central: a idea de Galicia. No orde étnico, no aspecto xeográfico, no terreo lingüístico, o mesmo que no plano puramente histórico, esa idea sobrevoa e afirmase no cadro trazexado polo escritor.

Etnicamente, Galicia singularízase por unha fonda diferenciación racial; ista diferenciación baséase no predominio do elemento étnico centro e nordeuropeo, céltico e xermánico. O feito

xeográfico constitúe tamén un argumento distintivo de peculiaridade do noso país, situado nun cabo da Europa e arredado dos pobos irmáns por cadeas de montañas. Lingüísticamente, Galicia posee unha fala de seu, que acordou longo prestixio: en periodos como, por exemplo, o que vai do reinado de Fernando II a Alfonso X, "son días gloriosísimos pra Galicia, en que a língoa e poesía creada demostraban craramente a barilidade da nación". Por cabo, no orde histórico é de sinalar que Murguía adícase a estudar o pasado por amor ao seu país. A súa obra histórica é unha obra patriótica. Tense escrito pra erguer o nome de Galicia diante dos seus propios fillos, e diante dos alleos; pero tamén pra tirar do pasado os insinos pra o porvir.

Ista obra de historiador desenrólaa na atmósfera do tempo en que vive, cun dobre refrexo: o do tradicionalismo, o organicismo, o vitalismo do romántico e do patriota, por unha banda; e o da ideoloxía das luces informante do progresismo revolucionario, pola outra. A "Historia de Galicia", que o autor deixa truncada no seu desenrolo orgánico, ten, asietodo, certa continuidade complementaria noutros estudos saídos da súa pluma. Falamos de "Don Diego Gelmírez", "Los trovadores gallegos", "El arte de Santiago en el siglo XVIII", e mesmo "Los Precursores".

Manuel Murguía, que se inicia con traballos de creación poética e novelística, remata por abandoalos pra se consagrar ás ciencias históricas, e trocárese no máximo promotor da nosa cultura. Os seus esforzos como erudito, como xornalista, como orientador da inteleitualidade galega marcan un fito decisivo no proceso de recobración espritoal do país. I é que Murguía, con todo o seu talento e a súa grande capacidade de acción, está sempre onde está Galicia.

UNS CANTOS DATOS

Os poetas ao trocaren a fala do pobo en idioma de creación lírica, e os historiadores dotando novamente a Galicia de conciencia histórica, conqueriron dous ouxetivos de positiva valencia no proceso restaurador da nosa cultura. A obra individual de cada un, representa unha aportación básica pra que a tarefa de rexurdimento emprendida adequiera a fisonomía polarizadora dun norde común.

Mais, de todos xeitos, a obra desenrolada pola xeneración da que vimos sendo cronistas, non aparecería quizaves co siño colectivo que amosa, de non ter existido os elementos sintonizadores. E velahí como resulta obrigada a referencia a algún deses instrumentos.

Compre sinalar, en primeiro termo, a "Biblioteca Gallega" de Martínez Salazar, que dende 1885 edita ate 52 volumes nos que rexistra a contribución de moitos colaboradores do movimen-

to cultural da restauración. Outro tanto pódese dicir da revista "Galicia", que case polo mesmo tempo, inda que con máis curta vida, aglutina nas súas páxinas o esforzo a prol da cultura aitiva, realizado polos máis caracterizados membros do galeguismo de entón. E, asemade, das tres "Ilustraciones", dirixidas todas tres por Murguía, algúns anos denantes de que xurdiran a "Biblioteca Gallega" e máis "Galicia".

Logo, ven a conto citar tamén a chamada "Cova Céltiga". Recibe atal nome, a tertulia que un destacado agrupamento de escritores celebra na librería cruñesa de Uxío Carré Aldao. A ela concurren, o propio Carré, Vaamonde Lores, Salvador Golpe, Urbano González, Martelo Paumán, Lugrís Freire, Pondal e Murguía, antre outros. As reunións da librería de Carré chegan a adquirir un interesante significado. Os escritores galegos de entón, atraguidos polas publicacións e as tertulias literarias de Madrid, onde esplendía o modernismo, arelaban —engaiolados polos éxitos da Condesa de Pardo Bazán e de Valle Inclán— criar unha literatura galega en língoa castelá. E por fronte dista aitude denegadora dos valores idiomáticos autóctonos, a "Cova Céltiga" trócase en fogar case único no que se conserva acesa a chama do galeguismo.

Deses anos da "Cova Céltiga" —escribe José Luis Varela— son os viaxes de Murguía, as súas conferencias i éxitos en Barcelona. De entón son as adhesións, firmadas por milleiros de galegos, que chegan de Ultramar. E daquela tamén dous aitos públicos do ano 1891, é dicir, cando os persoeiros da xeneración de que falamos andan pola trintena. A demostración rexionalista de Tuy —na que Murguía fala por primeira vegada en galego, i é premiado Eladio Rodríguez González—, e a fundación en Santiago da Asociación Rexionalista Galega. "Era o intre no que iste movemento político-cultural adquiría unha cohesión e un artellamento orgánicos: convivían e colaboraban homes de tres xeneracións difrentes".

O órgao periodístico do grupo é a "Revista Gallega", de Galo Salinas. De ahí saí a fundación da "Liga Gallega", orgaización que ten por ouxeto "a defensa dos intreses moráis, materiáis, políticos, económicos e sociáis de Galicia".

Por ese mesmo tempo publícase tamén "La Patria Gallega", en Santiago, baixo a dirección de Murguía. Un ano despóis aparece na propia cidade compostelá, "El Regionalista", e no seguinte, Salvador Golpe dirixe na Cruña "Unión Gallega".

Son os días nos que a tarefa do rexurdimiento cultural galego amosa firme coordinación, e unha liña de continuidade. O idioma emprégase xa pra outros mesteres literarios, fora do poético. Inténtase o cultivo da novela e do teatro en galego; regularízase o uso da propia fala nos artigos de periódico e revista; sona nos actos públicos a língoa natal como meio de expresión oratoria. E ao par de todo isto, comeza a se lle facilitar unha

base histórica aos escritores intuitivamente galeguistas. Trabábase nos arquivos, tíraselles o pó aos legaxos e aos códices, compúlsanse os documentos.

Unha parte dos homes que protagonizan iste amplo esforzo —a que sobrevive— pasa aínda a constituir, cando xa van andados seus anos do novo século, a sambreia fundadora da Academia Galega. Manuel Murguía, o seu primeiro presidente, dirá no discurso inaugural da Corporación nacente, istas espresivas palabras:

Pobo que esquece a súa língoa, é un pobo morto... O primeiro, a nosa língoa.

Pra recoller en Galicia o seu verdadeiro léxico, dar a conocer a súa gramática e afirmar a súa existencia, fundóuse ista Academia. Porque o idioma de cada pobo é o característico máis enxebre e máis podente da nacionalidade. Xentes que falan a língoa que non lles é propia, é un pobo que se non pertenez.

— II —

AS "IRMANDADES DA FALA"

Coa desaparición ou paseniño envellecer das principais figuras que impulan a dinámica cultural da etapa que vimos de reseñar, o movemento galeguizador enflebece. Aló polo segundo e terceiro lustro do século, apenas existen máis que arqueólogos da literatura, da historia e do arte galegos. Unha erudición chea de friaxe fala das características raciais dun xeito ouxetivante, como si Galicia fose un planeta morto e lonxano. Fanse inventarios do pretérito sin emoción algunha, agás en contadísimos conterraños. Apenas ningún home culto do país emocióase miiga coas cousas autóctonas. Son moi poucos os que estudan a Galicia como tema vivo, con proxección cara o futuro. Mesmo a liña dos poetas oitocentistas semella térese crebado.

Son os anos da primeira guerra europea. Antre o balbordo bélico dun continente en loita, na pequena e vella Galicia comeza de novo a se configurar a continuidade da obra da súa restauración cultural.

Dous irmáns viveirenses, Antón e Ramón Villar Ponte, andan a se laiar do esmorecemento no que caíra a vitalidade espritoal de Galicia, e falan de tencionar unha forte sementeira. En artigos que o primeiro deles publica no xornal "La Voz de Galicia", vai adiantando o labor ideolóxico, que estroitura despóis no corpo dun libríño que tidúa "Nacionalismo galego: A nosa afirmación rexional". No seu texto incita á labouira que se non tentara nunca cordialmente, e con toda conciencia, pra recriar a patria que, como unha brétema velaíña, aboiaba en moitos co razóns. Ate daquela se non tiña valorizado integralmente a Ga-

licia como país con personalidade de seu. Ate entón tampouco a língoa materna se fixera consustancial dunha política verdadeiramente galega. Nin en Faraldo, nin en Brañas, nin mesmo en Murguía. Os novos propósitos se non abastan coa defensa platónica e filolóxica, e coas criacións literarias case escrusivamente poéticas; atribúenlle á fala unha consideración de instrumento de loita, de arma imprescindible pra o conqwerimento dunha autonomía espritoal e dunha cultura autóctona.

Máis que pescudar no antergo, téimase enxergar o “presente” con ollada virxe: mirando un país con língoa de seu, viva aínda na maoría das xentes que o habitan; un país de unidade xeográfica, económica e moral, que só pódese trocar en pobo con alma autoesculpíndose co cincel do propio estilo.

O libriño definidor, no que se trazan os perfís do galeguismo integral, esgótase decontado. Na segunda edición, inxírense as opinións que o seu contido espertara, emitidas por destacadas figuras da Galicia de aquela hora.

No 17 de maio de 1916 constitúíese, ao quentor das ideas que pon en circulación, a primeira “Irmandade da Fala”. Nos comezos fórmana somente vinte persoas, conocidas no país coma os “felibres galegos”, relembando aos da Provenza.

Antón Villar Ponte, o entusasta iniciador, nacera na vila de Viveiro, fixera a carreira de Farmacia, e percorrera, levado polo seu esprito aventureiro, diversos lugares de Europa e de América. Cando volta a Galicia, trague a imaxe visual da súa terra dentro dil. Dende a primeira mocidade metéraselle na ialma a vocación de escritor, e ista vocación xa non o abandoa enxamáis. A súa firma multiplícase nos xornáis galegos, e inda nos cataláns, madrileños e sudamericáns.

Ninguén, antre nós, terá feito máis artigos que il, e durante a súa vida apenas si deixou un día de escribir algo que se non relacionase con temas galegos. Fixo, ademáis, novela, ensaio teatral, diversos estudos literarios, e dictou moitas conferencias no noso idioma. Pero os meirandes servicios ao país, tenllos emprestado dende as páxinas de xornáis e revistas. Tamén co seu libriño de afirmación ideolóxica, que il mesmo considera como a primeira pedra do renacemento galeguista.

Antre as primeiras adhesións que Villar Ponte recibe pra a doutríña que preconiza, figura a de Luís Porteiro Garea, no intre en que iste remata de se incorporar á Universidade compostelá coma profesor de Dereito Civil. De resultas, funda en Santiago —segundando á cruñesa— unha nova “Irmandade”, e lé no acto inaugural un notabre discurso. Despóis van xurdindo outras, en diversas cidade e vilas galegas.

Aos iniciadores do novo movemento xúntanse axina os profesores de Filosofía, Viqueira e Lousada Diéguez; os poetas, Cabanillas, Taibo e López Abente; o grande artista Castelao; e logo, os fundadores da revista neosófica ourensá, “La Centuria” —Vi-

cente Risco, Noguerol e algúns máis—, que xa emprincipiaban a sentir curiosidade polo galeguismo, veñen a il por enteiro. Nas horas fundacionáis tíñanse incorporado tamén, Lugrís Freire, Banet Fontenla, Xaime Quintanilla e Peña Novo.

As “Irmandades da Fala” están xa en marcha. O seu verdadeiro eixo espritoal céntrase na ambición de acadar pra o idioma galego un significado cultural e social completo e cheo. Pra o movemento das “Irmandades”, o problema da recuperación espritoal de Galicia ten o seu cerne sustantivo na língoa. Máis que no estudo do pasado histórico, confían os seus animadores na afirmación criadora do autóctono desenrolado a traveso do idioma, como resorte vital pra faguer repuntar a conciencia colectiva do país. E o certo é que en poucos anos falouse máis en galego que denantes nun século.

O grupo fundador da primeira Irmandade, uns meses despois de se constituir ísta, tira do prelo o número inicial dun quincenario baixo o rubro de “A Nosa Terra”. Dende a data da súa aparición —14 de novembro de 1916— o boletín convírtese no órgao de expresión ideolóxica das “Irmandades da Fala”.

No ano seguinte, e por iniciativa de Porteiro, celébrase en Lugo unha Asamblea das Irmandades. Os resultados da xuntanza son considerados polos seus máis calificados persoeiros, como un feito de positiva importancia pra Galicia. A iste respecto, escribe Noguerol Buján: “Nela, o espírito dos membros das Irmandades, debido á súa amplitude de criterio e á perfecta comprensión do problema, non engorraron na estreita caracocha dunha forma de goberno determinada, e as distintas correntes de opinión en que se alcontraba esnaquizado o pensamento de Galicia, conviñeron nunha serie de puntos concretos —sin se preocupar dos principios de onde manaban as aspiracións coincidentes— creando o xérmolo da *unidade moral* de Galicia”.

A dita asamblea inaugura a riola das que, en anos sucesivos, iránse desenrolando noutras cidades do país. Santiago é o escenario onde se celebra a seguinte. Convídase públicamente a participar nela, a cantos se amosen conformes coa necesidade dunha baril actuación cidadá e anticaciquil en toda Galicia, como punto de partida pra a súa redención espritoal, política i económica. As conclusións acordadas abranguen aspectos de diverso orde: Solicitar o establecemento de Escolas Agrícolas en Galicia; demandar pra o Catastro un carácter axeitado ás condicións da nosa propiedade; pedir a creación dun Insituto Galego de Reformas Sociáis; opoñerse á emigración da muller galega, e fundar en Galicia unha Bolsa de Traballo galego-americaná pra fomentar a instrución técnica e facilitar a expatriación. E, no terreo cultural, xestionar a dotación de cátedras de Dereito, Historia, Língoa e Literatura galegas na Universidade compostelá, ao tempo que a creación dunha Universidade Industrial.

Na terceira asamblea, que ten lugar en Vigo, xa se fixa que seña esta a cidade de emprazamento da Universidade Industrial e Mercantil. E amplíase o programa de insino de materias galegas aos estudantes, no senso de que se espriquen noções de Literatura galaico-portuguesa en Institutos i Escolas Graduadas. No orde fiscal e social, acórdase, antre outras cousas, que sexan entregadas, pra o seu aproveitamento particular, as terras incultas poseídas polo Estado; que se adoiten medidas lexislativas pra rematar co ausentismo dos propietarios; e que todos os impostos se troquen nun imposto único sobre a riqueza.

Pouco tempo pasado dista xuntanza, prodúcese un importante feito cultural auspiciado polas Irmandades: O primeiro intercambio artístico-cultural antre portugueses e galegos. Ven a Galicia Leonardo Coimbra, e no Círculo de Artesanos cruñés dicta unha conferencia sobre "O pensamento filosófico de Anthero de Quental". A viaxe deste persoeiro intelectual de alén-Miño, serve pra estudar, conxuntamente, as bases dun contaito espritoal intenso e serio antre ambas terras.

Tamén por istas datas emprincipíase a solenizar a festa de Santiago, o 25 de xulio, cun senso esaltativo da galegitude. E así é como nace a nova tradición de conmemorar o "Día de Galicia".

No mes de febreiro de 1922, celébrase en Monforte de Lemos a coarta Asamblea das Irmandades. Daquela é nomeado un Conselleiro Supremo —pra percurar a unidade de acción— coa facultade de poder desinñar cinco conselleiros auxiliares e os Consellos técnicos precisos. A política da língoa sigue sendo a política máis concreta e definida do movemento. E os asambleístas de Monforte, reafírmanas nestas conclusións:

Faguer un Dicionario do idioma galego; desenrolar unha intensa propaganda nos centros de insino, conforme ao plan pedagóxico das Irmandades; solicitar dos poderes públicos o dereito a redactar en galego os documentos notariáis, e que seña galegos todos os funcionarios xudiciáis.

A tarefa cultural das "Irmandades da Fala", non ten só un signo minoritario. A súa proiección chega a estesos seitores do pobo. Pra nos decatarmos do activismo de que fan gala, abóndanos unha referencia aos feitos que, nun período de seis meses, se producen neste mesmo ano do que tratamos:

Ramón Villar Ponte edita a súa "Dotriña Nacionalista". Celébrase un homenaxe a Pondal, Curros e Chané, no que falan en galego varios oradores. Nunha asamblea das Diputacións, pra se ocupar da custión do millo, pronuncia Peña Novo un brillante discurso no idioma natal. Comeza a se publicar "Céltiga", no Ferrol. En Santiago estrénase "Trebón" —a peza teatral de Cotarelo— i exprésase na nosa língoa, nun discurso, o profesor Cabeza de León. Sáí do prelo a "Gramática do idioma galego", de Lúgrís Freire. En Madrid, Ramón Cabanillas fai o número-pro-

grama de "As Roladas", un boletín pra os nenos galegos. Xurde en Pontevedra a noveliña mensual "Alborada". Prodiganse nos xornáis as colaboracións na propia fala. Castelao celebra unha exposición dos seus dibuxos. I en varias vilas e cidades do país fanse representacións de pezas teatraís en galego...

PENSAMENTO IDEOLOXICO

Hai en todos os persoeiros do movemento das "Irmandades da Fala", un anxeo de vitalizar a espritoalidade galega pra lle poder dar a ísta valencia universal. Entenden que só preservando as nosas enerxías autóctonas, a nosa capacidade de creación, poderemos contribuir a arrequecer a cultura do mundo, incorporando a ela as nosas creacións inéditas.

O propio fundador do movemento dí istas palabras ao respecto: "O cosmopolitismo é síntoma dunha cobiza material. O universalismo, ao rivés, é frol de diferenciación, matizada nas almas, que a paisaxe e os costumes, coa tónica tradicionalista, fai xurdir nun pobo pra ben de todos os pobos, aos que resella e fai tributarios dil, pón dolles o rubro do seu *ser* eterno. O cosmopolitismo é meio, namentras que o universalismo é fin".

Un dos definidores que máis teimudamente ten insistido sobre os diversos puntos da ideoloxía das Irmandades, é Xoan Vicente Viqueira Cortón. Inda que oriundo de Galicia, nace en Madrid, i en Madrid edúcase. Discípulo predilecto de Giner de los Ríos e de Bartolomé Cossío, sinte unha firme vocación polas discipriñas filosóficas. Fai en Alemania varios cursos de Filosofía, i escribe algúns libros e folletos, entre iles un de Sicoloxía infantil. A raíz de se fundar a primeira "Irmandade", ven destinado a Santiago como catedrático do seu Instituto. Desde alí manda un artigo ao boletín "A Nosa Terra", no que fai profesión de fé galeguista. Como conseqüencia, entrevístanse co xoven catedrático, Antón Villar Ponte e Porteiro Garea. Daquela pactan todos tres, estreita alianza ideolóxica; e xa en diante, deica a súa morte, Viqueira pon a súa vontade e a súa cultura ao servizo da nova idea.

Viqueira considera que España é unha suma de concretos; o único xeito de traballar por ela, é traballar polos concretos que a forman, e dos que é —como dín os matemáticos— función.

O degaro universalista aniña tamén no pensamento viqueirán. Il mesmo confesa que tanto máis lonxe da terra sealcontra, máis galego se sinte. "¿Non foi en París, en Berlín, en Londres, onde máis choréi a nosa decadencia? Era que alí sentía o que poderíamos valer. ¡Os nosos chamados cosmopolitas teñen que adprender a enxergar o mundo! Daquela fáránse galeguistas". Viqueira parte do feito de que Galicia ten un fin moral que compripr: tragner á grande obra cultural da humanidade, a súa individual, enxebre civilización. E, recíprocamente, a humanidade

precisa dela como dunha máis pra a súa plenitude. A súa visión, desentendéndose do pasado, olla cara o porvir. A súa Galicia non é a que foi, sinón a que será; non é a de onte, sinón a de mañán, pois si grande ten sido a nosa historia, meirande pode xurdir o futuro noso.

Viqueira, que cobiza trocar a Galicia dun arrabaldo nun centro, sintetiza así o seu ideal: Un pobo culto, traballador, creador do máis outo que esista, nunha terra fecunda; unha imensa perspeitiva de searas e bosques, de talleres, de portos, de poesía, de ciencia, de ideal... Esa é a súa Galicia futura.

A arquitectura ideolóxica de Luis Porteiro Garea, érguese por riba de semellantes alicerces. Porteiro é un xurista, e co esa mentalidade trata custións do noso dereito, de socioloxía, de cousas agrícolas, de temas industriais. Pero, ao propio tempo, é un político; máis que un doutriñario ou un idealista, é home de realidás. Afirmar a existencia dun dereito privativo no país, en grande parte sin estudar; i estima que hai que afondar ben na nosa vida, nas nosas miserias e no noso carácter, antes de se meter polas pozas a dar leis a Galicia.

Pra Porteiro, o que vaia en contra do frorecimento da cultura galega, en todos os ordes, é un mal español; sinxelamente, porque con tal actitude o que desexa é o aletargamento dun seitor de España. E na defensa da cultura propia, emprega, como é natural, o argumento da língoa. Estima que a língoa ten unhas raigañas moi fondas na ialma da raza, cando non foron capaces de a enterrar pra sempre os abandonos alleos e os propios abandonos. Ese idioma é un realidade forte e latexante que temos esquecido, pero que vive no noso esprito; hai que esnaquizar a lousa que a cobre, faguendo eisame de conciencia, e reconlando e peneirando os valores informantos do edificio da cultura así como as espranzas da raza.

O civilista lugués sostén que o noso xeito de falar é froito sagro da configuración do chan, refrexo do ecoar dos montes, vales e mares nosos; unión consustancial do home e a natureza, por miragre do verbo, da palabra que a terra devolve a quen a pronuncia, matizándoa. I engade aínda: Falando na súa língoa, os homes das "Irmandades" formulan nela as súas pretensións políticas, e a ela aportan valores da cultura moderna.

Do pensamento que Villar Ponte, Porteiro e Viqueira —pioneiros do movemento— espaxen polo país, tírase nidiamente a liña ideolóxica na que se moven; liña que vai cobrando corpo i estroitura de preciso doutriñamento. Porque todos iles, e os que despóis os secundan, profesan, sí, un apaixonado sentimento de amor á súa terra. Pero non é só un sentimento o que profesan, é unha doutriña; unha *convicción*, unha fé. E mesmo unha *vontade*; a vontade de afirmación da persoalidade de Galicia en todos os ordes.

O principal da súa ideoloxía ven ser, así, a afirmación da persoalidade trascendental de Galicia. Desa existencia metafísica que vive por riba e no fondo de todos os galegos, da que todos participan, da que xurde toda creación enxebremente galega en calisquer orde da vida. Ten un senso espritoal i é, denantes que toda outra cousa, autoctonismo, "enxebreismo".

Mais os fundadores das "Irmandades da Fala", pra lle dar canle á súa ideoloxía, encádrana nunha doutriña etno-cultural e social. Nunha doutriña que abrangue todas as manifestacións da vida do país: todos os aspectos do pensamento, do sentir, do saber, do traballo, da tradición e da espresión dun pobo; todos os seus bés acugulados pola historia, e as súas arelas e cobizas pra o porvir.

Concordes con ista conceición de autoctonismo integral, propóñense a reconstrucción enteira da vida galega, asegún a súa tradición enxebre. É decir, percurando a fonte vivente e acochada de toda creación cultural galega; revelando a auténtica faciana de Galicia, encoberta baixo dunha mimética carantoña de prexucios importados de terra e de xente alleas.

Os homes das "Irmandades" consideran que Galicia ven sendo un pobo de desleigados que rompe coa tradición propia, e quere acoller unha allea enteiramente rifada co seu temperamento, coa súa maneira de ser. É o desleigamento, a perda da conciencia galega. Galicia dálles a sensación dun pobo suicida, dun pobo que se quere anular a sí mesmo, que quere afogar as súas características. Frente a ista realidade, eles, consustancializándose coa voz da ialma anterga do país que desexa seguir sendo galega, pura, inconfundíbele, déronse a traballar pola restauración dos valores autóctonos, iniciando unha reacción vital.

POLITICA DA LINGOA

Deixamos indicado xa coma o eixo espritoal do movemento das "Irmandades", xira arredor da cobiza de conquistar pra a língoa galega un enteiro siñificado cultural e social. Pois ben, no cultivo intenso da fala como meio espresivo cotián —no libro, na conferencia, na revista, no xornal, na vida de relación...—, alcóntrase o segredo motriz dista nova xeira de rexurdimento, a súa conciencia e o seu alcance. Non hai dúbida que os homes do ciclo precedente chegaran xa ao convencemento do poder aglutinante da língoa; e mesmo tiñan teorizado abondosamente sobre da súa valencia como instrumento de cultura, e como reservorio da persoalidade galega. Mais, no terreo práctico, empregábana só de xeito esporádico nalgúns mesteres culturáis, particularmente na poesía.

Agora, en troques, o seu cultivo chega a todos os eidos da vida cultural e social do país. O xurdio empeño ten un positivo

alento vitalizador. Porque a fala incorpórase de novo, paseniñamente, ao mundo que de antigo abandoara.

Dende o século XV, a língoa galega tiña perdido, por desuso culto, o empaque meieval que lle depararan os seus poetas. As correntes da nosa cultura, despóis de Macías, desvíáronse cara o idioma castelán. Galicia, nas súas relacións co resto de España e o mundo, deixou de empregar a fala vernácula. Conservábaa no seu territorio, pero xa sin literatura nin outros cultivos. E así foi empobrecéndose, deica arribar a tristentos areeiros, a peiraos melancónicos, nunha illa case.

A língoa, abandonada ao pobo, tiña que decaer, previa corrupción inevitábele, semellante á do grego contemporáneo e á do latín formulario. Foi mingoando o caudal dos seus vocábulos, adulterándose a literalidade das voces; e a ortografía, peza mestra da lingoaxe, cobraba formas encaprichadas, posto que o galego meieval era desconocido. Producírase unha mistura no idioma, infruenciado e tocado de castelanismos, porque lle fallaban os diques de contención que outras línguas opoñen ao asimilismo: Academias, universidades, xornáis, literatos, empregaban somentes o castelán.

Pero iste mesmo galego, adolecido de mistura e decadencia, é o que emprincipia o proceso de revalorización lingüística, compañeiro do enlevamento das ideas restauradoras da persoalidade espritoal do país. Ben é verdade que, pesie ao enflebecemento, o caudal da fala seguía a ser grande i escolleito. Porque quizaves, de antre as línguas peninsulares, é a galega a máis queda e a máis súa, porque fora dos conocidos infruxos históricos, arraiza como ningunha outra da Iberia, no propio fondo tradicional román. E dese xeito, afirma García de Diego, o fino esprito de ouservación e a pacífica transmisión secular, fixeron que —a igoaldade de caso— antre a masa oral que manexa un labrego galego e a que conserva un campesiño doutra rexión española, a ventaxa en cantidade e fineza de análise sexa do primeiro.

Ista fala, gardadora de formas arcaicas por desuso literario, reducida ao emprego familiar e rural, tivo a virtude suprema de conservar o máis fundamental do esprito do país. Emporiso dí Villar Ponte, das xentes que o refugan: “Perderon o sangue do esprito, que é a língoa natural; perderon a autonomía dos sentimentos, que só a língoa propia mantén acesa; e fican trocados en *turistas* na súa terra, que van percorrendo guiados por unha cultura fría que lembra aos antipáticos *cicerones* todo o que foi. Avergónñanse da súa ialma e da súa natureza, pois a tanto equival avergónñárense da língoa propia que é o froito máis esgrevio de toda raza, o siño máis outo de creación, a proba máis forte e honrosa da persoalidade orixinal de todo pobo”.

Ningunha das figuras representativas da etapa de restauración cultural de que vimos falando, se esquece de atribuir á lín-

goa a función de conservadora da persoalidade —e mesmo do “ser”— de Galicia. Si Galicia sobrevivíu e ten como pobo —non como grea de homes multitudinar e sin conciencia— un porvir diante e unha misión histórica, é somentes porque conta cunha fala de seu. Unha fala de seu con tradición literaria, e polo tanto con posibilidade de creación diferenciada. Ou seña: unha voz merecente de ser ouvida no mundo.

Velahí porque estiman de vital importancia a rehabilitación idiomática. A língoa é a forma necesaria de entendemento. Non hai creación sin pensamento, nin pensamento sin palabra. E sendo así, manteñen a afirmativa: Soio con língoa propia pode térese unha cultura propia; somentes con cultura propia pódese faguer figura no mundo, pois os pobos con cultura emprestada nin siquera pertescen á historia.

Un dos instrumentos que as “Irmandades da Fala” empregan pra vindicar o idioma diante dos galegos, é o teatro. O teatro galego non esistía, agás algúns vilancicos en forma dialogada ou certos diálogos satíricos, que poden sinalárense como embrións da arte escénica. Os verdadeiros albores do chamado teatro galego, datan do ano 1882. Daquela estrénase no Liceo Brigantino da Cruña, o primeiro drama galego da época contemporánea, tidoado “A fonte do xuramento”. O seu autor, Francisco María de la Iglesia, escolante que soupo infundir nos seus discípulos un fondo amor ás cousas galegas, foi tamén poeta e un dos precursores do folklorismo en Galicia. Coa esceificación da súa obra xurde o precedente do labor que máis tarde cobraría amplo espároxemento. Un labor encetado primeiramente na etapa rexionalista, coa “Escola Rexional de Declamación”, presidida por LUGRÍS FREIRE.

Pero a formación conscente do teatro, como meio difusor da fala, é obra das “Irmandades”. No ano 1919 crean e sosteñen un “Conservatorio de Arte Nacional Galego”, e con posterioridade unha “Escola Dramática Galega”. Baixo os seus auspicios, estrénase “Man de Santiña”, unha “farsada en dous pasos” de Ramón Cabanillas. Trátase dunha peza onde se misturan a realidade e a pantasía. Cántase nela ao amor primeiro e aos vellos murchos e acobillados no corazón; cántase á Terra, divinizando a patria; esáltase a paisaxe; idealízase a nova política rexional... Pero, por riba de todo, tenciónase soerguer ao idioma galego dende a condición dialectal coa que amosaron outros escritores, á de língoa ricaz, fermosa e flesíbele.

Se non alude eiquí, xa que logo, ás calidades teatraís desta obra que, como moitísimas outras, viñeron cumprir unha finalidade craramente definida. O teatro galego, ao se ir formando e proliferando, non percura a conquista dos principáis escearios. Representase pra as xentes do pobo, de cuíu ambiente procede, coas coalidades e defeitos que son inafastabres do que xurde e

vive na rúa ou no turreiro. Ten unha intención: a de levar a fala galega ao escenario con finalidades proselitistas. E, independentemente da súa valencia artística ou da súa forza dramática, en che o ouxetivo lingüístico-social que perseguía. A realidade galega, ao ser levada ao teatro na fala natal, adquire un prestixio singular pra os espeitadores.

Con posterioridade, os propios animadores da tarefa destacan a necesidade de chegar a un verdadeiro teatro noso, percorrendo outros vieiros. Villar Ponte, por exemplo, apunta o camiño do folkdrama, ao xeito do cultivado en Irlanda. E pide que se vaia recollendo dos beizos das vellas galegas toda a riqueza lexendaria da nosa tradición; algo semellante ao feito por Yeats na súa terra, pra acadar a belida simbolización de Irlanda na sinxela, poética e pequena obra "Cathleen in Houbiham".

Mais o probrema así prantexado, é custión da que non corresponde tratar nestora. É de feitos e non de posibilidades do que andamos a falar. Nese orde dos feitos, non cabe dúbida que o teatro galego —seña ou non seña de calidade— servíu de axeitado canle pra a difusión da língoa a traveso da obra de creación literaria.

Outro dos meios dos que as "Irmandades" se valen pra desenrolar a tarefa do rexurdimento idiomático, é o do insino. A tal ouxeto crean as "Escolas do Insiño Galego", anexas á Irmandade cruñesa. Veleiqué as bases estabrecidas pra o seu funcionamento: O insino faráse no idioma español, si ben utilizando tamén o galego; gobernaránse autónomamente por un Consello administrativo; a primeira escola será pra párvulos (4 a 7 anos); despóis diste grado, constituiráse a escola elemental; ningún escolante terá ao seu cárrego máis de cincoenta alumnos; o insino será gratuito, así como os libros e demáis material; non serán ademitidos máis que nenos galegos e fillos de galegos.

E aínda, no mesmo empeño de servir ao esparexemento da língoa, chégase a imprentar o "Vocabulario das Irmandades", pra iniciar aos novos escritores no coñecemento da nosa fala. Os varios vocabularios que xa existían no país, eran todos galego-casteláns, pero non se dispuña de ningún castelán-galego. Emporiso, o esforzo manifesto na breve edición oriéntase a cubrir atal valeiro.

En definitiva, os homes que dirixen o movemento das "Irmandades", traballan arreo cara un ouxetivo que consideran básico: o fito do rehabilitamento idiomático, nun senso pleno e total. A língoa estaba ahí, viva na boca do pobo. Pero había que a reintegrar ao seu canle antergo; erguela de novo, dende a condición de idioma proletario, a idioma de cultura e de comunicación en todas as esferas sociáis. Esa é a tarefa na que queiman os seus esforzos; e inda que con escasos meios, os resultados outidos son certamente froitíferos.

O labor desenrolado polos homes das "Irmandades da Fala" complementábase, nun orde estrictamente cultural, co que realizan os homes que integran o chamado grupo *Nós*. Uns e outros, actuando na mesma liña operante de restauración galega, forman a que desinañaremos co nome de "Xeneración *Nós*".

Imos soslaiar, dende logo, o probrema metodolóxico que prantexa a adoição da palabra xeneración como suxeto ou faitor histórico. Craro que se podería disertar longo e tendido sobre a "xeneración" en Rickert, Dilthey, Ortega, e mesmo en Laín ou Mariás. Bizantinismo puro, e pura perda de tempo. Pra nos entender recurriremos á fórmula corrente, sin rasgueos metafísicos: Agrupamento de homes que aparecen con ideas craras e propósitos definidos, nun intre crucial da vida dun pobo.

Tencionamos trazar así, un esquema do pensamento da "Xeneración *Nós*" que ten afirmado o seu pé con forza decisiva na escea intelectual galega. E adiantaremos, que reputamos o seu esforzo coma o máis fondo e desintresado análise que se ten feito en Galicia pra se comprender a sí mesma. A súa conciencia da verdadeira Galicia, induciu a esa xeneración a formular postulados que é posíbele aceptar como a correita interpretación da experiencia histórica do noso pobo. Hai, xa que logo, sinceridade, pulcritude, boa fé nas súas arelas.

A liña que os membros da xeneración siguen, é unha liña de reencontro. E cando o reencontro se produz, prodúcese tamén a obra creadora e vitalizadora na que todos colaboran. A xeneración é amplamente espresiva nas súas inquietudes esenciais. E os seus compoñentes simultanean o amor polas cousas da Terra cos degaros de horizontes universais. Pra os xulgar, hai que os medir pola outura das súas ambicións. Porque, por primeira vez en Galicia, atopan a clave da medida do país e sábenos medir, mesmamente, en función de algo universal; non á medida, como teñen suposto algúns dos seus detraidores, das súas posicións de campanario.

A ideoloxía culturalista, revelada polos persoeiros do grupo *Nós* aliméntase no propio cerne da espritoalidade galega. Nas esenciais autóctonas, zugándoas no manantío natural da tradición, recollen o pulo pra recrear a cultura propia... E, naturalmente, a súa tarefa ven calificada por un siño minoritario. Pois non existe cultura posíbele sin unha minoría escolleita que constituía a súa armazón; non é posíbele unha política determinada, sin un grupo que a teña concebido e que a leve a cabo. Todos os pensadores actuáis están de acordo nistes dous principios sociolóxicos. E mesmo Arnold J. Toynbee ten construído unha das partes máis logradas da súa interpretación da orixe das civilizacións, encol do xogo sutil dos criadores de cultura, e as minorías que se lles achegan e aceptan as súas doutriñas.

Mais, denantes de suliñar os aspeitos que singularizan a obra cultural da "Xeneración Nós", compre a referencia ao proceso formativo de algúns dos seus máis caracterizados membros; e tamén ao proceso de reencontro ao que temos aludido denantes.

Na propia xeneración da que falamos, hai que considerar aínda unha célula viva e fundamente representativa: a que persoifica o "Cenáculo ourensán", do que compartillan Vicente Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas. Todos tres teñen feito, en diversos escritos, unha como a xeito de autoconfesión na que se pode percurar a historia que, como homes e como grupo, protagonizan.

Bótase de ver neses escritos, que a tónica definidora de atales homes, nos seus tempos mozos, é a insatisfacción, o inconformismo, a rebeldía. Considéranse auténticos "vencidos da vida", mesmamente por "inadaptados". Adeprenden dos seus mestres a odiar o tempo que lles toca vivir. Tencionan fuxir do meio que os arrodea, e acobíllanse así na idea do arte considerado como "evasión". Son rexamente "individualistas"; contra do ambiente social, real e ideal do seu tempo, opoñen o celo da súa liberdade; teñen noxo ao adocenado, ao vulgar, ao común, e mesmo por iso danse a percurar os mundos esóticos.

As lecturas xuvenís pónennos en contaito vivo con Europa. Todos eles son esgrevios devoradores da letra impresa. ¿Qué lén durante a súa lectora mocidade, eses homes do cenáculo ourensán? Todos teñen lido, máis ou menos, os mesmos libros estranxeiros, carretados polo gosto universal de aquela hora.

Escoitemos, nembargante, o testemoño dos propios protagonistas. O máis esprícito é, quizaves, Vicente Risco. Eis a lista que nos amosa.

As preferencias afíncanse nas obras francesas, que lén no idioma orixinal: Baudelaire, Verlaine, Mallarmé, Laforgue, en poesía; Huysmanns, Peladan, Lorrain, no conto e na novela; Remy de Gourmont, na crítica; e o belga Maeterlinck, no teatro. De Inglaterra lén, en traducións, a Ruskin, Carlyle, Swinburne, e Rosetti. Frecoentan as páxinas do norteamericán Edgar Poe, do italián D'Annunzio, dos portugueses Lopes Vieira, Eça i Eugenio de Castro, do nórdico Ibsen. Naturalmente, están familiarizados coa poesía rubeniana, con Ganivet e os primeiros modernistas españoles. As lecturas catalás limitáanse a Maragall e ao Xenius da época inicial. E o gosto polo esótico satisfáno bebendo nas producións de Tagore e no Omar Khayyan. Inda atenden a súa curiosidade filosófica, nos textos de Nietzsche, Ruysbroeck, Novalis i Emerson.

Risco non só enumera as lecturas que os homes do grupo fan, sinón que revela agudamente a súa actitude pensante. Estima que viven, como quen dí, cun pé no fin de século, ou sexa no humanismo derradeiro, e con outro na noite da nova Edade Meia. "Dentro dos descendentes de fin de século, continuamos a corrente mística do romantismo (Schleirmarches, Shelling, Schle-

gel, Novalis), e do mesmo fin de século (Wagner, Verlaine, Maeterlinck), corrente que xa existe no Renacemento". O fin de século —engade— ventou a ialma, i emporiso foi neorromántico. I eles son neorrománticos, e tráxicos e apocalípticos por eso mesmo. A súa actitude correspóndese cunha moral individualista. No fondo, a moral do culto do *eu*, pouco denantes padricada por Maurice Barrés. Cada ún pon o seu empeño en dar á súa vida un rumbo persoal e distinto.

Son ademáis esotistas —como fica dito—, partidarios do lonxano, do recuado, do desconocido. O seu ensono vai cara as terras estranas, onde se non conocen as máquinas, e os homes non levan chistera: os recantos, inda case inéditos da India, do Thibet misterioso; ou cara os tempos antigos de Exipto e de Babilonia. E andan así a peleriñar polas cosmogonías e polas culturas en demanda do insólito.

¿Qué idea lles esperta a todos istes homes, o mundo que os arrodea, namentras as súas almas non espertan á vida espritoal galega? ¿Qué estímulos históricos actúan na súa mente recén nada, e no seu incipente corazón?

O mundo pra eles non ven ser máis que unha cousa que hai que aturar cunha postura de dandysmo. En todo caso, sinten fondamente o que os afasta do que os achega aos outros homes. Levan canda sí o "pathos da distancia", que decía Nietzsche. Non opoñen á sociedade que os arrodea, sociedade algunha futura. A súa rebeldía consiste en arredárense espritoalmente da sociedade, en desaparegárense das súas tendencias e dos seus problemas; en illárense, na súa outiva indiferencia, dos seus afáns e das súas loitas, e cumprir o seu rol sin destino e sin pena.

Tamén Cuevillas ten contado esa mesma historia da súa primeira vida inteleitual. Esa conceición do mundo, que labran nos verdes anos da mocidade, ao acobillo dun tempo no que trunfa o decadentismo, o simbolismo, ou o nephelibatismo. Cuevillas e os seus amigos síntense alonxados —pero alonxados con senso despeitivo— de todas as orientacións políticas, sociáis ou científicas da civilización occidental. "Entocados nas nosas torres de almasí, ben acochados no himation dos gregos, no alboroz dos árabes, ou nas túnicas de Oriente, viviamos pensando no que xa pasou". No mundo emprincipian a se producir xa daquela, anovamentos trascendentes. Pero apesares deso, apesares de Withman, de Verhaeren, de Marinetti, "non chegamos —engade— a pousar a un lado as vestes de Oriente, pra vestírmola chaqueta, e seguimos envoltos nas nosas soñacións".

¿E Otero Pedrayo? Otero Pedrayo fai, asemade, a confesión que conta a andadura do grupo por camiños desnorteados. A confesión ven feita nunha novela. Tidúase "Arredor de sí", i é como unha autobiografía espritoal que ilumina a formación inteleitual e a consagración galega dos homes do agrupamento no que Otero figura como membro.

Adrián Solovio protagoniza o relato. O individualismo, o egocentrismo, o peleriñar arreo por estranos universos, mantéñenno en permanente desacougo. Inteleitual desorientado, gosta dos incentivos da moda, e sofre de non poder debullar todos os libros novos. Considérao necesario pra ser un home ao día, pois é home que se satisfai coa cultura do día. Quere habitar decontado a súa luxosa torre de ideas, mais dubida sobre cal ten de ser o estilo da torre. ¿Filosófico, literario, ensaístico, crítico...? Adrián mergúllase nas lagóas de moitas tentativas. Adica longas horas ao estudo e á matinación; pero de remate, os seus esforzos fican asolagados polas augas mortas da vulgaridade. Do mesmo xeito que o grupo que persoifica, anda a dar voltas arredor de sí, sin se atopar enxamáis de todo. Ensaia moitas culturas, variadas discipriñas, e só chega a albiscar a súa salvación cando regresa aos eidos natales. Naquil outono no que Adrián Solovio volta ao fogar nativo, emprincipia a sentírese, cando menos, dono dun camiño.

Desde o primeiro persoaxe de "Arredor de sí", afinándose na terra propia, dase a falar no vello idioma dos seus devanceiros, sinte todo o seu ser anovado; decátase de non ter xa que loitar contra da língoa demasiado feita e traballada, que lle impuña unha retórica moitas veces enxoitadora do ceibe nacer do pensamento. Na mesma indecisión da fala recobrada, olla unha garantía de mocidade. A súa vida, dende agora, identifícase coa vida de Galicia. Xa non é novela, nin esperencia sicolóxica. Xa é historia. Pois Galicia tamén comeza outravolta a ser historia, desde adprendeu os camiños pra atopar a conciencia de seu, e deixou de andar como unha cega arredor de sí mesma.

O héroi central do libro oterían ven resultar, ao cabo, un árdigo defensor do particular e diferenciado, que leva ao universal. A tese cobra rexo valemto contrapóndose á cosmopolita, xeneradora de mimetismo, que profesa o seu hirmán Xacobe. Iste persoifica o pragmatismo transitorio que todo llo concede á moda; aquíl o idealismo inmorredoiro que chega ao xeito orixinal, pra se adonar del íntegramente após de serios rachamentos interiores.

Nas páxinas que vimos de citar, tanto como nas que Cuevilas escribe baixo o rubro "Dos nosos tempos", e nas que Risco traza no revelador ensaio, "Nós os inadaptados", pódese seguir a liña formativa do agrupameno ao que os tres escritores pertescen. Nelas dexérgase, asemade, o trasacordo que os impulso ao redescobramento das enxebres esencias do seu país. Porque dentro de todos eles, constituíndo o máis fondo do seu ser, estaba a ialma de Galicia.

O camiño de reintegro xa emprincipian a presentilo, denantes de se avincallar á tarefa de pescuda e criación no propio idioma. Óllase o refrexo diste presentir, nos traballos que en

“La Centuria” aparecen. Trátase dunha revista neosófica, fundada por Risco e Noguerol no ano 1917, e da que se editaron sete números. No artigo-programa díse: Os iniciadores teñen querido aproveitar no inteleitual o instinto aventureiro da raza. Tencionan crebar o ritmo habitual das ideas. Coidan que o home moderno ten o dereito e a obriga de interpretar as cousas doutro xeito, de alcontrar en todo novos siñificados, de enxergar o mundo cun espírito recén nado. Nefeito, nos días actuáis a sensibilidade tense agudizado en certas naturezas deica o punto de que cen perspeitivias insospeitadas están a piques de se revelar. Así naz nesos homes do século XX, un estado de alma que en nada se asemella ao do indecoroso século que remata de pasar. Ata o pasado víveno cunha alma nova, e a grande guerra presente, cecáis é o gran bautismo de sangue do que a ialma de Occidente ten de saír rexenerada, e volta a nacer pra unha nova fé.

E remata con istas palabras de afirmación: “A casualidade ten feita nacer ista pubricación neosófica en Ourense. Ourense está alonxada seiscentos kilómetros de Madrid, e quizaves menos de Nova York. En todo caso *La Centuria* ven acurtar ista derradeira distancia”.

Eis un programa que inxire propósitos de anovamento; un programa que decrara unha fé nos que, deica entón, se singularizan polo seu escéitico individualismo. Nas columnas de “La Centuria” albíscanse xa os acentos dunha laboura construtiva. Os acentos precursores do proceso de identificación coa verdade galega. Mais o chegar a conocer ista verdade é —asegún Risco— o resultado necesario da introversión, do asolagamento alteiroso e soberbio no seu propio eu que tipifica aos homes do Cenáculo ourensán; é o resultado preciso do seu barresían culto do eu. “Viñemos a descubrir que Galicia, oculta ao noso mirar por un mesto estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filístea, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, coma os que andabamos a percurar por ahí adiante...”.

NOVO CICLO ESPRITOAL

Xa están os homes do Cenáculo ourensán —o antigo agrupamento dos “inadaptados” —na liña de total reintegro ás esencias da súa terra. As circunstancias penosas porque atravesara Galicia, e o mirála alonxada do seu espírito peculiar, fanlles aprestárese a intervir, a empregar a súa voz e a súa pluma ao servicio da cultura autóctona.

Pregúntanse daquela, qué somos, qué é Galicia, qué é ser galego. Sinten a Galicia como probrema: probrema o seu pasado e o seu porvir, o que ten sido e o que pode agardar, o senso da súa historia e a súa realidade presente e latexante de cada hora. Debuzados sobre da terra natal, co corazón remexido e a ialma

tensa, escoitan os seus pálpitos. Cos ollos abertos e traspasado sentir adéntranse polos seus documentos ou a súa historia, polos seus vellos camiños, os seus moimentos, a súa tradición e a súa realidade vital, anxeiosos de recompoñer a biografía do país.

A tarefa non é agora deles sós. Outros homes, chegados doutras procedencias —escritores, artistas, poetas— coinciden tamén na angueira común. Os máis son xa conocidos na obra da reconstrución cultural galega. Difiren, certamente, na aventura inteleitual que teñen protagonizado. En liñas xerais, a súa formación ten raíñas máis populares que a que singulariza aos membros do cenáculo ourensán. Castelao, inda que universitario, vive en dereito contaito co pobo, do que zuga a cerne sustancia pra o seu arte. Cabanillas, a pesares do tinte humanista que adquire nas aulas do Seminario, faise poeta na emigración. E Lousada Diéguez, profesor de Filosofía, ven polos camiños do tradicionalismo a traballar no eido cultural galego.

Todos seis, con algún máis de persoalidade menos acusada, planean e fundan unha revista que, por iniciativa de Castelao, recibe o título de *Nós*, chegando a constituir unha definición. No outono do ano 1920 sai do prelo, en Ourense, o primeiro número, baixo a dirección de Risco. A síntese do ideal que axunta aos seus fundadores, é: Categorización cultural do autóctono; soerguemento da espritoalidade galega dende o plano da vulgaridade cotiá ao plano do trascendente, da universalidade. O senso unitivo que *Nós* traduz, venlle dado pola unidade fundamental dos seus colaboradores. Istes —asegún se revela no editorial de presentación da revista— poden ser o que lles pete; pódense poñer en calquera das posicións posíbeles respecto das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser hasta clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra, o desexo coleitivo de superación, a orgullosa satisfacción de seren galegos.

As páxinas da publicación ábrense tamén aos escritores de fora. Teixeira de Pascoaes manda, pra o número inicial, un poema seu. Phileas Lebesgue, que emprincipia a falar en Francia das nosas letras, figura cun artigo traducido, no que se inxiren as súas versións francesas de poemas galegos. O saber popular ocupa unha sección, e noutra danse novas de todo o movemento literario de Galicia. Castelao avalía a impresión, con viñetas, cabeceiras, iniciáis, froróns e colofóns artísticos de feitío románico.

En cada entrega mensual, *Nós* vai tracexando un nidio vieiro, que compre conocer pra se decatarse axeitadamente desta nova etapa básica no proceso da cultura galega contemporánea. Os traballos que se reproducen teñen grande variedade e interés: Versións ao noso idioma de textos de Yeats, e do armoricán Hrand Nazarianth; estudos filosóficos de Leonardo Coimbra, de literatura portuguesa, e de arte e literatura galegas; as pescudas arqueolóxicas de Cuevillas, ensaios económicos de Arturo Noguerol, o "Diario dun viaxe" de Castelao, os comezos da primeira

tradución a língua peninsuar da obra de Francisco Sánchez; os achádegos iniciais da citania de San Cibrán de Lás; a "Estética da Muíneira" de Euxenio Montes.

O labor vai máis lonxe, pois emprincipian a se publicaren os resultados dunha importante obra feita en equipo: As fontes narrativas pra a historia antiga de Galicia. Pero o labor interrúmpese, ao se ter que suspender, após do número 18, a revista.

Pasados dous anos xustos, a súa edición recomézase. Durante a nova etapa vanse incorporando ás súas páxinas moitos nomes deica entón inéditos. E, por outra banda, dá a conocer "A Edade do Ferro na Galiza" de Cuevillas, varios anacos do "Ulysses", postos en galego do texto inglés por Otero Pedrayo, "A Espada Escalibor" de Cabanillas...

Mais arestora xa non é únicamente o grupo *Nós*, o que dinamiza o labor da publicación. A él vense amecer o desenrolado polo *Seminario de Estudos Galegos*, que complementa e continúa a xeira cultural aberta polos fundadores do devandito agrupamento.

Os homes que fundan *Nós*, e poñen en marcha o novo ciclo espritoal da nosa cultura, teñen acretado que aman a Galicia dende as entretelas do seu corazón. O seu amor a Galicia e o seu rexeitamento da historia enxergábele, desvirtuadora do ser peculiar galego, lévaos a percurar outra Galicia no pasado, no futuro e na realidade mesma do país.

Naturalmente, os membros do grupo considéranse unha *élite*. Son, nefeito, homes intelixentes, cultos, de delicada sensibilidade artística e moral. E dende o plano disa condición, é como perciben o chamamento da ialma do seu pobo. Xulgan que, a base das *élites*, é como ten de espertárese a conciencia adurmentada do país, reconstituída a súa tradición. Minorías —de inteleituais, de poetas, de historiadores...— foran tamén as que os precederan no empeño de avivecer a conciencia galega e de refacer a súa cultura. Mais a que eles compoñen, chega a configurar a idea da reconstitución espritoal de Galicia coa acabada precisión que os Precursores non fixeran sinón presentir.

Por reconstitución espritoal entenden os homes da Xeneración *Nós*, a da personalidade trascendental, tradicional, autóctona, enxebre de Galicia; a volta á tradición auténtica galega, dedita no seu desenrolo, a súa restauración e a súa revitalización; non como unha recuada a un punto morto da historia, sinón como arrinque de toda nova criación. Ista criación ten de se faguer asegún o noso xenio peculiar, pola espontaneidade do pobo restituído ao seu ser enxebre, a reconquista de Galicia pola súa alma eterna. En suma: a regaleguización de Galicia.

A xeneración de que falamos quer pra Galicia unha cultura propia, verdadeiro produto da súa alma orixinal. Emporiso, desbota toda imitanza, toda importación de ideas feitas, elaboradas, e non acolle máis que a incorporación de cousas alleas de

puro procedemento. Entenden que ser diferente é ser esistente; a idea allea debe ser conocida i estimada, mais non imitada si-nón superada.

O camiño que albiscan aberto ás posibilidades de Galicia, ven ser: O que se nos ofrecerá aos galegos cando seipamos fundir en orixinal e fecunda unidade, dentro das nosas almas, a peculiaridade máis íntima da nosa caste e a peculiaridade máis viva da historia universal. Soio daquela acadaremos ser "homes galegos".

A regaleguización de Galicia chegará polo camiño do mergullamento nas esencias tradicionais, e polo do avincallamento ao mundo europeo. Risco espresa iste dobre ouxetivo, nas seguintes palabras:

"Eu quixera que a inteleitualidade galega se fixera tan si-quera europea. Galicia na Edade Meia era Europa. Temos que reintegrar o noso espírito ao espírito da humanidade. Temos que poñer a cultura europea en galego. Europeismo i enxebrismo conxugados dan o *atlantismo* (superoccidentalismo-supereuro-peismo). Europa é unha ponte e máis un camiño. Querémonos assimilar os *instrumentos de superación*. Por riba de todo, ergue-mos o atlantismo como unha bandeira de *avant garde*".

ESQUEMA DE ACTIVIDADES

Todos os escritores do grupo de que vimos falando, afincan a súa persoalidade e o seu esforzo cultural a traveso da xa citada revista "Nós". Pero tamén na Editorial do mesmo nome e no "Seminario de Estudos Galegos", principais institucións que coordinan o labor de case todos eles.

A actividade literaria e investigadora que desenrolan, amosa unhas cantas notas reveladoras. A vivencia da paisaxe galega trócase nun imperativo patriótico. Do pobo estudan o costume, as tradicións e a fala viva; mergúllanse no noso plasma xerminativo, adprenden do mundo popular. O testemoño enxergábele da tradición histórica —a superficial tradición dos sucesos— sería a literatura; o siño da firme tradición intrahistórica é a continuidade da língoa. Sinten a visión estética da paisaxe e a recordación do pasado. Emocionándose diante da Terra, cono-cendo a vida do pobo, dexergando intelixentemente as vellas creacións artísticas e literarias do país, cumpren unha misión que cada quen resolve ao xeito que lle é peculiar. Pero todos estiman que a forza de seren esencialmente galegos, acadarán seren humanos, universáis i eternos.

Vicente Risco é o ideólogo do grupo, que traballa denodada-mente na europeización da cultura galega e pon ao seu servizo a técnica moderna. O seu debezo de saber lévao dende a poesía lírica de Oriente, deica a "yurta" de teas de ouro do simbolismo

francés; da postura neosófica, refrexada en “La Centuria”, chega á profesión galeguista que en “Nós” sustenta con vóos europeos.

O labor proteico do escritor prodúcese nos eidos máis diversos. As discipriñas históricas e pedagóxicas encamiñan a súa vontade intelectual. E así anda a percurar nas cousas máis vellas e máis novas da ciencia e do arte, realizando unha verdadeira integralización cultural. Estuda no mundo, e matina na soedade; fai a viaxe de circunvalación por todo o prohibido; é como unha sorte de esprito-antena, propicio pra percibir e rexistrar o matiz menos grávido das derradeiras novidades filosóficas, científicas e artísticas. Os seus ensaios arredor do celtismo son dun interés notable; a sonada “Introdución a toda estética futura”, un expresivo refrexo da súa rebeldía antiacademicista. E fora do ensaio —no que abre novos roteiros á cultura galega— revela tamén innegábele talento na literatura de creación.

Pero hai que destacar unha faceta máis na persoalidade de Risco, que encerra valioso significado. Referímonos á súa tarefa de investigador no eido etnográfico. Preocupado de desencobar e de vitalizar os valores galegos, empalmando a tradición coa novidade, dase a pescudar —na destilación do consuetudinario— o alento xerminal do espontáneo.

A etnografía é —ninguén o desconoce— o estudo dos pobos e da súa cultura, ao menos tradicional, na que se espresa o seu xeito de ser, a súa alma. Cultura tradicional ven a ser así o mesmo que cultura popular. En Galicia, xa o P. Sarmiento tiña empregado a tradición popular en varias das súas pescudas. Os escritores románticos do XIX, recolleron léndas, costumes, creencias... do pobo. Murguía, en certa maneira, foi un mestre no traballo etnográfico. Aló polo ano 1884, constituíuse na Cruña unha sociedade de “Folklore gallego”, e os primeiros materiais recollidos polos seus membros, publicáronse na “Biblioteca de las tradiciones populares españolas”. Algún tempo despois, apareceu o “Cancionero popular gallego” de Pérez Ballesteros.

Pero é nos días que siguen á primeira guerra europea, cando se intensifica en Galicia a recollida de datos, e se emprenden estudos de conxunto. A revista “Nós” abre, dende o seu primeiro número, unha sección tiduada “Arquivo filolóxico i etnográfico”, na que se van recollendo noticias á par que se inxiren abondosos traballos de colaboradores. Con posterioridade, o “Seminario de Estudos Galegos” dá a conocer valiosísimas coleccións, sobre todo de mitos e léndas.

Nista obra de investigación, de inventario e de estudo, Vicente Risco é orientador e mestre. Ninguén deica el tiña tratado con senso científico e moderno, no noso país, a discipriña etnográfica. Pódese decir que é o primeiro que traballa, con seriedade e rigor, nos eidos da cultura popular galega, material i espritoal. A traveso da súa fecunda laboura de etnógrafo, comproba feitos

que denantes se trataran só intuitivamente. O escritor ourensán tira, das súas pescudas, espresivas conclusións: O pobo galego aparece con ribetes de paganismo, inda dentro do seu espírito cristián, por veces ledo e humorístico, outras melancónico e saudoso. O home vive confundido coa terra, e de ahí o seu sentimento da Natureza. A fala é o verbo da cultura propia, o verbo criador...

A persoalidade risquista, si fundamental pra a cultura galega no orde ideolóxico, ensaístico, e mesmo literario, abríllantase tamén, de maneira básica, no campo da pescuda etnográfica.

No mesmo plano que Risco aparece coma o home de pensamento da súa xeneración, Otero Pedrayo deséñase coma a máxima figura literaria e coma o grande sentidor e intérprete da paisaxe. Dende a fermosa solaina de pedra da súa casa petrucial de Trasalba, adeprende a dexergar os horizontes do país nativo, despóis de ter percorrido cobizosamente os múltiples vieiros da cultura universal. Esfolla libros de toda caste, e frecoenta como escritor todas as vertentes da literatura. Fai novela, teatro, ensaio, e mesmo poesía. A súa dimensión nistes ordes, e como orador de singular feitío, tense estudado xa abondosamente, e dende todos os ancos posibles. Pero hai un aspeito, quizaves menos tratado, da sustantiva obra pedraísta, que cobra importante papel como aportación ao estudo do verdadeiro ser de Galicia.

Falamos da intelixente visión que Otero revela cando interpreta as manifestacións históricas da nosa evolución cultural. Esta visión trascende, mesmo, de moitas páxinas da súa creación novelística. Tal é o caso, por exemplo, de "Devalar", novela histórico-cultural cuio protagonista é Galicia; unha Galicia refrescada en formas naturais e culturais de vida, que nos revelan parte do curso da súa existencia. Ou tamén o da tíduada "Os camiños da vida", por onde decorre, en grande medida, a historia interna do noso país durante o pasado século.

A interpretación otería da historia da cultura galega, reitérase asemade en varios dos seus ensaios. Un dos máis felices e belos, cecáis seña "Morte e Resurreición". Con todo, a obra de auténtico pulo, que se non reduz a unha época dada senón que abrangue a comprensión total de Galicia como persoalidade histórica, é o "Ensaio sobre a Cultura galega". Ordea neste libro, o seu autor, as variacións da nosa existencia cultural, dende os tempos primixenios deica a hora contemporánea: o século glorioso tras do homilde e sin relumbres, os días cumiantes antre-veirados de xeiras acerbas, e todo movilizao cara un estado de perfección.

Cátase nistas páxinas o sentimento vital das edades; revívese esa sensibilidade básica do país a traveso dos tempos. Os feitos pasados, as realidades trascorridas, se non estudan nunca arqueolóxicamente, e avivécense, pola contra, cunha xurdia forza

poética. O presente amósase coma o canle novo onde se perpetúa a fluencia do pretérito; a vida galega de antano anda a circular sucesivamente por arterias de anovado artello.

A musa que inspira o ensaio oterían, enxamáis se confunde, así, coa musa da historia erudita e fríxida, que opera sobre do pasado ao xeito que o disector sobre dun corpo morto. Eiquí todo é vida e alento poético, na revelación da continuidade que o ser de Galicia amostra todo ao longo da súa historia. De tal maneira, a obra descóbrese como un panorama —o primeiro— das grandes configuracións culturais do espírito galego no seu desenrolo histórico.

Ramón Otero Pedrayo, xeógrafo e historiador da cultura, é o único que chega a unha interpretación unitaria e coherente da nosa terra e do seu espírito.

Fillo dunha familia de emigrantes, Castelao vive de neno no mundo de alén mar. Estuda a carreira de médico en Santiago, e fáise despois burócrata en Pontevedra. Vai a París, en viaxe artístico, percorre os Países Baixos e a Alemaña, fala cos bávaros e flamengos, e se galego foi, volta á súa terra máis galego. Porque o galeguismo constitúe nel unha nota de fonda esencialidade. No conto, no teatro, no dibuxo humorístico, nas impresións de viaxes, nos traballos eruditos, o seu talento maniféstase en estreita comunión coa vida e co espírito do seu pobo. As prosas e deseños que crea, veñen ser condensadas sínteses de estados de ánimo —íntimas paisaxes psicolóxicas da súa terra— polarizados en anécdotas gráceis, cuio raigame se nutre do “fumus” da máis seria categorización folklórica.

Os libros de “Cousas”, por exemplo, constitúen unha galería de cadros da vida contemporánea. En realidade, toda a obra de Castelao é eso. A vida popular de Galicia é decote a materia da súa obra. El, como poucas figuras literarias, afonda no espírito galego, e logra unha visión do seu país caleturada a un tempo de fidelidade e de orixinalidade.

Pero o home de Rianxo é, sobre de todo, un artista do deseño. O seu lápiz amósase ás veces dramático, e traduz a cotío a superior ironía da súa intelixencia. Traza rasgos dunha liña agresiva, mais enturbada por unha dozura de comprensión. Abeira o problema económico e social de Galicia con preciso patetismo. Todos os matices psicolóxicos da inquietude galega aparecen vivos no aceso panorama dos seus deseños.

Nas caricaturas, asegún el confesa, escolle os rasgos esencialmente espresivos, e fuxe de todo o que considera ausiliar ou accesorio. Nelas refréxanse dúas notas distintivas, esenciais á ialma galega: lirismo e humorismo. A traveso do temperamento humorístico, chega Castelao a unha comunión co sangue da Terra. O sangue de Galicia trasfúndese nas veas do artista, e no seu cerebro lúcidamente visionario, ao decir de Risco. “As condicións es-

vaídas, as acedumes fondas, as arelas escuras que latexan no subcoscente da raza, os milleiros de cousas que durmen na conciencia subliminal de Galicia, toman idea e imaxe; Castelao vai-nas pictografiando, eternizando no papel os hieroglifos da ialma galega”.

Mais o seu labor se non limita ao labor de criación artístico-literaria. Anda tamén os vieiros da investigación —coma os máis compañeiros de grupo— pra poder chegar a coñecementos seguros sobre do verdadeiro ser de Galicia. E os vieiros que sigue na súa tarefa pescudadora, son os do noso arte popular: os das cruces de pedra labrada anónimamente polo pobo no decorrer dos séculos.

Pra eso, percorre todos os camiños do seu país; debrúzase sobre das penedas, ergue os ollos cara as antefixas das eirexas, o cumio dos hórreos, o alto dos portalóns, e detense longamente diante dos cruceiros. E pra precurar un contrapunto á nosa plástica popular, pelería pola Armórica e a Bretaña, consulta tratados, frecoenta bibliotecas, inquire, lée, anota, deica faguérese cos coñecementos precisos pra montar unha forte armazón erudita.

Ben o sinala un seu compañeiro de xeneración: Desatúa dos contratos adurmiñados nos arquivos e das lembranzas dos vellos, os nomes duns cantos mestres canteiros, escultores de altas cruces. Apaña léndas ou costumes, as ofrendas e as ceremoñas que están sentadas nas gradas sobre das que se erguen as cruces de pedra. Afonda na súa esencia. Esculca na intención artística dos canteiros escultores, pra saber onde copian modelos ocultos e onde improvisan, onde falan voces alleas e onde fala a voz enxebre da nosa terra. E de todo elo, de cada unha distas cousas, fai xurdir a verdade de Galicia, a verdade da nosa existencia. Velahí o significado da melodía de plástica popular que “As cruces de pedra na Galiza” recolle.

En contraste coa persoalidade predominantemente creadora, que singulariza aos tres escritores dos que nos viñemos ocupando, a de Cuevillas destaca sobre todo polo siño investigador. Pero inda sendo Cuevillas un investigador puro, cultiva tamén a prosa literaria. Toda a súa obra neste aspecto, é un preocupado sentir a Galicia, un vivir a preocupación dentro de sí. Home de áxil mentalidade, de aguda perspicacia, chega ao periodismo pra verquer nel esa preocupación. Intelixente e avisado crítico, limpa, nunha chea de ocasións, coa lexía cauterizante da súa prosa artisticamente madurecida, aos homes e aos seus costumes, é decir, aos seus malos costumes. A par dos ensaios de investigación e crítico-históricos de Florentino L. Cuevillas, están os moitos que, infadigablemente, lle suxiren as impresións de Galicia, o seu país. Eses escritos andan espaxados por moitedume de revistas e xornáis e todo o mundo sabe deica qué punto de

distinción sinala —nalgunhas desas publicacións— a presenza da súa persoalidade.

Nembargante, atal persoalidade onde acada meirande vigor é —como temos dito— nos eidos da investigación. En troques da matinação contemplativa, Cuevillas, formado no estudo das ciencias naturais, emprende un labor cientificamente construtivo. Cos procedementos científicos modernos, parte a faguer o estudo da nosa prehistoria e o dos primeiros tempos da nosa cultura; crea un ámbito de pescuda, e unha escola que segunde e alongue a súa tarefa. O estudo das orixes do pobo galego estaba por realizar, e a vida prehistórica mantiñase envolta en mesta escuridade. I é polo esforzo de Cuevillas que a pescuda do noso remoto pasado emprincipia a se anovar compridamente.

O prehistoriador ourensán traballa arreo nas fontes antigas, fai milleiros de papeletas, espurga os textos clásicos, pra ver en conxunto o que os historiadores e xeógrafos gregos e románs dixeran dos nosos antergos. Por outra banda, familiarízase cos traballos que se viñan faguendo nos países onde eses estudos ían máis adiantados. E parella a toda ista laboría de gabinete, Cuevillas emprende unha chea de escavacións que dan orixe a abondosas descubertas; esprora tamén moitas mámoas, enterramentos dos galegos neolíticos i eneolíticos.

A súa “Edade do Ferro na Galiza” é o primeiro e millor estudo de conxunto encol do tempo dos celtas no noso país. Completéntase e desenrólase cunha obrigada posta ao día, en “La Civilización céltica en Galicia”. Cuevillas estuda miudosamente, nista obra, a Cultura dos Castros a traveso dos seus restos arqueolóxicos, das noticias dos xeógrafos e historiadores gregos e románs, das súas supervivencias populares. Determina o que se pode determinar da súa extensión e localización xeográfica, densidade demográfica, repartimento no país, habitación, alimentación, economía, orgaización social e política, arte, relixión, costumes. Concreta a supervivencia da orgaización tribal dos Galaicos durante os séculos da dominación romá, na que conservan os seus nomes e os seus cultos, e aínda nos comezos da Edade Meia.

Cuevillas é, sin dúbida, un autodidacto na ciencia prehistórica. Nembargante, estaba en condicións de calettrar na técnica do seu cultivo. Inclinado ao saber sistemático, e con firme vocación científica, acerta a descubrir na paisaxe circular ou no pequeno ouxeto, o latexo remoto das albadas da cultura. Dese xeito, todos os elementos que integraron a Galicia anterior á historia —xentes, xeitos de vida, obras humás— son amorosa e vitalmente comprendidos polo intelixente pescudador. Afirma daquela, a xenuinidade peculiar do vello país. E lembrando o primitivismo de Galicia, soña infadigablemente no recobro da autenticidade esquecida.

No grupo figura tamén un home de acción: Antón Lousada Diéguez. A súa figura ocupa un importante lugar na tarefa formativa da nova conciencia galega. Nado en terras estradenses e criado no pazo de Moldes, estivo sempre avincallado ás esencias do seu país. Durante a súa vida toda, fai un grande labor de sementeira e apostolado a prol do galeguismo. Sinte fame de silencio e de mar, degaro de soedades, cobiza de camiños esquecidos. Hai nel un ár de camiñante, de ensimismado, de home cuíos millores amigos son os libros da natureza e o caiado.

En Ourense primeiro, i en Pontevedra despóis, exerce o ensino como catedrático de Filosofía nos seus Institutos. Na cátedra, como na conversa cotiá, na imprensa e na tribuna, evidencia o poder de suxestión que só espallan as personalidades fortes e desintresadas. O seu sorriso de humorista san, sempre co charuto retorto nos beizos, adquire grande popularidade no ambiente docente e cultural galego.

Lousada quere salvar a tradición e o futuro de Galicia, e por eso faise político. Sinte o gosto e a paixón da política, e a ela consagra moitos dos seus millores esforzos. En troques, no orde inteleitual, apenas realiza obra de escritor. Cando menos, é moi pouco o que publica. Nas páxinas de *Nós* comeza a inserción dun interesante traballo filosófico: "Teoría cuasi trascendental da velocidade". Por outra banda, fai algúns poemas; traduce anacos da "Vita Nuova" do Dante, que é o seu breviario; dá a conocer dous contos de certo engado, e o primeiro paso dunha comedia tiduada "A domeadora". Escribe tamén un ensaio sobre "A significación profunda do galeguismo". E, preocupado polo problema da formación en galego da lingoaxe filosófica, publica como aportación ao empeño, o estudo "Encol da prosa galega".

Pódese decir que Lousada ten pasado a súa vida enteira lembrando a Galicia i esperando de Galicia: dúas actividades espritoáis que se engarzan antre sí, con engarce moi esencial, dentro da súa alma. O camiño que el presinte aberto ás posibilidades da súa terra, é sempre o mesmo ao longo do seu vivir: O que se nos ofrecerá aos galegos cando seipamos fundir en orixinal e fecunda unidade, dentro do noso espírito, a peculiaridade máis íntima da nosa caste e a actualidade máis viva da Historia universal.

O Poeta do agrupamento *Nós* é Ramón Cabanillas Enríquez. Emigrado na Habana, edita alí os dous primeiros libros que saen da súa pluma: "No desterro" e "Vento Mareiro". Ambos e dous están vencellados ao labor de loita polo rexurdimento dos valores galegos de todo orde. Nistes primeiros intres, é o poeta cívico que chama ao pobo co seu verso entusasta, convocándoo pra a empresa co leitiva.

Poéticamente falando, tense dito que Cabanillas é máis do mato e da gándara que non da rúa. Ademáis, é o gran lírico da

tenrura e da saudade, o gran lírico do sentimento da Terra; é un grande corazón a cantar. O sangue cántalle nas veas, o vello sangue céltigo que o fai ser bardo denantes de que lle dea por escribir sagas e romances. Co ideal bárdico, loita na alma de Cabanillas o ideal virxilián de acougo na aldea; ideal ben clásico, por máis que Virxilio seña descendente de celtas, de galos cisalpinos.

Nas súas sagas de "Na noite estrelecida", glosa en vidente as léndas do ciclo artúrico, o ciclo bretón da tradición vella. En "A rosa de cen follas" fai unhas admirables cancións de amor. Tece poemas relixiosos, ao xeito popular, como no "Bendito San Amaro"; ou en delicada maneira erudita, como na gran orquestración poética de "Samos". Compón romances, nos que reviven as figuras antergas da historia de Galicia. En todos, Cabanillas é lírico sempre, lírico polo sentimento, inda que sexa épico o seu pulo.

O senso da galegitude faise nel deica tal punto ausorbente, que ninguén se identifica tanto coas esencias do país; ninguén refuga tanto a antigalegitude. O seu verbo ecoante arrinca das íntimas raigañas dunha Galicia sustancial. Cos seus ollos emocionados, Cabanillas vai conquerindo unha imaxe total do mundo galego. En moitas ocasións, inspirada pola saudade terrea, pola lembranza enternecida dos lugares da nenez. Dirixe entón a ollada a cousas ben determinadas e concretas: os motivos da paisaxe cambadesa, o fidalgo señorío dos pazos, o pinal de Tragove... I é que Cambados constitúe parte integrante, a xeito de círculo concéntrico, das saudades do poeta. As "nuances" todas da vila natal, lévaas adentradas na alma e graburadas nela co lume do amor. Pero inda así, vive na obra a súa presenza unha Galicia total.

O autor de "Camiños no tempo" é notabre non só polo seu descubrimento do espírito galego, polo convivio estreito con Galicia; éo tamén polo don de comunicar, de suxerir, cunha forza que arrapiza, o contido inefábele da poesía. Cabanillas, nefeito, destácase no carácter trascendente e milagreiro da palabra. O seu verbo poético se non dirixe á intelixencia, sinón ao ser enteiro. Sinte fonda devoción polos vocábulos ricaces de valencia expresiva. Cabanillas vai ao pobo a percurar a rica e sonante pedraria, pra inxerila nas súas estrofas. As vivas palabras alíxeras fican así apreixadas nelas, latexantes e trementes, cunha doce vontade de voo. E nese idioma, bulinte, fresqueiro, sonoro como auga despenada, a boca taumatúrxica de Ramón Cabanillas canta ao pobo a verdade dunha poesía perdurábele.

Bohemio do Atlántico, dono de todos os pazos de ensoño de Cambados —como dixo Villar Ponte—, Cabanillas é poeta moi completo e fecundo. Un grande poeta do noso século, que no rosario do espadeiro ouve cantar as forzas eternas de Galicia. Un

poeta, en fin, vencellado coma poucos o teñen sido aos valores humanos, que colle no verso o latexar da serra e da beiramar...

Velahí, en obrigado esquema, a liña de actividades ás que se consagran, no servizo da cultura galega, os principais persoeros do grupo *Nós*. Dixemos: Risco é o ideólogo, o pensador; Otero Pedrayo o creador literario e intérprete da historia; Castelao o artista; Cuevillas o prehistoriador; Lousada Diéguez o home de acción; Cabanillas o poeta.

Pero os tres primeiros son, ademáis, coma o coarto, homes de pescuda. Todos catro —suliña Ramón Piñeiro— coinciden no común afán de chegar a coñecementos seguros sobre do verdadeiro ser do pobo galego: Risco, a traveso do material etnográfico; Otero Pedrayo, a traveso das grandes manifestacións históricas da nosa evolución cultural; Castelao, a traveso do arte popular; e Cuevillas, a traveso dos restos das nosas culturas prehistóricas. Herdeiros da tradición histórica iniciada nos románticos, precuran a súa comprobación no campo da cultura popular, da historia cultural, e dos restos arqueolóxicos.

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

A obra da Xeneración *Nós* complementábase i ensánchase, como fica dito, coa incorporación da tarefa que posibilita a creación do "Seminario de Estudos Galegos".

Xurde a nova institución en Santiago de Compostela. Un feito de mozos universitarios acariña a idea de fundar un orgaísmo no que se aglutina un labor de pescuda da realidade cultural de Galicia, desenrolado en equipo. Amantes todos eles do país natal, sinten o degaro de o conocer, e tencionan xunguir os seus traballos nunha empresa colectiva, homilde e xenerosa, pra o soerguemento da cultura autóctona.

Os homes que patrocina a idea e lle dan realización fecunda, chámanse: Fermín Bouza Brey, Wenceslao Requejo Buet, Xosé Pena e Pena, Xosé Filgueira Valverde, Luis Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Manuel Magariños Negreira, Francisco Romero Lema, e Alberte Vidán Freiría. Todos eles cursan os seus estudos nas Facultades de Dereito e de Filosofía e Letras. Determinan que o novo centro naza nunha viaxata onde se mixture a investigación e o goce da Natureza. I escollen pra tal ouxeto, as terras da Amahía, cheas de evocacións. O día 12 de outono do ano 1923, xúntanse na casa do Castro de Ortoño onde Rosalía vivira os seus días de nena. Alí realizan a primeira xeira de traballo, coa que emprincipian as diverss actividades do novo orgaísmo, e siñan o seu acordo de colaboración i espallamento. A acta fundacional do "Seminario de Estudos Galegos" dátase así, no día, mes e ano indicados, na casa rosaliá do Castro de Ortoño.

Os fundadores percuran decontado a colaboración do catedrático de Literatura da Universidade compostelá, Don Armando Cotarelo Valledor, e ofrécenlle a presidencia do novo instituto. Diste xeito é como aquil se convirte no primeiro presidente do "Seminario". Moi axina vanse sumando outros mestres universitarios, afeitos ao calado traballo na investigación galega, escolares de diversas Facultades, e intelectuáis de toda Galicia.

De comezo, a obra é, naturalmente, unha obra homilde, pero libre e independente. Non conta con outro haber que a quentura do amor ao país e a vontade de traballo duns cantos rapaces, gostosos de discipriña científica. Pero a obra vai, pouco a pouco, medrando. Incorpóranse a ela os escritores e artistas do grupo *Nós*, empeñados no afán de lle dar contido cultural serio ao rexurdimento de Galicia; e tamén os da nova promoción que daquela andaba a percurar o anovamento do ambiente intelectual galego.

O "Seminario" xurde, fundamentalmente, coa cobiza de formar investigadores; pero non refuga, en intre algún, o seu contacto co público. A carón do estudo severo e sistemático, cultiva a vulgarización. A lectura pública de traballos, os ciclos de conferencias, as esposicións, van formando en Galicia unha opinión achegada ao "Seminario".

Cando iste non leva aínda un ano de vida, incorpórase ás súas tarefas un novo mestre: O arcebispo Lago González, erudito polígrafo, gran amante da súa terra, e cheo de aceso fervor polos seus estudos. Co gallo da súa solene entrada no Centro, celébrase a primeira xuntanza xeneral. Nela fai Castelao o seu discurso de ingreso sobre "Do novo espírito"; inaugúrase unha esposición das súas obras seguidamente; con posterioridade desenrólase un curso de conferencias, no que participan Cabeza de León, Lugrís Freire, Anxel del Castillo e Lousada Diéguez.

Cando o Dr. Cotarelo se traslada a Madrid, pra ocupar a cadeira de Língua e Literatura Galaico-Portuguesa naquela Universidade, sustitúeo na presidencia do "Seminario" Don Salvador Cabeza de León. Coincidindo con ela, artéllase unha nova estroituración do centro, en seccións autónomas e coordinadas. Deica entón, o "Seminario" viña cultivando case escrusivamente as ciencias históricas e filolóxicas. Agora chama ao seu seo a especialistas noutras discipriñas científicas. I é así como vai acadando o senso integral que chega a atinguir no campo da investigación galega. De igoal xeito, o labor xa feito, que hastra daquela ficara inédito, emprincipia a se publicar periódicamente. Na "Biblioteca do Seminario de Estudos", que inaugura a editorial "Lar", aparecen obras de Oteros Pedrayo, de Filgueira Valverde, de Castelao e de Cotarelo.

Un aspecto de importante significado, é o que sinala o comezo de campañas de investigación nas diversas terras de Galicia. Os tres primeiros cursos de traballo teñen máis ben carácter libres-

co e de gabinete. Pero os investigadores sinten a necesidade de proxectar na campía o seu labor de pescuda, abrangendo nel o conxunto das actividades do Centro. I é diste xeito como xurden as misións do "Seminario". De principio, a dirección do arquitecto Candeira, e máis tarde a de Carro García, sitúan as ditas misións no primeiro plano como fonte dereita do Arquivo gráfico que se inicia no ano 1926. A campaña desenrolada en Monforte nese mesmo ano, dá pretesto pra os traballos do curso en Santiago, e abre un froitoso horizonte ás laborías dende entón emprendidas.

Tamén corresponde a ese tempo a iniciación de cursiños de ensinos galegos, con un adicado á Fonética. Comezan a se imprimir os tomos de "Arquivos", en cuias páxinas se inxiren os estudos que poideran chamarse menores. En sesións públicas lén os seus primeiros traballos os novos membros da Sección de Ciencias; i emprincipíanse os estudos de tipo económico e de ciencias sociáis. O "Seminario" demanda o intercambio coas entidades de investigación da península, así como cos núcleos hispanistas estranxeiros.

Mais a tarefa de meirande alcance que o centro emprende e desenrola, é, como fica dito, a das xeiras de conxunto, a dos traballos de pescuda en equipo. Destacan, a da Vila de Calvos de Randín, Parroquia de Velle, e Terra de Melide. Pra nos darmos idea do que iste labor siñifica, abonda decir que os resultados dos estudos da bisbarra melidense ocupan un volume de grande formato de perto de oitocentas páxinas. Abrangue a xeografía, a prehistoria, a arqueoloxía relixiosa, a etnografía, o folklore, o folklore musical, e mesmo outros aspectos. Publicacións de sinalada importancia son, tamén, o "Corpus Petrogliphorum Gallaeie" e o "Códex Calixtinus", inda que iste derradeiro se non imprimíu totalmente, por mor dos acontecementos producidos en España cando estaba no prelo.

O "Seminario de Estudos Galegos" propicia en Galicia un esforzo intelectual de tipo colectivo, que enxamáis se conocera entre nós. Os seus ouxetivos —estudo de todas as manifestacións da cultura galega, formación de investigadores, divulgación dos resultados dos seus traballos— andaban a se conquistar con inegabre eficacia.

Eis agora o programa da actividade estroiturada desenrolado a traveso das distintas seccións :

Baixo a dirección de Cuevillas, o nutrido equipo de prehistoriadores, traballa no noso epipaleolítico e neo-eneolítico, nas estacións con grabados rupestres, no inventario de xoias galegas prehistóricas, nos catálogos de moimentos megalíticos e dos castros galegos, na Edade do Ferro... Os historiadores, dirixidos por Cabeza de León, emprenden a ambiciosa tarefa de lograr ficheiros de bibliografía e diplomática galegas, corpus de documentos me-

dieváis e de epigrafía, a máis da realización de historia social, eclesiástica e do ensino. Con Carro García ao fronte, os arqueólogos e historiadores do arte traballan nun amplo inventario sobre material da súa especialidade en Galicia; e, ao propio tempo, levan a cabo estudos monográficos encol do pre-románico, románico, oxival e renacemento, barroco e artes industriais no noso país.

Os filólogos, presididos sucesivamente por Cotarelo, Moralejo e Pedret Casado, inxiren no seu programa de actividades a preparación dun Vocabulario castelán-galego, outro galego-castelán de tipo popular, un catálogo da língoa, estudos fonéticos, e a unificación de normas ortográficas. Na sección de Historia da Literatura, a cárrego de Filgueira Valverde, danse a conocer ensaios e traballos de pescuda sobre literatura medieval, decadencia das letras galegas, romantismo e contemporáneos. Na de Arte e Letras, que dirixe Castelao, organízanse exposicións e leituras de obras inéditas de autores galegos, editanse poemas e prosas, i empréstase colaboración ás Festas da Língoa Galega.

Con Otero Pedrayo como director, os xeógrafos fan traballos pra Cartas xeográficas, xeografía histórica, estudos particulares e de divulgación, ademais de iniciar a edición de "Descricións de Galicia". A Etnografía e o Folklore son abordados polo equipo que encabeza Vicente Risco, nunha serie de estudos encol da casa rural, a arte popular, os costumes, o folklore arqueolóxico, a etnomorfloxía; e na redación dun cuestionario da etnografía e do folklore galegos. A Sección de Ciencias Sociáis, Xurídicas i Económicas, que ten ao fronte a Tobío Fernández, emprincipia o seu labor con varias investigacións históricas i económicas, e de traballos xurídicos.

E hai que engadir aínda, os traballos da Sección de Ciencias Naturáis —dirixida por Luis Iglesias— sobre xea, frora, fauna, fisioloxía e astronomía; os da de Ciencias Aplicadas, que preside Gómez Román, relativos a arquitectura galega, artes e aproveitamentos industriais en Galicia; e, por cabo, os correspondentes á de Pedagogía, na que o equipo dirixido por Díaz Rozas ocúpase dos problemas lingüísticos na escola, estudo das realidades galegas no segundo ensino, historia do ensino en Galicia, a redación dun proxeito de estatutos do "Patronato de Escola rural galega".

Este índice genérico da obra emprendida polo "Seminario de Estudos Galegos", refrexa a dimensión da tarefa cultural que viña realizando. Unha tarefa que se non refire só ás pescudas especiais de cada unha das seccións reseñadas; senón que, como xa fica indicado, abrangue unha obra de conxunto, na que todas as seccións colaboran. Sobre da base xeográfica dunha bisbarra con características ben definidas, os diferentes equipos de especialistas do "Seminario" exercen as súas actividades coordinadas. Atal fan, durante sucesivas xeiras ou campañas de investigación, nas

Terras de Monforte, Carballiño e Ribeiro de Avia, Deza, Melide e Fisterre.

A obra do "Seminario", malograda no seu desenrolo, enche, de todos xeitos, unha fecunda etapa na historia da cultura galega. Complementaria dela, é a laboura das editoras "Lar" e "Nós", que posibilitan o canle pra a publicación dos volumes daquil Centro, así como a dos libros de creación dos máis siñificados escritores contemporáneos. A editorial "Lar" fúndana Leandro Carré Alvarellós e Anxel Casal Gosenje, no ano 1924. Inaugúrase coa noveliña curta de Wenceslao Fernández Flórez, "A miña muller", e tira do prelo arredor de corenta títulos. Tres anos despois, no 1927, crea Anxel Casal a editorial "Nós", que inicia o seu labor coa impresión da "Historia sintética de Galicia" de Ramón Villar Ponte, e chega a publicar uns setenta volumes.

Na tarefa do "Seminario de Estudos Galegos", o mesmo que na obra editada por "Lar" e "Nós", a Xeneración diste derradeiro nome sigue a ser protagonista de primeiro plano.

— III —

SENTIMENTO DA TERRA

A identificación coa terra natal atingue, na obra de todos os membros da Xeneración *Nós*, unha importancia fundamental. Estiman que a terra determina ao home, i é determinada por el, en comunidade estreita de vida. A lectura de moitos dos textos dos escritores que fundan o movemento xeneracional, revela cánto insisten no valor da Terra. Primeiramente, polo fondo "sentimento da terra" que distingue á ialma galega; de segundas, polo meirande que cada día lle atribúe a ciencia xeográfica.

Dí Ortega que só é unidade xeográfica, aquela parte do planeta cuos caracteres típicos poden atopárese presentes nunha soia visión. I engade: Somentemente baixo a especie de rexión infrúe dun xeito vital a terra sobre do home. "A configuración, a escultura do terreo, poboada das súas plantas familiares, e sobre dela o ár húmido, seco, diáfano ou pelúcido, é o grande escultor da humanidade. Como a iauga dá á pedra, pinga a pinga, a súa labranza, así a paisaxe modela a súa raza de homes, pinga a pinga, é decir, costume a costume. As xenialidades momentaneas que nel se produzan compoñen o seu perfil".

Pois ben, con criterio semellante, pero de senso máis amplo e radical, os homes de *Nós* falan, insistentes, de que Galicia é un pobo afinado nunha terra: Un grupo de homes xunguidos entre eles, xunguidos coa terra —da que son donos coleitivamente e que traballan en común— por un conxunto de vencellos naturais, nados da comunidade de orixe e da convivencia no terreo. Istes vencellos —fala, tradicións, costumes, historia...—, enga-

dindo a súa acción á da etnia e á da terra, determinan nos individuos certas coincidencias psicolóxicas; certo xeito de ser común a todos eles, que constitúe o carácter do país. Por mor deso, atalles vencellos xunguen nunha entredependencia, nunha solidariedade necesaria, os intereses de todos eles nun interés colectivo superior, que é o interés do país. O país ven a se resolver, así, nunha comunidade de intereses espritoais e materiais determinados pola natureza.

Xeográficamente, a terra galega constitúe unha rexión perfectamente individualizada. Nela atópase representada de xeito nidio, a topografía particular dos vellos países graníticos. De tan vello, o noso anaco de esferoide esmorece na ledicia dos longos meses de chuvia, e recibe o rexo tumbo das vagas dun mar épico. E velahí como a vivencia nista terra xeográficamente caracterizada, fixo ao pobo que a habita consustancial con ela, pola cotiá comunión que dela recibe.

O sentimento da terra, nos galegos, enfortálase co da familia e a relixión dos mortos. Non é precisamente, inda que seña moi forte, o principal a terra herdada. O máis importante é o ámbito, o horizonte da parroquia. Trátase da colectividade natural do país, núcleo pequeno, sempre de menos de oitocentos veciños. A Eirexa en Galicia non crea a parroquia, non fai sinón darlle nome: é a pervivencia dos pequenos "clans" dos nosos devanceiros. Os municipios, en troques, endexamáis adequiriron arraigo eiquí; son trasplante do réxime das vilas, que se non acomoda de xeito algún á vida rural galega.

As parroquias, comunidades de carácter esencialmente rural e agrario, constitúen o único fondo autónomo da sociedade galega. Ista presenta un exemplo escrito de "sedentarización rural". A estrema división da propiedade é un subfenómeno da sedentarización, do máximo afinamento na terra, á que o noso pobo tende a se xunguir máis e máis pola súa vontade conxénita.

O elemento básico da sociedade galega é, pois, a parroquia. As xentes que a integran, avincalladas á terra que as nutre, ao labor que as esporea, durante séculos enteiros danse a man en sucesivas xeneracións do pobo. Eis o alicerce da subestroitura social galega, dende lonxanos tempos deica os nosos mesmos días. A parroquia ten, asín, unha importancia primordial na mentalidade campesiña do país. Galicia é un pobo de campesiños. A nosa ascendencia é campesiña. Pero o galego é, tamén, un pobo de colonizadores. Os galegos teñen man non samente pra facer cartos, sinón pra crear organizacións fora de Galicia. E o seu diñeiro, en moitos casos, tende a voltar á terra, a "se sedentarizar" no chan da patria galega. Poucos son os galegos que se conforman con non voltar. Lonxe da terra, siguen xunguidos a ela; é como si foran samente nómadas de corpo. Hai, asemade, un sentimento de correspondencia do campo e a súa economía co ambiente natal. O doente e o vello só se sente rexenerar coas augas e os ares da

súa parroquia. A aldea galega é unha sociedade fonda. Intégrase ata con misteriosas radiacións edáficas...

A nosa terra é, ao cabo, unha terra feita pra o home. E deiquí o pego a ela do home que a habita. Os intelectuáis do agrupamento *Nós* queren enfortecer iste amor á terra dos galegos, polos mesmos vieiros que Herder preconiza, cando dí que pra intensificar o amor á terra compre engadir o coñecemento ao sentimento; ou polos que tamén Ruskin sinala, cando sostén que é necesario comprender a Natureza en toda a súa garimosa sinxeleza. Emporiso, o seu afán creador dunha conciencia e dun sentimento galegos, afíncase na plea identificación coa terra; a estreita compenetración con ela, sinceiramente, cordialmente, dun xeito sereo e reflexivo.

Nese aspecto, Risco chega a decir que o noso evanxeo debe ser o da reintegración do home na terra, de vital comunión coa natureza. "Salvemos ao mundo diste xeito. Fagamos unha cultura asegún o senso da terra". I en apoio da súa tese, sostén: "Todas as convulsións étnicas e sociáis, o desacougo dos espritos, os signos todos do noso tempo, indicando o afundimento dunha civilización que quixo ser de superhomes e rematóu por ser de formigas, resultan a millor venganza das leis biolóxicas conculcadas polos escesos desa civilización artificiosa que tanto nos alonxa da Natureza. Todas as nosas tristuras veñen de que temos perdido o *senso da terra*".

Iste senso da terra acada en Castelao unha interpretación totalizadora: Temos os galegos —ven decir— un sentimento natural e humán da patria, e pra nós a patria é a Terra que nos deu o ser; a terra farturenta que nos dá o pan e o viño, que sostén os nosos fogares, que cría frores nos campos pra regalía dos ollos, e albres pra que canten os paxaros; é a terra maceirada de tanto parir, que nos dou a vida, que nos mantén e que nos recollerá na morte como semente de novas criaturas; é a Terra fecunda onde xerminan os engados da tradición que nos dará continuidade na historia, o corpo incorrutíbele onde encarnóu a ialma atormentada da raza.

Pra Castelao, os galegos estamos feitos a semellanza da Terra: a nosa carne é terra, os nosos ósos pedra, e o sangue son os ríos e os regueiros. I escribe aínda: "No tempo de Rosalía, a patria era un sentimento en contínua saudade, unha tristura crepuscular, o planto por unha ilusión morta, a espranza entristecida de tanto esperar. Galicia era unha alma en pena que vagaba polo inferno frío dos camiños, enchendo de saloucos as noites xiadas do inverno; era a negra sombra desterrada. Pero a saudade dos tempos de Rosalía queimóuse na fogueira dos nosos entusasmos, e xa non choramos o *pasado*; cantamos o porvir, porque a ialma da raza reencarnóu na terra, e na nosa patria recobróu a súa persoalidade".

Percurando a integración do home coa terra, a Xeneración Nós tenciona darlle cerne e sustancia ao movemento cultural que pon en marcha. A razón motivadora é ben nidia. As funcións culturais —pensamento, moralidade, creación artística— son íntimas no home; valen no orde síquico o que o andar no corpóreo. Hai unha forma eterna e radical da vida dun pobo, que é, na derradeira instancia, a vida esencial. Existe crisis cultural sustantiva cando o home se queda sin mundo no que vivir; é decir, no que realizar definitivamente a súa vida, que é pra el o único definitivo. Mundo é —dito orteguianamente— a arquitectura do contorno, a unidade do que nos arrodea, o programa derradeiro do que é posíbele e imposíbele na vida.

Emporiso, os escritores do grupo “Nós”, afincados na terra, consustancializados con ela, poden traballar en materia galega con ansia de universalidade. Pois como ten indicado Unamuno, cánto máis do seu tempo e do seu país é ún, máis é de todos os tempos e dos países todos. O chamado cosmopolitismo é o que máis se opón á universalidade...

UNHA XEOGRAFIA VIVA

Con apreciación moi axustada escribe Carballo Calero: “Un dos grandes avances que supón a obra de Otero Pedrayo dentro da literatura, é a xenialidade que nela atingue a descrición da paisaxe”. Nefeito, Otero, inxerindo na súa preparación técnica de xeógrafo un forte alento poético, non fai só evocación das formas da paisaxe, sinón que calettra fondamente na súa esencia; non se limita a nos amosar belamente a facies esterna do país, sinón que refrexa os seus íntimos latexos e o ritmo de vida que a cobre.

A traveso da paisaxe fonda e matizada de Galicia, Otero Pedrayo circula con vocación de peleriño. Os materiais de que se val pra os seus estudos, son moitísimas veces lembranzas de camiñante. Emporiso, nas súas visións paisaxísticas aparecén a miúdo, en troque dunha ordeación lóxica, recordos e presencias do seu longo camiñar. Niste senso, un dos libros máis espresivos cecáis seña o que, reveladoramente, leva o títido de “Pelerinaxes”. Nas súas páxinas deséñanse —antre a gracia da anécdota e o recendo folklórico— as características xeográficas das terras de ribeira e bocarribeira, de montana e de mariña; recóllense certas impresións de vilas e cidades; decorren os elementos que van xurdíndo, sobre ou arredor do chan que o escritor pisa: a vexetación, as nubes, os ríos, as néboas, as chuvias e as horas de soalleira; refréxanse notas avivecidas de xeografía humá: xentes, costumes, industrias rústicas...

Mais esas lembranzas de peleriño, das que o escritor trasalbé tanto gusta, se non localizan outras veces en terras ou bisba-

rras concretas. Otero mistura ingredientes do recollido en múltiples ouservacións, e recrea un ambiente paisaxístico nun tempo dado, pero sin localización determinada. Así, cando imaxina unha viaxata na noite fosca, por lugar pra el desconocido de Galicia. Daquela, o escritor combina as vivencias da realidade co voo imaxinativo, pra nos dar unha visión de paisaxe nocturna. Os elementos olfativos, os acústicos, e mesmo os tactís, xogan nela o principal papel: O foxo da fonda corredoira ule a sábrago vexetal. Coa man, o camiñante afasta ponlas de pequenos carballos, e as silveiras ameazan a súa faciana. Os cascos do faco e os zocos do home que o guía, resoan nas pedras pizarreñas e nas laxes sonoras, deitadas e asucadas polas rodeiras dos carros, onde a iauga agurgulla baixos sons. Por riba do viaxeiro chega o maino ruxir de invisíbeles piñeiráis, e o seu recendo primaveral. De súpeto, unha volta da corredoira; as tebras afóndanse noutra escuridade de nubes, e un ár salgado sinálalle a presenza da mar.

Frente a ista visión ensombrizada da noite, o escritor ergue, noutra ocasión, un esceario de primaveira, vizoso e cheo de coorido. Evocando o real e vivido, a traveso da propia sensibilidade, a terra faise paisaxe de luz e coores diante do seu enxergar. Ollemos coma o escritor lé na man da natureza galega, iluminado polo cromatismo da estación na que todo agroma:

“Denantes de cantar o cuco, a paisaxe, casta, adolescente, agarda algo que ditosamente vai acontecer. Manda a coor das rocas e da terra. Os eidos asucados locen a terra areosa e levián, ou escura e fonda. Os penedos e as lonxanías das serras, grisallos aquéles, istas fortemente azúes, violeta, como alumadas por un fogo interior, adornan o solpor. E vén a primaveira das frores; e conforme a vaga néboa verde que cingue os arboredos se vai amestando en masas de coor, a paisaxe xurde seréa, a tona vexetal encobre todas as formas xeolóxicas. Gama infinda de verdes de vran, pouquiño a pouco decrebada en sienas e ocres”.

Nista visión da paisaxe en primaveira, como na da paisaxe nocturna, a campía galega vive —en interés de contraste— cos seus brúidos, coores, recendos, transida dos seus propios elementos poéticos. Vibran os complexos elementos que a paisaxe pecha: pictóricos, lumiosos, acústicos, estáticos, dinámicos... Elementos que, conxugados, compoñen un feitizo inesquecíbele que ún ten vivido, e que leva canda sí amoblándolle a ialma.

Non queda niste paisaxismo literario, naturalmente, a doutrina otería sobre da paisaxe. Ademáis de ter presenza real e ideal, óllase na obra do escritor que a paisaxe ten, por mor da súa presenza mesma, unha importante operación histórica: é coautora da lingoaxe, e polo tanto do home. Cantimáis que a paisaxe galega é unha das millor e máis fondamente humanizadas por unha vella cultura.

Otero Pedrayo afirma que os galegos somos máis fillos da terra e da mar, que do ceo. Elo pode obedecer a que, en parte, o

ceo é un produto da terra e da mar; as nubes érguense do Atlántico e máis das terras molladas, dos lameiros espellantes, dos regueiros, das pantásticas carballeiras outonizas.

Ouserva, o escritor, o vivir labrego, e descobre que íste é dono do sentimento da terra, no senso da súa eternidade. El morre, outros virán detrás; sempre adscrito á gleba, coma os servos, considérase como un accidente na vida infinda do eido. Nisto do sentimento da natureza, é sabido que o galego ten un senso da vida animada do planeta; un senso mitolóxico e vital, oposto á conceción semítica do home central de España. E, mesmamente, é ese un dos principáis elementos do folklore. O xeógrafo de Trasalba engade que, en arte, os galegos son naturalmente barrocos e impresionistas: prefiren a coor á liña; a escultura a arquitectura pintoresca; as combinacións patéticas ou grotescas das artes plásticas, que chegan ao berro da door ou da alegría.

Descotando que Otero Pedrayo é o primeiro que amosa a interpretación máis completa e cabal da paisaxe galega, ista cumpre na súa ialma unha función que tamén cumpre noutros dos seus compañeiros de xeneración. Por unha banda, é fundamento telúrico da Galicia por todos eles compartida. Por outra, é momento esencial na configuración do home galego, e clave decisiva pra interpretar o noso pasado.

Inda sin contar coa fartura de meios espresivos e de coñecementos técnicos que singularizan a literatura paisaxística de Otero, tamén os seus coideólogos empréstanlle ao tema da paisaxe particular atención.

Risco considera a Galicia como a terra máis vella da península; a primeira emergullada do Océano siluriano. A paisaxe galega ten, pra el, unha caracterización ben marcada, un enxebrismo que se colle ao primeiro ollar. Polo clima marítimo, chuvioso, con ceo nórdico e brétemas a miúdo, pola frora e a fauna centroeuropeas, a galega é ben unha das terras do Atlántico boreal. É, pois, como si dixéramos, unha terra xeográficamente autónoma.

Toda a vida dista terra —a que foi e a que virá—, actualízase na emoción suscitada pola paisaxe, en quenes, como Risco, poden e saben dexergala como paisaxe propia. A paisaxe de Galicia é, na súa interpretativa, alfar do pasado e do presente, cruzol tamén da esperanza. En certa maneira, ven ser o fundamento da súa Galicia ideal.

Xulga, o ensaísta, que os galegos deben achegárese á terra con devoción e amor; compre que se dean a percorrela cos pés e cos ollos, sentindo medrar nos corazóns o amor que lle teñen. Na obra risquiiana descóbrese unha tendencia a percurar a autenticidade do país, dentro do país mesmo. Velahí o xeito como nos revela a esencial relación que, na súa tese, cobra a paisaxe co home, nun senso identificante:

“Nas camiñatas longas polas veredas enlamadas do val, antre as muradelas dos eidos e á sombra dos carballos, polos vieiros abertos da serra, batidos do vento antre as uces e as carqueixas, polas estradas poeirentas baixo un sol de xusticia; nas pousas na porta da chouza e na portalada do pazo, ao pé do cruceiro ou debaixo dun cabaceiro, ao acollido da chuvia xantando nos meóns, sentados nos longos bancos onde se sentan os arrieiros e os camiñantes; durmindo nas pousadas da aldea, baixo o faiado de rexas trabes de castiñeiro; falando cos rapaces, cos vellos, cos mulleriñas, cos homes que andan no traballo; ollando os longos horizontes cinguidos de serras azúes, sorbendo o ár fresco da mañán e o luar da noite, vai ún comungando coa terra, deixándoa entrar máis adentro na alma, sintindo a suprema e mística identidade coa gran nai silenciosa, ao tempo que a súa vida inmensa nos inunda, e adorámonos dun pouco da forza plástica criadora de todas as cousas”.

Iste entendemento, e como fusión home-terra, reitérase en moitos textos do escritor. Nalgún intre, a figura humá amósase líricamente enmarcada no esceario paisaxístico, que ven descrito con belida precisión. Risco estima que á paisaxe sempre lle resulta ben a figura. Certamente, a paisaxe vive —ista nosa paisaxe— con vida mái sintensa: bota unha sorte de alento fondo, que nos entra na carne e nos ósos. Mais, a figura dalle movemento. E así, falando da muller na paisaxe, dí, máis ou menos: A paisaxe díctalle, en segredo, ás veces, os panos e as teas con que se enfeita, como pra que se mire no fondo verde e mol dos campos.

Pra o ensaísta ourensán, ten a terra certo carácter sagro de maternidade. Por algo a fixeron deusa os antigos. Sempre foi fémia a terra: imítase á muller, e a muller imítase a ela. Eis o misterio que anda no fondo de toda teoría dos sexos. Eis tamén “o enigma de todo matriarcado”. Sospeitaron algúns un materialismo galego, antigo e moderno... “Hai na nosa campía certa indiferencia de funcións antre o home e a muller. Teñen as mulleres autoridade sobre todas as cousas. Pode que sexa a terra quen o mande, é a paisaxe o rosto da terra. Os que se van levan a paisaxe con eles, como paisaxe ou como remorso”.

Cando Risco fai paisaxismo literario, a súa visión refréxase nun estilo de aséptica naturalidade. Nunha prosa limpa, de estudada sinxeleza, vai deseñando os motivos ben enmarcados no ambiente. Así, ao nos amostrar o xardín dun pazo, cos seus carreiros e buxos e roseiras. Na soedade do xardín alenta un leve mundo de insectos, de arañiñas, de cínifes... Todo está traspasado dunha soave brisa melancónica. Unha virxe lumiosidade de primaveira galega, todo o envolve...

Pero a nota de literatura paisaxística cobra meirande valemto cando o escritor describe, por exempro, unha paisaxe recendente, de sotos sombrizos, na que se escoitan lenes bruidos, leviáns estralares. Antremedias do silencio mesto, síntese a caí-

da das follas secas, e o ecoar das pisadas riba das follas húmidas. Úlense recendos de campía, o cheiro dos soutos, e o da sombra dos castiñeiros. E todo adobiado cun vizoso cromatismo: as herbas verdes, as follas cobrizas e douradas, o sol a rebrillar amortecido na fonda.

Tal é a paisaxe, tal a emoción con que nos conmove. Un anaco de natureza faise paisaxe por mor dunha ollada contemplativa. Sin ollos contemplativos, a paisaxe literaria non existe. Risco emprega a técnica descritiva pra manifestar a súa emoción. Fai, diante da paisaxe galega, puro impresionismo.

OUTRAS OLLADAS SOBRE A PAISAXE

Tamén no ensono de Cuevillas cumpre a terra de Galicia importante función. Pra Cuevillas —increbantabelmente fidel aos manes étnicos do solar natal—, a campía e os seus habitantes representan unha Galicia real, sólida, na que xoga a paisaxe un papel protagonizador. Nunha belida páxina, evocando o outono galego, amosa unha cromática e alquitarada visión desa paisaxe; unha sutil, percurada, escelencia das súas liñas, das súas cores, e tamén dos seres animados que lle emprestan movemento. Atal estampa, con lonxanas lembranzas modernistas, na que se refrexan aquela e outras descrições paisaxísticas de Cuevillas, é tanto un calco visíbele da realidade coma o trasunto que as imaxes teñen deixado na súa ialma.

O arco paisaxístico fire decote o seu espírito, e arrinca del sons diversos, asegún esteña temperada a intimidade do espírito sonoro. Identificado coa peculiaridade climática do país, o prehistoriador ourensán nega que o sol sexa eiquí motivo de ledicia. Pra el, en Galicia, son ledicia as nubes ben preñadas de chuvia; as néboas esfarrapadas nos outeiros; a iauga batendo no chan mol; a humildade criadora de ouricelos nas penedas e nas pedras labradas. É ledicia a luz morna, a lentura tépeda, principio fecundante das nosas sílices. Gosta, o escritor, do ceo da nosa terra cando está encoberto, ou siquera embazado; emporiso, confesa abertamente o seu amor a todas as chuvias...

Diante da ollada de Cuevillas, como no caso dos seus compañeiros de grupo, a terra galega faise paisaxe. Ista paisaxe empresta sustentamento físico ao home e á historia; enche de visións os ollos do que riba dela vive; incita na súa ialma emocións espíritoais; póno en comunidade cos seus antergos, e acende a súa suprema esperanza de home.

Moitas prosas literarias de Cuevillas, evidencian atal xeito de enxergar a paisaxe. Nalgúns casos, a descripción ven acugulada de zume poético. Eis, por exemplo, iste anaco no que se convida á rapaza pra que desza ao muiño, sinalándolle o camiño que ha andar:

“Has ir no comezo por antre as chouzas con hortas que hai por baixo mesmo do teu lugar; pasarás deseguida polo Souto-grande, e mirarás os castiñeiros que agora emprincipian a botar a frol; logo, deixarás á dereita a veiga do señor Nicasio e á esquerda o lameiro do señor Alberte, i estarás xa na cima da costa que corre cara o río. É moi pina a costa, e soio ten carpazas e toxo no seu chan, porque os árbores non poden medrar nel. O camiño é branco, e dá voltas e reviravoltas como si tivera medo de caír se fora dereito. Dende o alto óllase, de tempo en tempo, a corrente do río que espella entre amieiros”.

Frente dista precisión descritiva, o escritor amósase outras vegadas, evocador de sinxelas referencias á paisaxe dexergada. Así, cando nos dá a imaxe dunha vila mariñeira, composta por cousas desordeadas, inda que nídias nos seus perfís individuáis. A beleza, nunha chea de ocasións melancónica, das súas descrições, é trasunto da que nos seos do seu propio espírito ten a Galicia posíbele e peleriña; a que o escritor ten soñado dende o seu balcón ourensán, namentras unhas nubes cincentas corren e se esfarrapan no ceo azul.

Cuevillas gózase a cotío nunha Galicia orixinaria i enxebre. A Galicia prehistórica e protohistórica é, pra el, o manantío da historia galega: un agurgullar de auga cristaiña que canta coa enxebreza e ledicia da albada, fontenla da nosa autenticidade primitiva.

O amor polas lembranzas anteriores á historia, o agarimo polos recordos do tempo lonxano, inflúen en varios escritos literarios de Cuevillas. Emporiso, en algúns dos seus ensaios, pasa do aspecto actual das cousas ás evocacións das culturas prehistóricas. O pretérito recuado da existencia galega mistúrase coas impresións momentáneas do mundo que o arrodea. Pero si se afana en considerar o pasado máis vello, debe de se estimar que o fai en función peculiarizadora da vida do seu pobo.

En ocasións, a saudade do que foi mostra distintiva dun xeito de existencia, e agora esmorece, vólveo elexíaco. Con iste acento elexíaco canta, antre outras cousas, ao carro de bois: o vello carro dos nosos antergos, anterior ás terramaras da Idade do Bronce, e dos castros da Idade do Ferro; e dóese de que ese carro do seu país poida parar de andar polas rúas das nosas cidades, e de se laiar nos nosos camiños aldeáns.

A saudade faise afirmación, en troques, cando as descubertas científicas realizadas no mesmo cerne da paisaxe, xustifican os motivos que deron nacemento ás lendas antergas. Noutros intres, o espírito do tempo primitivo fala pra tecer o contraste cos tempos novos. En case todos iste cadros, asociándose co esquema que da cultura galega o escritor forma pra sí, advírtese a tendencia á liberación de feitos e valores esquecidos; a revivir, na paisaxe de arestora, a vella proxenie dos nosos devanceiros.

Galicia, soia i espida, ten de voltar a ollada cara a fontaiña da súa nenez primeira; ten de se acobillar baixo o verde albre que ensombriza o nidio abrollo da súa primitiva galeguidade; ten de saber adiviñar a segreda vea que no seu corpo decorre. A terra determina ao home, i é determinada por el en estreita comunidade de vida. Por eso a paisaxe é patria, xa que, ademais de ser o solar dos nosos antergos, exerce unha acción viva, paterna, encol dos homes que nela e dela viven.

Si na visión da terra e da paisaxe en Cuevillas hai un fondo de preponderancia intelectual, a que Castelao nos amosa singularízase pola súa carga emotiva. Castelao é, sustantivamente, un artista. Coa sensibilidade do artista, atende de seito afincado á terra que o arrodea e na que se sinte mergullado. Logra ordear coa palabra, o ronsel calcado no seu espírito por ese identificante enxergar. Daquela, deseña con trazos emotivos e xeneralizadores, a facies física do seu país, atal e como el a olla: un chan de arquitectura barroca, labrada en pedra granítica, sempre coberto por un manto de zugoso verdor. Niste chan, os montes son redondos como peitos de muller, e as serras como lombos de boi cebado. O mar tolea de carraxe cando non o deixan adentrárese na terra; pero cando entra, quédase adurmentado no leito das rías. Galicia é, plásticamente, unha unidade territorial, armónica de formas e coor.

Nas páxinas literarias do artista xurde de cando en cando, como manantío irrestañable, a realidade paisaxística, a sensación da natureza. Os compoñentes da súa natureza son, polo común, esencialmente pictóricos. Nembargante, ás veces, a valencia plástica mistúrase con evasións de tipo acústico. Noutros intres, é a xurdia evocación saudosa; un asomárese, aos pouquinos, polas regandixas da memoria, aos motivos da paisaxe nutriz. A satisfacción do anxeio, esperta na lonxanía cun voltar do espírito á realidade noutro abandonada:

“As verbas esquecidas do noso falar, o musgo, os couselos, os feitos e todas as cousas que ía topando no camiño, enchían de ledicia o seu corazón. Cando chegou ao curuto do monte, os ollos revíanlle felicidade”.

Castelao deseña paisaxes do seu país, enxergándoos dende diversos angos. Pero as máis das veces alentan nelas vidas humanas, cun senso de compenetradora identificación co meio. A historia e a vida, unhas persoais visións da vida e da historia galegas, interpóñense en moitos casos antre o ollo do artista e a superficie da paisaxe.

Mais, en Castelao trascende decote un sentimento case pan-teista da paisaxe, un anxeio de mística fusión coa terra. Dí, e repite abondosamente, que aos galegos non hai quen os aventaxe no amor ao país natal. Iste é, pra uns, o pequeno berce onde naceron: apenas un fremoso val que ten un río de prata, unhas ca-

sas que fumezan, un campanario lanzal, e un camposanto no que durmen os seus abós; alí abriron os ollos, e alí queren morrer. Pra outros, a terra é tan grande que somente alcanzan a véla no mapa de Fontán; alí hai unha inmensidade de vales, con aldeas, vilas e cidades; alí viven do traballo, sufrindo inxusticias, máis de dous millóns de labregos e de mariñeiros.

A querencia que Castelao sinte pola terra natal, ven espresada unha chea de veces na súa obra. Pero é quizaves no seguinte anaco, onde deixa manifesto con máis intensidade o seu místico amor ao torrón galego:

“Eu de min sei decirvos que si despóis de morto tivese que voar máis alá das estrelas visíbeles, pra ir a un ceo tan lonxano da Terra, que nunca máis poidera véla, de boa gana renunciaría á inmortalidade pra rematar a miña vida debaixo dunha laxa e convertirme en herbas ventureiras”.

A NOTA DOS POETAS

Ramón Cabanillas decrara arreo a emoción fonda que nel esperta a terra galega. Canta a paisaxe, sempre na língoa natal, perpetuamente fresca como herba de vran: Os verdadeiros agros, os matos espesos, as agras cheas de vagalumes e balbordos, os piñeiráis, a mar de escumas brilladoras e augas bruantes...

¿Qué elementos poden distinguirse na visión cabanilleana da campía de Galicia? A coor e a figura da paisaxe enxergada, incitan sempre os ollos e a ialma do poeta. Nas súas andaduras polas terras do Salnés, detense dediante dos pinales de Arra e de Adina, mollados de salseiros, pra os cantar baixo o dourado sol da tarde; camiña polas veigas mimosas e á beira das parreiras, i entoa daquela o seu canto aos ácios de albariño coor de ouro vello. O elemento plástico cobra ampla vixencia nas súas visións paisaxísticas. Pero tamén se interfere con frecuencia o acústico e o olfativo. Cabanillas evoca, en moitos poemas, o rumor das augas, dos ventos e dos albres, o chiar dos paxaros... E a gama de arrecendos que na paisaxe recolle, acada unha ricaz variedade: o lírico das rosas, o bravío dos fentos, o ardente dos toxos, o acedo dos pinos, o forte das acacias, o aceso das viñas, o doce dos fiunchos, o místico e mimoso dos tortos laranxeiros.

Nembargante, o seu sentimento da natureza se non conforma coa nuda física, sinón que incorpora a ese sentimento os costumes e as léndas, e a historia, e a vida que na campía teñen esceario. Os seus hinos cívicos, coma os seus alegatos agrarios, a súa poesía descritiva igoyal que a narrativa, e mesmo a sustancialmente lírica, recollen na estrofa —inda que en diversa medida— o acento paisaxístico.

O poeta evoca ao seu Cambados nativo, “probe, fidalgo e soñador”, ao Castrove poñendo os ollos alén mar, ao Umia deitán-

dose nas xunqueiras de Sisán. Na hora do solpór, os milleiráis, as vides e os pazos repousan ao sol, nas siestas barrocas de dourados ácios e abellas douradas; ás veces, a paisaxe embrúllase nunha coroa de chuva fina, "agoiña milagreira", que abre camelias roxas como lume, e camelias brancas de nacre. A traveso dos versos, latexa o pulo poético avincallado ao lugar natal: o dos piñeiros de Tragove, os magnolios de Fefiñáns, os contos mariñeiros de San Tomé do Mar.

A paisaxe escoa polas estrofas de Cabanillas, e vive nelas unha vida activa e forte. Unhas veces, a paisaxe é sonora, alada, versícroma; outras, miniada i enxoita. O xogo das diferentes estacións, na campía ou na beiramar, é solprendido en axeitados momentos polo poeta. Velahí uns versos onde nos amosa unha visión da hora outhoniza:

Sol de outono no mar fungue o lume;
alá, lonxe, chirra un carro no camiño;
canta a ágoa no rodicio do muíño;
e arrecende dos fiunchos o cheirume".

E sempre, os seres i elementos que poboan a paisaxe enchen nos poemas a súa función protagonizadora: as augas barbullantes, nos cadoiros, nos rianchos, nas fontelas; os ventos, que acarriñan os millos verdecentes e o ouro dos centeos; a voz dos paxaros, chouchío nos pardales, trino nas cotovías, laio nas rulas...

A carón da elemental sensación da terra, direita ou metafóricamente espresada, háchase a emoción que esa terra ten pra a persoal intimidade do poeta. Na súa lira pulsa cordas fermosamente cooreadas, e delas saen finas estancias líricas ou acesos cantos cívicos, nos que Galicia mantén inabalabre a súa presenza. O poeta sente a felicidade de ser galego, e dende a paisaxe, na que soña desperto, benzoa á terra do seu orixe:

"Como as ondas do mar lonxe das praias,
voan a ir e vir, meus pensamentos,
nesta hora tranquía
na que soño desperto,
e, sentindo a ledicia
de ser nado galego,
diante deste milagre
do ceo, a terra, o traballo e o xenio
esta pregaría rube
do corazón aos beizos:
¡Bendita seia a Terra onde Dios puxo
o seu divino sello...!

Cabanillas sente cernemente a terra, e a dór que a fire. Canta o que se ara e se soña en Galicia, dende o torrón labrego deica a torre máis outa e frorida. Unha visión e unha paixón de Gali-

cia e da súa historia, interpoñéndose entre a pálpebra do poeta e a terra que canta.

Na liña do movemento orientado polo grupo "Nós", figuran tamén López Abente e Victoriano Taibo. O primeiro pinta a paisaxe da costa brava galega. Nos seus poemas hai un rouco acento pondalián, unha forza seria e un pouco tristenta, anque seréa. Ten fermosas visións, de certo xeito descritivo, da costa de Muxía onde vive; visións do mar bretemoso, cheas do seu ulido salobre.

Taibo mira a paisaxe, facendo nacer rosas novas na roseira da vella inspiración popular: cantigas, pequenos poemas nos que o sentimento intensamente poético da raza, enféitase de sinxelas galanías, de lirismo enxebre.

Inda que desvencellado da ideoloxía que anima a obra cultural dos homes da Xeneración Nós, Noriega Varela participa dela en certa maneira. E varios dos seus poemas aparecen inxeridos nas publicacións por aquéles editadas. Noriega é un virxilián verdadeiro; un virxilián que, a pesares da súa aparente rusticidade, lé a Virxilio en latín. Namorado das cousas homildes, das cousas pequenas da paisaxe, sabe ollar nelas a grandeza que teñen; sabe que "pra alcanzar a lúa - nin xiquera é preciso ser xigante". E canta a Galicia, sinxela e nobremente.

De primeiras, anda a faguer poesía descritiva, pra amosar diferentes aspectos da paisaxe, das festas, do vivir campesiño; ridiculiza os esotismos, e fai a defensa das tradicións, na fala, nos costumes, no arte, nos modales.

O poeta de Mondoñedo deixa logo o descritivismo, pra se faguer lírico puro; lírico enxebre de esquisito sentimento. Pouco a pouco vai inda limpando a súa expresión de inúteis adobíos. A súa grande arela é facer poemas sinxelos e breves, que rendan a emoción pura.

A divisa de Galicia, asegún el, non é o fouciño céltigo dos druídas, sinón unha cruz sinxeliña. Porque a Galicia que soña é, o mesmo que el, "dun natural piedoso, que inda pisar un verme lle repuna". E asín, o senso da súa poesía é o senso da homildade, da inxenuidade leda, do franciscanismo. Canta a "homildade sinxela das cousas, a inxenuidade dos seres imbeles e pobresiños".

Noriega Varela enmarca a súa obra no cume labrego e montesío. A montaña que olla de neno vai proxectando na fontenla crara da súa poesía, a sombra dos cruceiros dos camiños, dos toxales, das xesteiras en frol, das bidueiras cobertas de neve. A paisaxe norieguesa é, pois, a paisaxe encumiada, ermosa e labrega; a paisaxe montañesa, chea de vida, toda sensos, rechouchiante de niños e de seivas novas. O poeta cántaa con amor franciscán. Faise poeta das froles do toxo e das xestas; lírico da uz e da abidueira, da frora e a fauna de aquela paisaxe que tan fundamentalmente sinte.

Xa fica dito como se vai producindo a liña evolutiva, seguida polo movemento de restauración cultural galega, en orde ao cultivo da língoa. Primeiro, na hora romántica, prestixiase como instrumento de creación lírica. Máis tarde, no tempo das "Irmandades", a fala emprégase como meio de comunicación cultural e social. Pero é na obra da que vimos chamando Xeneración *Nós*, onde o idioma acreta a súa valencia como vehículo de expresión e de creación en todos os eidos da cultura.

A renacencia do século pasado, fai moito, nefeito, polo rehabilitamento do galego; especialmente, algúns escritores de relativamente pouco valor literario, pero que son sabios i eruditos, como, por exemplo, López Ferreiro. Máis aquela renacencia amósase pouco destemida. Os escritores raramente se estremen a saíren do puramente lírico ou humorístico; e pra isto abóndalles coa língua limitada dos paisanos, chea, ademáis, de castelanismos. Ademáis, tampouco conocen outra. A publicación de documentos da Edade Meia na "Galicia Diplomática" de Bernardo Barreiro, nos testos de López Ferreiro e de Martínez Salazar, emprincipian tarde e fanse moi pouco a pouco. Os "Cancioneiros galaico-portugueses" apenas son conocidos, fora do inxerido por De la Iglesia en "El Idioma Gallego". A "Crónica Troiáa" non aparece ata 1900; a tradución galega do "Calixtino", ata 1918; e así co demáis.

En troques, os intelectuáis da Xeneración *Nós*, que comezan a escribir despois da publicación deses moimentos, poden dispoñer dun léxico moito máis ricaz que o dos seus mestres do século dazanove. Pra todos os conceptos pra os que ístes recurren ás verbas castelás, teñen aquéles unha ou máis verbas galegas. Tamén lles compren; porque si os escritores do dazanove non empregan o galego máis que en restritos eidos literarios, os homes de "Nós" utilizan, asemade, pra o ensaio filosófico, histórico, económico, e mesmo científico. Precisan, por eso, dun caudal léxico moito meirande do que eles necesitaban.

Os escritores da xeneración de que falamos, van arrequecendo, pois, a língoa; capacitándoa como meio espresivo ou creador en todos os campos da cultura. Incorporanlle voces novas, tiradas do estudo atento e concienzudo dos vellos documentos; súmanlle palabras vivas, empregadas polo pobo en aldeas recuadas, ou nunha bisbarra concreta, ou samente polos derradeiros vellos dun lugar.

Con todo isto, e cun millor coñecemento das súas leis— da fonética, da gramática, da semántica e lexicografía, da construción da frase—, fan que o galego vaia evolucionando e millorando. Doutra beira, sabido é que o galego posee grande riqueza fonética, con moita facilidade pra a formación de palabras novas, moi abundosa de metáforas tradicionais. Por mor deso, resulta

unha fala culta, inda nos beizos das clases populares. E atal ricaz reserva ven a se proxectar, paseniñamente, na obra literaria e cultural, con toda a vitalidade nela pechada.

Os persoeiros do movemento que se inicia co grupo "Nós" e se continúa co "Seminario de Estudos Galegos", non só prestixian a língoa mediante o seu habitual emprego na obra de cultura, sinón que difunden as razóns históricas e vitáis que xustifican a súa actitude.

Vicente Risco é, sin dúbida, o que máis insiste no estudo dos antecedentes da nosa persoalidade idiomática. Referíndose aos seus orixes, sostén que o latín clásico, a fala culta da Roma imperial, pouca influencia poden tér no galego; o influxo culto venlle do latín baixo, especialmente eclesiástico. Emporiso dí, do galego, que é "homo infimae latinitatis".

Considerando que Galicia é unha das terras máis características do románico, Risco chega a afirmar que a língoa galega e a arte románica son formas culturais que se corresponden como versións da mesma lingoaxe: o galego é o románico falado, e o románico é o galego escriturado en pedra.

Cando se pon a estudar o lapso histórico do crecemento do idioma, divídeo —inda que coa inesactitude necesaria dos esquemas— en tres partes: Un tempo "monacal", ata o século XII; un tempo "comunal", no XII e no XIII; e un tempo "feudal", no XIV e no XV.

Estima que da influencia monacal na fala, temos moito: o calendario cos nomes dos meses e das festas, a semá contada por feiras, falas, ditos e cantigas de orixe litúrxica. E mesmo supón que ista íntima estreiteira cristiá da fala e do pensamento, é precisamente a que fai que os galegos non sexan examáis intolerantes, nin fanáticos, nin dun misticismo tan ríspito coma os casteláns; sinón que profesaron sempre aquela relixiosidade asisada, que Ruskin admiraba en San Martiño de Tours.

Do tempo das loitas comunais é, en troques, o millor da lírica galega: é o tempo dos "Cancioneiros", no que se xuntan a lírica popular e a lírica cortesá. Está xa a nosa língoa formada, traballada na vida libre das cidades e vilas comunais —onde a nobreza vai perdendo as súas bárbaras aptitudes— hastra pra a expresión dos máis requintados sentimentos, mundializada por unha corrente europea constante; feita língoa de corte, de cabaleiros e de amores; "língoa de cortesía" por escelencia no Occidente da península, como se vé nos ditos do Marqués de Santillana; língoa dun pobo que vai conquerindo as súas liberdades, e cuio ritmo vital camiña apresada. Nefeito, daquela Galicia comeza a vivir unha cultura superior: a cultura comunal e cabaleiresca.

No século XIV, os reis da Casa de Trastámara entregan Galicia a unha nobreza criada por eles —os novos ricos da Baixa Edade Meia— e xurden casas podentes: Andrades, Sarmentos, Ulloas, Pimenteles, Castros, etc., que fan eiquí mangas e capiro-

tes. O feudalismo recrúa, as liberdades comunáis son asoballadas, os bes dos mosteiros usurpados, e comeza un case constante estado de guerra. Mais Galicia non por eso toma a barbarie: a língoa e a cultura consérvanse, i é daquela cando máis inza a literatura cabaleiresca francobretona; tradúcense do francés a “Crónica Troiáa”, o “Lanzarote do Lago”, a “Demanda do Santo Graal”; do latín a “Crónica de Turpín”; e, por cabo, escríbese o “Amadís de Gaula”. Con elo, a prosa galega despréndese do estilo notarial das cartas e dos testamentos, e apégase ao idealismo céltigo, do que se fai atinada expresión nos romances que aínda se conservan.

Despóis, a favor das loitas civís, xa se sabe o que pasou. O galego deixa de ser língoa oficial, e após língoa literaria. Sigue sendo, porén, a língoa empregada por todos os galegos de todas as castes, ate case mediados do século pasado. Acontez daquela un fenómeno lingüístico interesante. Como ouserva Meyer Lübge, as línguas románicas evolucionan dende a invasión xermánica, arredándose do latín e acentuando as súas peculiaridades. Mais ao chegar ao Renacemento, inician unha involución, unha regresión cara o latín clásico, que se manifesta principalmente pola introdución de “cultismos”; e, no castelán por exemplo, por unha tendencia á sintaxis latina e ao hipérbaton, cuio movemento en Castela emprincipia con Juan de Mena e chega ao cume con Góngora. Pois ben, iste movemento regresivo, que atinxe aínda un pouco ao catalán —polo mesmo tempo retrocedido no emprego oficial e literario—, non atinxe ao galego. O noso idioma céibase del, anque a custa do seu empobrecemento. De fins do século XV a mediados do XIX, os poucos escritores galegos escriben case sempre en castelán ou en latín; e o galego falado váise ruralizando cada vez máis. En troques, os portugueses levan a vella língoa dos “Cancioneiros” por todo o mundo, e a súa literatura arrequécese e desenrólase. Pero o galego, nembargante, conserva moitas formas enxebres que perdéu o portugués culto. E moitas deses formas son de novo cultulizadas polos escritores da Xeneración Nós.

Ademáis de conservar formas arcaicas por desuso literario, o galego, reducido e todo ao emprego familiar e rural, ten a virtude suprema de conservar o máis fundamental do espírito do noso pobo. No século XIX, desaparecido ata o nome de “Reino de Galicia”, a fala é o único espoñente da persoa da nosa terra.

Asietodo, a língoa da corte a da cortesía fica reducida a ser unha língoa proletaria, polo cal tamén a burguesía galega emprincipia a abandonala. Nembargante, como xa temos reiterado a traveso distas páxinas o idioma caído restaura o seu prestixio de língoa poética cando Rosalía, Pondal e Curros o fan vehículo da súa obra. O galego, no meio do ruralismo a que se ve conducido, conserva moito de cortesán; moito do seu vello ser de língoa hiperculta, que erguera o nivel moral e social do pobo que a fa-

laba. Nos poemas dos nosos grandes líricos do dazanove, compostos na fala popular, cos seus modismos, as súas formas e os seus xiros sintácticos, pódense enxergar espresións e modos que semellan o sobrevivente dunha cultura requintada e superior. O idioma antergo i esquecido— voltamos a decir— reencóntrase polo camiño da poesía. Os outros vieiros culturais váinos percorrendo despóis, como vimos de ver. Era un feito natural que somente necesitaba do pulo das castes intelectuais pra se manifestar.

Velahí como Risco acerta a deseñar o proceso do nacemento, vida, esmorecemento e restauración da nosa língoa. Tamén, fora das moitas páxinas que ten adicado a estudar outros aspectos do idioma, destaca o importante papel que íste exerce na formación do pensamento e da sicoloxía do noso pobo: “Si o pensamento áchase polo menos estreitamente condicionado pola lingoa, enfíase, escorrega polo canle que lle ofrecen as estruturas da frase e as formas sintácticas herdadas dos antergos; e aínda as asociacións de ideas adoitan viren das relacións gramaticais, semánticas, e ate algunhas vegadas fonéticas. Deiquí a importancia da fala na formación do pensamento e da sicoloxía do pobo galego”.

Pola súa parte, Castelao esalta teimudamente, en varios escritos, o significado que a língoa tivo e ten na nosa vida cultural e popular. Afirmar, unha vez e outra, que un idioma non nace pola vontade xenial dun grupo de homes. Nace pola predisposición sicolóxica dun pobo que, en condicións históricas favorábeles, crea unha cultura e a súa correspondente maneira de expresión. Porque un idioma é o corpo sensible dunha cultura, xulga que todo atentado á língoa peculiar dun pobo representa un atentado á súa cultura peculiar.

O seu pensamento, resúmeo nistas espresivas palabras: “O galego é hoxe o idioma que prefiren os intelectuais como vehículo da nosa cultura; pero aínda que carecera de tantos méritos contraguidos, abondaríalle ser a fala do pobo traballador para estar diñificado de por sí, pois o galego é unha executoria viva do traballo e unha cédula honrosa de cidadanía. Non esquezamos que si aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma”.

Tamén Cabanillas, que sinte un afervoado amor pola fala, adícalle acesas estrofas de esaltación e canto. Eis, quizaves, unha das mostras máis belas, a distes sáficos do seu “Canto a Roma”:

“En col, a xoia máis prezada: a Fala.

A fala nobre, nidia, lampexante,

solermiño vencello de cen pobos,

luz e vieiro...

A túa fala que vertéu na nosa

o celme deleitoso das entenas

do sangal, pecoreiro, campesío.
A fala dos teus agros e os teus portos
sermo vulgaris.
que nos céltigos beizos molecida
pervivirá louzana nos fogares
da miña Terra!”.

Pero o poeta espresa máis concretamente aínda, a súa opinión sobre do idioma. Así, cando escribe: “A língoa é o noso escudo. Ninguén, seia a que seia a forza asoballante en que se encoste e o poder de que dispoña, conquerrá trocar a espiritualidade dun pobo nin afogar a súa fala, que é a chave da porta da súa liberdade e o facho que alumea os seus roteiros de eternidade”.

Cabanillas, como Castelao, cultivando arreo con arte ilusionada e tremecente a nosa fermosa língoa románica, fai dela “carne e cerne do seu espírito”.

Os homes da Xeneración Nós, revitalizan, pois, a fala e danlle novo alento universo. Facéndoo así cumpren un irreprímible mandado de fidelidade á súa terra e a sí mesmos. Porque, en definitiva, como escribiu Unamuno, a língoa é o sangue do espírito; no idioma latexa fortemente unha certa maneira de concebir, e inda máis que de concebir, de sentir a vida.

PUNTO EPILOGAL

Nas páxinas que atrás deixamos, temos tencionado que trasparece o noso desexo de tragner ao alcance da man, con quenatura e con xesto, o pálpito dun proceso cultural co que Galicia emprincipia o rexurdimento da súa autóctona espíritoalidade. Nelas temos falado do mensaxe dunha obra, desenrolada a traveso de tres momentos distintos, pero en sucesiva continuidade; da problemática que esa obra guinda aos nosos apegos de arestora; e tamén dos homes, exemprares na súa tarefa teimuda e afervoada, que a persoifican.

A empresa restauradora —como fica dito— comeza na hora do despertar romántico. Un escalofrío de paixón sin canle abanea ás minorías avanzadas. Acaloramento, xesto desmesurado, disconformidade grandilocoente. Unha esconsoladora tristura fire as testas dos que ollan a Galicia amedoñada e maltreita. A rebeldía atingue tonos de berro, de laio, de door irrestañabre. Faraldo e Vicetto dirixen o movemento mozo, acugulado de nobres anceios de superación; unha mocidade que agarda, en alporizada protesta contra do mundo que a arrodea, o advimento dunha verdade enxebre que lle sirva de asideiro. Percurando esa verdade, polos camiños entrambilicados do progresismo, o romantismo e o tipismo local, os homes do “provincialismo” manteñen en outo o seu xesto de fidelidade ao país. Pero o seu ideal enne-

boeirado, apenas deixa outro ronsel que o derivado da preocupación esaltadora dos valores galegos.

O viero de reencontro coa verdadeira persoalidade de Galicia, se non deseña ate que Murguía dinamiza o movemento por el mesmo creado. Pra min, Murguía será sempre o espello craro da súa xeneración e da súa circunstancia histórica. É o home que esperta afáns e intranquilidades. A súa extraordinaria persoalidade arrasta canda si, aureolada de intocable prestixio, todo un mundo de criación e traballo; é o aguillón dunha tarefa pra os homes do seu tempo. O escritor avanta, levando no seu seguemento a toda unha minoría escolleita, maré crecedeira e pulante: a que move o tempo desvivíndose.

¿Non ficaría Rosalía inédita pra as letras galegas, si tras dela non alentara a presenza murguía? ¿E Pondal daría ao prelo os seus "Queixumes", sin o entusiasmo aguilloante do autor de "Los Precursores"?

A voz, escrita e falada, de Murguía, sona durante unha chea de anos, e dá aos galegos da súa hora días de inqueda, de preocupación, de compañía nunha palabra. O seu labor constructivo, disconforme coa realidade que encarantoña a auténtica alma do país, é sempre portador dunha esencial coalidade: a sinceridade consigo mesmo e con Galicia, a insobornábele conciencia.

O anuncio de Murguía sona e resona por todo o oco das derradeiras décadas do dazanove galego. Non é só que Murguía faga historia, onde a historia está por facer; nin que a súa prosa, de finos latexos poéticos, o singularice como escritor de esceición; non que os seus esforzos eruditos e de pescudador abran novas roitas á investigación do noso pasado. É que Murguía —no xornal, no libro, na conversa, na actividade de toda sorte— anda a crear unha conciencia galega. E así deixa ben calcado o ronsel do seu paso sobre os camiños de Galicia, e o ecoar da súa voz e do seu xesto encol dunha chea de escritores que o veneran e o siguen. Murguía fai ver moitas cousas, velas e sentilas, e del reciben o herdo ben deslindado os homes que veñen a traballar despois nos eidos da propia cultura.

Acarón dista figura que está sempre detrás de todo empeño de restauración espritoal galega, érguense as de Rosalía, Pondal e Curros, todo ao longo dese segundo tempo do proceso renacentista.

Rosalía é un froito serodio do romantismo, unha seronda madurez a peitugándolle a fala, unha sombra leve perfiándose. A súa vida é un silencio recollido baixo o balbordo romántico e sobre os breves agromos dunha poesía hipócritamente sentimental, afectadamente espida. Persoalidade illada, derradeiro renovo, e xeneroso dun estilo lonxano, definitivamente salvado esperente e surrido, ergue a voz dunha lírica universal na língoa do seu vello país. E así, o púbrico vaille nacendo, e seguirálle na-

cendo día a día, a iste falar noso co mundo, en versos de finísima poesía.

Pondal e Curros, doutra banda —cada un ao seu xeito— están presentes na liña de combate máis forte, incorporada a súa melodía ao rexurdir espritoal do país. Lonxe xa do seu intre inaugural, a varios anos do seu primeiro agromar, iste rexurdir é xa consagración definitiva do idioma galego como língoa da poesía. Unha resonancia que poboia longamente a lírica da centuria, matizándose, deixando asomar a persoalidade de novas promocións, deslumeadas pola súa música.

Despóis da acción criadora e dinamizadora de Murguía, e da voz dos grandes poetas, chega a nova etapa. Os nomes de agora ensanchan unha vez máis a tarefa restauradora, teimudamente, ao servicio da grande fortuna común do idioma.

Eu destaco con dura precisión uns cantos perfís. Todos teñen ár de poema pra quen es os secundan na laboría das leiras culturais galegas. Polo que teñen de persoal lección. En Antón Villar Ponte, a borbollóns, como unha ferida aberta, mana a paixón galega. Sinte unha Galicia íntegra e localizada, latexante, vivindo e morrendo. Fai do xornalismo afervoadada palestra pra defender todos os valores autóctonos, nun cobizoso esforzo de interpretación e de amor. Antón Lousada Diéguez anda a formar, cos seus discípulos e amigos, un estado de conciencia rigurosamente novo. Traballa arreo, na cátedra, na conversa, na acción, nunha roita ascencional i emuladora. Proselitiza, e axunta arredor da idea galeguizadora novos nomes pra enfortecer o labor primeirizo. Vicente Risco matina no pobo, na vida fonda da Historia. Olla no seu máis cerne quentor, as constantes vitáis da nosa língoa e da nosa literatura. Abálo un vento nidiamente europeo e fondamente galego a un tempo, preocupado mediante de todo polo esprito inalienábele do país. Constrúe a ideoloxía íntegralmente recobradora da cultura autóctona. Logo, son os grandes artistas, como Castelao, Otero Pedrayo e Cabanillas, e os pescudadores como Cuevillas.

Velahí a nómina dos homes preocupados pola realidade viva do esprito galego. Se non conforman co pulo inicial, i engaden novos puntos de mira, novas aportacións. O esforzo que poñen en marcha, avanta firme día a día. Adivíñase, mesmo, o nacemento dunha nova lingoaxe; e con meirande frecoencia, un novo enxergar cara o mundo darredor, que volta a estar carregado de emoción, de beleza e de mensaxe cordial.

Denantes deles, a paisaxe señora paxinas e páxinas. Pero o afán de esactitude e de prolixidade, impide a emoción. Asombra, eso sí, ollar a case precisión fotográfica das descrições. Mais nos escritores do grupo "Nós", o paisaxismo é a parte artística da súa obra. O fondo e o trasfondo son vivísima sensación, impresión diríamos. A viveza e galanía na esposición das sensacións, fan distes escritores maníficos paisaxistas. As horas, a luz, o mo-

vimento; adéntranse na paisaxe galega con plenitude de meiodía. Un soave lirismo, unha lene melanconía amécense á vez encol do encariñado enxergar.

Pero en todos eles maniféstase con precisión, unha decidida vontade de ser. A súa voz, con obra plena i escelente, está operando. Seguimos tendo viva esa raigaña, fonda, nutritiva de novos e valiosos froitos. Dos degaros e afáns deses homes esgrevios, que andiveron polos camiños de Galicia con novo andar, estámonos alimentando nós en boa parte. Legáronnos ansia de nocemente e superación, vocación de loita sabida previamente desigoal; e os homes de hoxe, ao acatar iste herdo, son a millor proba da nobreza dos seus empeños.

DISCURSO
DE
D. RICARDO CARBALLO CALERO

LIBRARY

THE UNIVERSITY OF CHICAGO

Señores Académicos:

Teño aceptado con ledicia a honrosa encomenda que me foi feita por ista Corporación, de recibir no seu nome a un novo compañeiro, infadigable traballador no eido da nosa cultura, que chega deica nós na plenitude da idade e da enerxía, cunha longa experiencia e un dilatado futuro de afervoadado esculcador do noso coleitivo ser.

Pero se en todo momento constitúe un honor representar á Academia e acoller a don Francisco Fernández del Riego, elo me non impide desempeñar coa maior naturalidade as funcións que se me asinalaron. Somos os homes que con máxima, mediocre ou mínima fortuna vimos dende fai un século nos consagrando á tarefa de auscultar os latexos do corazón de Galicia, membros dunha comunidade espritoal que se estende no tempo como unha grande familia, ao traveso das xeracións e as promocións incessantes. Non fomos sempre os mesmos en calidade e número. Tivemos épocas de fecundidade e puxanza. Tivémolas de esmorecemento i escuridade. Mais a liñaxe se non estinguíu. E o facho do noso entusiasmo, a lámpada do noso ideal foi sempre transmitida na carreira, de man a man, de promoción a promoción. Eu pertezo a aquela que foi relevada pola de Del Riego no posto de avangarda que corresponde ao alento da mocidade. Nós deixamos de ser os máis novos cando eles encetaron o seu traballo. De nós recibiron as armas, de nós recibiron os estormentos de labor que á nosa vez nós recibimos dos nosos irmáns maiores. Os homes da promoción de Del Riego son, tan próisimos en idade a nós mesmos, os nosos irmáns menores, que algo deprenderon de nós, pero que máis ben son discípulos dos nosos propios mestres. Isto dá o ton á camaradaxe, á fraternidade que nos une. E ista relación de irmán maior a irmán menor, que me avincalla ao noso novo compañeiro, éme tan familiar, tan acostumada, tan arraigañada, que me semellou estare doadamente dentro do orde natural das cousas, sere eleito polo meu vello amigo pra o recibir no sarego dista Casa.

Non sempre se lembran os comenzos dunha vella amizade. Cando se trata da que vencella a dous estudantes universitarios, soe ser imposible concretar o inicio da relación. Na leda espectacular dos craustros nos primeiros días de curso, no bruidoso café, nas alancadas pola Ferradura ao remate da mañá, imonos acos-

tumando ás caras novas, habituándonos ás novas voces, afacéndonos aos novos amigos: sin que podamos precisar cándo istes aparecen na nosa vida, na que entón non sospeitábamos que terían de desempeñar un papel. Pero ista xeral escuridade das orixes, non reza pra o meu coñecimento do que ía ser ben axiña compañeiro asiduo dos meus derradeiros anos composteláns, e agora empeza a ser o meu compañeiro de Academia. Está vívido, perfilado, crarísimo na miña lembranza o intre en que por vez primeira se establecéu unha relación antre nós. O marco do noso encontro foi o Seminario de Estudos Galegos. Recén chegado a Compostela —en 1931— alí acodiu Del Riego. Eu desempeñaba un cárrago naquíl inesquecible fogar, e, como membro da Comisión Directora, atopábame todas as tarde en Fonseca, onde o Seminario estaba instalado. Vexo a Del Riego sentado ante unha mesa, silencioso, folleando libros.

Estudante de Dereito, carreira que iniciara en Madrid, viña a Santiago a continuar na nosa Universidade a súa formación xurídica. Os seus primeiros anos escolares transcurriran na súa vila natal, Vilanova de Lourenzá, baixo o maxisterio dos bieitos, i en Monforte, baixo a disciplina dos escolapios. Dous anos máis novo que a min, o común amor á cultura galega, a frecuentación dos mesmos craustros universitarios e as misteriosas leis da simpatía fixeron de nós, os ditosos tempos que convivimos en Compostela, amigos íntimos, cunha amizade endexamáis turbada, endexamáis enfriada, non só ao longo da nosa vida escolar, senón nos anos, tan cangados de acontecementos históricos, que seguiron logo, e que deixaron profundo calco nas nosas vidas, como nas de todos os homes da nosa xeración hoxe sobrevivintes.

A vida escolar de Fernández del Riego, deica a súa licenciatura en Dereito en 1933, foi brillante. Non só polos seus éxitos nas aulas, senón polo seu influxo na sociedade universitaria. Il estivo presente decote, en lugar destacadísimo, en todas as empresas culturáis, en todas as arelas espritoáis que constituiron as realizacións ou os ensoños de aquela mocidade. Axiña foi celebrada a súa verba elocuente, aquecida polo lume da efusión xenerosa. Fixo as súas primeiras armas no periodismo, campo no que tiña de conquistar a popularidade que todos sabedes. Dirixiu a revista *Universitarios*, pronunciou conferencias e discursos que foron impresos, e chegou a ser profesor axudante da Faculdade.

Establecido en Vigo, o noso compañeiro permanece fiel á súa vocación escolar. Houbo un intre en que os seus artigos, os artigos de Salvador Lorenzana, eran apenas os únicos sobre temas galegos que se podían leer na prensa galega. Cos de *Santiago Amaral*, seudónimo de Ramón Otero Pedrayo, eles restauraron a preocupación literaria polos asuntos do país, iniciando un reurdimento que tería de callar en celmosos froitos.

Estreitamente relacioados cos traballos periodísticos do señor Fernández del Riego, están os libros que pubrica en Galicia

e América, a partir do momento indicado: *Cos ollos do noso esprito*, *Danzas populares gallegas*, *Galicia no espello*. Algúns son coleccións de artigos. Todos aspiran a unha función típicamente xornalística: a de abalar, amosar, divulgar os valores galegos, de xeito que pra ninguén podan ficar iñorados. Na forma solta, panorámica, rápida i espresiva que o periodismo require, Del Riego trata nistes libros unha variegada serie de temas da nosa cultura. Nada galego é alleo a iste incansable esculcador de Galicia. Non hai tesouro tradicioal, nin valor artístico moderno, nin idea fecunda, nin pescuda fundamental que non teña sido rexistrada con puntual atención pola sensibilidade á espreita diste escritor, en cúa obra todos aqueles bens culturáis deixaron o seu calco. A obra de Del Riego é como un sensibre aparello receptor que capta as máis delgadas vibracións do noso esprito. Por isto, e pola vocación periodística que a informa, preséntasenos con carácter enciclopédico. Se un cataclismo fixera desaparecer os escritos dos autores galegos, as obras de arte do xenio galego, a mesma terra galega, subsistindo porén os libros e os artigos de Fernández del Riego, as xeracións futuras poderían achar un compendio disa cultura afundida, nas páxinas diste noso San Isidoro.

Aínda que non é o meu propósito facer a crítica literaria da obra do noso amigo, senón honralo en nome da Academia cun saúdo gozoso no intre en que, chamado por nós, atinxe as nosas portas, hei achar tempo pra indicar que no periodismo e no ensaio —como no exercicio da conferencia, que lle valéu quentes aprausos a ambas bandas do Atlántico— se non esgota a persoalidade diste fecundo escritor. Il é tamén o autor dunha *Historia de la literatura gallega*, e o antólogo da nosa poesía moderna, recollida nos tomos III e IV da Escolma da editorial Galaxia. Il é finalmente, o home que dende a súa mocidade está no centro de toda actividade cultural que se despregue na nosa terra, traballando anónimamente, pródigo do seu tempo e das súas forzas, en todos os aspeitos do noso desenrolo espritoal; representante en Galicia do Centro Galego de Buenos Aires, corresponsal de revistas galaicoamericanas, colaborador desinteresado e ausiliador xeneroso de toda tarefa galega. Así, cando a mencioada institución dos nosos paisanos trasatlánticos acordóu editar a obra completa de Cabanillas, foi tamén Del Riego o encarregado da penosa labor de recoller e orgalzar os materiáis espaxados, ficando diste xeito vincado o seu nome ao de aquela enxebre groira da nosa poesía.

Angueiras tan variadas, ás que temos de engadir os seus traballos técnicos sobre as nosas industrias pesqueiras, e a súa actividade profesional como abogado, refréxanse na elasticidade de estilo do escritor, que pendula dende a severidade didáctica á pompa ornamental da linguaxe oratoria. O novo académico, co-

mo escritor, tende con frecuencia á locución ampla, broslada de imaxes arracimadas, de alta tesitura, de vocabulario escolleito e morfoloxía rigurosamente enxebre. É, suxeito a cánones máis precisos, encadrado en marcos máis ríxidos, o estilo de Otero Pedrayo, do que neste aspecto é Del Riego o máis notorio discípulo. A forma incomparabre de espresión do escritor ourensán exercéu unha influencia sorprendentemente débil na evolución da prosa galega. É tan persoal que se non presta nin á asimilación orixinal nin á imitación mecánica. Prosa de extrema liberdade, pode, endebén, se declarar nunha fórmula. O máis sostido aproveitamento dela, inda que modificada fondamente no seu íntimo senso polo temperamento do que a aprica, áchase sin dúbida na prosa galega, abundante, arrogante, vendimal, de Fernández del Riego.

En compensación, gusta o novo académico, especialmente nos seus artigos en castelán, evocadores de figuras galegas, de se afastar dese mundo de opulencia barroca pra facer exercicios espritoáis de ascética estilística baixo a dirección de Azorín. A técnica sintáctica do único supervivente do 98, a súa asepsia imaxinativa, a súa cadencia de estormento de música de cámara, serven a Del Riego como ximnasia sedante que afrouxa as súas cordas vocáis e relaxa a tenzón da súa gorxa, fadigada ás veces polo tono maior, sobexamente agudo, ou grave, do seu lirismo romántico.

Ista é, provisionalmente trazada con leves rasgos voandeiros, a personalidade literaria do noso novo compañeiro. A súa persoalidade total escede con moito estes límites. Non é agora a ocasión de definila en toda a súa xenerosa actitude human. Abonde suliñar que Del Riego carez de toda vaidade, de todo arrualllo, sendo neste aspecto, raro exemprar no mundo da literatura, onde soe reinar, como vemos a cada intre, un infantil orgullo, unha inocente egolatría, un espírito de ciuosa presunción que adequiriron sin dúbida por contaxio os sacerdotes de Apolo no seu íntimo trato coas Musas, afinal mulleres. Don Francisco Fernández del Riego, meu vello amigo, está fremosamente ceibe diste venial pecado. Decote prestóu á obra dos outros máis atención que á súa propia, como que fixo da súa propia obra un constante comentario da obra dos demáis.

Iste carácter amosa o discurso que lle temos ouvido leer, e no que, sempre atento ao balbordo da vida galega, traza un amplo cadro da evolución do pensamento galego, dende a renacencia deica hoxe.

Na revista dos nomes que puntúan o desenrolo da nosa conciencia, Fernández del Riego ten atopado o do seu antecesor na cadeira académica, de quen fixera xa, no comezo do seu estudo, a loubanza protocolaria, pero merecida. I eu considero —e connigo moitos o considerarán— un xusticiero acto do destino, o feito de

que don Florentino López Cuevillas fora sucedido por don Francisco Fernández del Riego. Pois era lóxico que un home como o noso grande e chorado amigo, o fundador da prehistoria galega, tan ardentemente galego, tan fielmente namorado da nosa fala, tal cordialmente humán, tivera como sucesor a unha figura que se destaca precisamente por isas mesmas calidades. Doutra banda, os homes da nosa xeración tivemos por mestres aos homes da xeración *Nós*, á que Cuevillas pertecía. A obra de Del Riego, como a dos seus compañeiros de idade, non houbera sido posibre sin a obra de Cuevillas, de Risco, de Otero. A liña sucesoria Cuevillas-Del Riego ten, pois, un trazado natural, i é símbolo da continuidade da nosa cultura, cuio desenrolo —tal é xa a obra realizada —fica asegurado no futuro.

No discurso que vimos de ouvir, temos presenciado o decorrer dun anaco da nosa historia. Galicia vive dende mediados do século XIX unha vida espritoal que pugna conmovidamente por se afirmare. Ista conciencia está representada por unha minoría de homes cuios nomes teñen desfiado nas páxinas do discurso do novo compañeiro, o nome do cal é tamén un dos que haberá que engadir á enumeración. Inútil será pretender consecuencia estreita nas doutrinas e nas accións dos precursores. Un acusado individualismo, unha evidente resistencia á orgaización institucional, que estabiliza —pero despersoaliza— as ideas, son características do movemento de recobración de Galicia. Só serodiamente van callando centros de traballo, como a nosa Academia, ¡pero qué movimentada foi a historia da súa constitución! Outras entidades prometedoras ostentan un brillo efímero, xurden con aparente louzanía e márchanse ben cedo.

Temos cicáis nos derradeiros tempos aprendido a vivir xuntos, sabiduría na que —reacción contra o meio estrano, indiferente ou hostile— tíñannos precedido os nosos irmáns de alén mar. A Asociación Iniciadora e Proteitora da Academia Galega precede, naturalmente, á Academia Galega. Mais por moito tempo, na crónica do noso rexurdimento interesan máis os homes que as institucións. Antolín Faraldo, o grande precursor, figura enormemente suxestiva, non ben estudada, con toda a enigmática prestancia de aqueles románticos, un pouco byronianos, que, como Fausto, traducían logos por acción. Herói fadigado, que se arabiza estranamente no seu voluptuoso refuxio meridional, disipando en perfumes enervantes o austero entusiasmo de 1846. O desorbitado Vicetto, que tivo alento dabondo pra erguer do chan a bandeira caída, e cuio primeiro contacto con Murguía, tan espresivamente narrado por iste, ten pra todos aqueles que vivan a historia do noso esprito o valor dramático dunha escea simbólica. ¡Qué maravilloso movemento nas táboas do noso pasado o de aquelas mozas de miriñaque, o de aqueles rapaces con chistera que entran e saen, crúzanse e afástanse, fálanse con tenrura ou cambean irónicas réplicas antre 1850 e 1860! O amor humán, a

groria literaria, a esaltación patriótica cruzan os seus lumes ardentés sobre un apagado fondo provincian de amarelo daguerrotipo. Faíscas de xenio abrollan de aquelas testas xuvenís que se destacan sofrintes antre sombras mezquinas, antre penurias orgullosamente aturadas, antre doenzas devastadoras e míseros sarcasmos do destino rancoroso que se reía deles como un negro Quevedo que non conseguía profanar a beleza murcha de aquelas frentes dorosa e trunfalmente enfebrecidas. Rosalía é a rosa de cen follas doridas ao redor da cal se acugulan os ollos fixos, as cabeleiras atreboadas, os ademáns rendidos ou arrogantes dun Aguirre, dun Murguía, dun Pondal. Rosalía moza no Liceo de San Agostiño, antre as solemnes cortesías do lanzal Eduardo, do cativoiro Aurelio, de Rodríguez Seoane, de Vicenti... Duros invernos madrileños do mozo Murguía, que arregaña feramente os dentes defendéndose a mordiscos do frío, da penuria, da desgracia. ¡Cántos persoaxes en percura de autor! ¡Cántas fremosas comedias, dunha gracia conmovedora, dun humor triste, dun lirismo agre e doce, dunha tenrura esmascarada, agardan ao dramaturgo conxenial que orgaíce os cadros que deixou espallados a vida mesma! Murguía, a máis próisima a nós de aquelas queridas pantasma, enche coa súa indomabre persoalidade todo un século, i é o derradeiro dos nosos serodios románticos. Outro estilo, xa lonxe de todo escorzo literario, é o do economista Alfredo Brañas, primeiro en artellar unha miuciosa teoría do rexionalismo. Pero Brañas morre novo, como un romántico. Temos de chegar a Antonio Villar Ponte pra atopar de novo a figura dun coudel. A fala galega é ergueita como unha custodia sobre todos os altares da terra. Villar Ponte ve caer ao seu carón, con fragor de carballos antes de tempo dados aos fíos da macheta, a dúas grandes promesas de Galicia: Porteiro e Viqueira. Pra falar só dos idos, Castelao pecha a hoste, morto de amor á terra, como Cabanillas cantóu.

Ista santa compañía ten desfiado perante os vosos ollos evocada pola palabra de Del Riego. Todos eles poderosas individualidades, ás que hai que engadir, fora do centro da dirección ideolóxica, moitas máis, cuios nomes foron tamén oportunamente pronunciados. Chega un intre en que comeza a se perfilar o contorno do traballo coleitivo. As institucións fanse máis estábeles, os grupos máis homoxéneos. Nace e subsiste a Academia Galega. Nacen e morren, pero pra fecundar novas leiras da nosa cultura, as Irmandades, Nós, o Seminario... No Seminario vímonos por primeira vez os dous oradores desta sesión académica. Era a época da presidencia de don Salvador.

Don Salvador Cabeza de León, segundo presidente do Seminario e decano da Faculdade de Dereito, membro fundador desta Academia, reuníase todas as tardes cos máis compoñentes da Comisión Direitora no local de Fonseca. Aquil benévolo petrucio, vivaz e prudente, home digno e avisado, cortés e humorista, fa-

cíase respeitar e querer. Foi o vencello pra nós, os mozos do Seminario, co mundo dos Precursores. Pequeno de talla, como tantos dístes, aceso de rosto, con cabelos e bigodes de neve, capitaneaba con xeito aquil grupo de mozos, antre os que destacaba outro amigo querido, Sebastián González García, o segredario xeral, hoxe lonxe da terra, en Porto Rico, en cuia universidade exerce o maxisterio que houbéramos querido verlle exercer en Compostela. Outros tres irmáns maiores da miña xeración, membros da primeira promoción do Seminario, e a quenes inda coñecín estudante á miña chegada a Compostela, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Martínez López e Lois Tobío Fernández, abandonaran xa as aulas escolares e deixáranos a nós, que tanto deles aprendimos, a misión de lles suceder nas tarefas do Seminario.

Sería un gozoso e saudoso lembrar a enumeración de outras figuras entranabres de profesores i estudantes de entón, hoxe en grande parte colegas nista Academia, que no Seminario traballaban. Con mágoa infinda houben de ma arrincar eu de aquil quente fogar cando rematados os meus estudos de Dereito, tiven que deixar Compostela. Alí ficóu aínda Fernández del Riego, e il coñecéu os derradeiros anos de vida do Seminario. Os que chegáramos a ser camaradas cordialísimos, fomos separados pola vida, pródiga pra nós, como pra todos os homes da nosa xeración, en dramáticos acontecementos. Mais os vencellos da antiga amizade non foron rotos nunca. Hoxe, cando pesan sobre as nosas costas duros anos de vida, que axiña sumarán o meio século, cómpreme recibir na Academia a aquil vello amigo que un día coñecín no Seminario. Entón éramos mozos: hoxe non o somos. Daquela traballábamos afervoadamente por Galicia: arestora tamén. Na Academia como no Seminario: ben vido.

...

...

...

...

ESTE DISCURSO DE INGRESO
DE
DON FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
NA REAL ACADEMIA GALLEGA,
E O DE RESPOSTA
DE
DON RICARDO CARBALLO CALERO,
IMPRIMÍRONSE NOS TALLERES DE
"ARTES GRÁFICAS GALICIA, S. A.",
RUA BURGOS, 96, INTERIOR, DE VIGO,
O DÍA 15 DE MARZO DO 1973,
MERCÉ Á XENEROSA AXUDA
DE
DON ÁLVARO GIL VARELA,
MEMBRO DE HONRA DA CORPORACIÓN.

THE HISTORY OF THE

1785


THE HISTORY OF THE
THE HISTORY OF THE
THE HISTORY OF THE

1785

THE HISTORY OF THE
THE HISTORY OF THE
THE HISTORY OF THE
THE HISTORY OF THE
THE HISTORY OF THE
THE HISTORY OF THE

1785

THE HISTORY OF THE
THE HISTORY OF THE
THE HISTORY OF THE



REAL

G

A

3

Bib

AG
ALE
COR

6

lio